PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

ARES

DOCUMENTO REFUNDIDO DO PGOM DE ARES
CONFORME Á ORDE DE APROBACIÓN DEFINITIVA
DA CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DO 05/02/2020

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CONCELLO DE ARES · SECRETARIA · A CORUÑA

DOCUMENTO III :

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PROMOTOR:

CONCELLO DE ARES

EQUIPO REDACTOR:

CEINSA
CERNE INGENIERIA, S.A.

AVDA DEL EJÉRCITO 12-14, 4º
15006 A CORUÑA
Telfs.: 981 24 43 00 Fax: 981 24 48 99
e-mail: planeamiento@cerneingenieria.es

XULLO 2020

DOCUMENTO III

MEMORIA XUSTIFICATIVA

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

ÍNDICE:

DOCUMENTO III. MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. - ANÁLISE DO PLANEAMENTO EXISTENTE

2. - ANÁLISE DO PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES

3. - ARES NAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

3.1. - Memoria
3.2. - Determinacións

4. - ADAPTACIÓN AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

4.1. - Protección costeira
4.2. - Áreas de mellora ambiental e paisaxística
4.3. - Corredores
4.4. - Núcleos de identidade do litoral
4.5. - Delimitación e regulación da area de recualificación
4.6. - Graos de compatibilidade
4.7. - Determinacións concretas nos ámbitos de planeamento
4.8. - Senda dos faros
4.9. - Reservas de aparcamento ao servizo das praias

5.- CRITERIOS PARA A REDACCIÓN DO PXOM

6.- CLASIFICACIÓN DO SOLO

6.1.- Consideracións xerais
6.2.- O Solo Urbano
6.2.1.- Solo Urbano do núcleo de Ares
6.2.1.1.- Solo Urbano Consolidado
6.2.1.2.- Solo Urbano Non Consolidado
6.2.1.3.- Xustificación de reservas dotacionais locais no S.U.N.C.
6.2.1.4.- Xustificación de que a edificabilidade media do distriro cumpre coa Lei 2/16
6.2.1.5.- Aparcadoiros públicos
6.2.1.6.- Xustificacións relativas a “Ley 22/1.988 de 28 de julio de Costas”
6.2.1.7.- Xustificacións relativas á Lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia
6.2.1.8.- Os elementos catalogados no solo urbano de Ares
6.2.2.- Solo Urbano do núcleo de Redes
6.2.2.1.- Solo Urbano Consolidado+

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.2.2.2.- Aparcadoiros públicos
6.2.2.3.- Xustificacións relativas a “Ley 22/1.988 de 28 de julio de Costas”
6.2.2.4.- Os elementos catalogados no solo urbano de Redes
6.2.3.- Solo urbano da Finca O Pombal
6.3.- O Solo Urbanizable
6.3.1.- SUB-R
6.3.2.- SUB-I
6.3.3. Xustificación do cumprimento do artigo 30 da lei 22/1988 de Costas
6.4.- O Solo de Núcleo Rural
6.4.1.- Delimitación dos núcleos rurais
6.4.2.- Os elementos catalogados no solo de núcleo rural
6.4.3.- Relación dos núcleos rurais
6.5.- O Solo Rústico
6.5.1.- Solo Rústico de Protección Ordinaria
6.5.2.- Solo Rústico Especialmente Protexido
6.5.2.1. Solo Rústico de Protección de Infraestruturas
6.5.2.1.1. Rede Viaria
6.5.2.1.2. Enerxía Eléctrica
6.5.2.1.3. Abastecemento
6.5.2.1.4. Saneamento
6.5.2.1.5. Redes de Telecomunicacións e instalacións radioeléctricas
6.5.2.1.6. Gasoduto
6.5.2.1.7. Ferrocarril
6.5.2.1.8. Servidumes aeronáuticas
6.5.2.2. Solo Rústico de Protección de Augas
6.5.2.3. Solo Rústico de Protección de Costas
6.5.2.4. Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais
6.5.2.5. Solo Rústico de Protección de Patrimonio
6.6.- Resume das clasificacións do solo
6.6.1.- Superposición das categorías de Solo Rústico

7.- EQUIPAMENTOS, ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

7.1.-Zonas Verdes e Equipamentos existentes tras a ordenación do solo
7.1.1. Equipamentos
7.1.2. Zonas verdes e espazos libres
7.2.-Cumprimento das reservas dotacionais
7.2.1. A capacidade máxima residencial
7.2.1.1. Capacidade máxima residencial do solo urbano
7.2.1.1.1. Solo urbano consolidado de Ares
7.2.1.1.2. Solo urbano non consolidado de Ares

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

7.2.1.1.3. Solo urbano consolidado de Redes
7.2.1.1.4. Solo urbano da Finca O Pombal
7.2.1.1.5. Solo urbano procedente do desenvolvemento de polígonos do PXOM de 1999
7.2.1.2. Capacidade máxima residencial do solo urbanizable
7.2.1.3. Capacidade máxima residencial do solo de núcleo rural
7.2.2.- Traducción da capacidade máxima residencial no posible número de vivendas e habitantes
7.2.3.- Comparativa entre as dotacións existentes e necesarias
7.2.4.- Medidas para corrixir as carencias de zonas verdes e de equipamentos necesarios

8.- SISTEMAS XERAIS

8.1.- O sistema xeral de zona verde do Castro de Lubre
8.2.- Os sistemas xerais de zona verde no entorno de A Xunqueira
8.3.- Os sistemas xerais na zona da Cidade deportiva de Pedrós
8.4.- Os sistema xerais de zona verde e viario de Chanteiro
8.5.- Os sistemas xerais de zona verde do Castro de Ares
8.6.- Os sistemas xerais de zona verde e viario no entorno das praias de Seselle e O Raso
8.7.- Os sistemas xerais de zona verde e viario da batería de Redes
8.8.- O sistema xeral de zona verde de Redes
8.9.- O sistema xeral de zona verde Punta da Pena
8.10.- Outros sistemas xerais de equipamento
8.11.- Outros sistemas xerais viarios
8.12.- Os sistemas xerais portuarios

9.- ESTUDO DA PAISAXE URBANA

10.- XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS RESERVAS DE VIVENDA SUXEITA A RÉXIMES DE PROTECCIÓN OFICIAL

11.- XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA ADECUACIÓN DO PLAN Á NORMATIVA DE HABITABILIDADE: NORMAS DE HABITABILIDADE DE VIVENDAS EN GALICIA (NHG)

ANEXO I
FICHAS DE CONSOLIDACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS

ANEXO II
ANÁLISE DA MOBILIDADE

ANEXO III
EQUIPO REDACTOR

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

1.- ANÁLISE DO PLANEAMENTO EXISTENTE

O Planeamento en vigor a día de hoxe no Concello de Ares son as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 4 de decembro de 1.978. Dita aprobación publícase no BOP do 23 de marzo de 1.979 coas modificacións e excepcións introducidas no acordo de aprobación definitiva.

Ademais das modificacións puntuais posteriores:

• Modificación Puntual para redución do ancho da Rúa Fomento. Aprobación definitiva o 4 de Marzo de 1.980.

• Modificación Puntual relativa á ordenanza SAU/N de solo urbanizable. Aprobación definitiva o 25 de Xaneiro de 1.995.

• Aprobación de criterio xeral para o núcleo de Redes. Aprobación definitiva o 7 de Xullo de 2.011. Publicación no DOG o 27 de Xullo de 2.011.

• Modificación Puntual relativa á ampliación das instalacións do CPI Conde de Fenosa.
Aprobación definitiva o 14 de Setembro do 2.011. Publicación no BOP o 10 de Outubro de 2.011. Publicación no DOG o 29 de Setembro de 2.011.

• Modificación Puntual Nº 1 da normativa urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares. Aprobación definitiva o 13 de Decembro de 2.012. Publicación no DOG o 4 de Xaneiro de 2.013.

• Modificación puntual Nº 2 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Ares para a súa adecuación ao proxecto do Ministerio de Medio Ambiente - Dirección Xeral de Costas para unha actuación integral na fachada marítima de Redes. Aprobación definitiva o 24 de Xaneiro de 2.011. Publicación no DOG o 7 de Febreiro de 2.012.

• Modificación puntual Nº 3 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Ares para modificación de viario previsto no núcleo de Redes. Aprobación provisional o 26 de Abril de 2.011.

• Modificación puntual Nº 4 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Ares para axuste de aliñacións na Avenida do Mazote e o seu contorno. Aprobación definitiva o 24 de Xaneiro de 2.011. Publicación no DOG o 7 de Febreiro de 2.012.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

• Modificación puntual Nº 5 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Ares para delimitación do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións en Pedrós. Aprobación definitiva o 24 de Xaneiro de 2.011. Publicación no DOG o 7 de Febreiro de 2.012.

• Modificación puntual Nº 6 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Ares para a súa adecuación ao proxecto do Ministerio de Medio Ambiente - Dirección Xeral de Costas para a recuperación do bordo litoral da praia de Chanteiro. Aprobación definitiva o 24 de Xaneiro de 2.011. Publicación no DOG o 7 de Febreiro de 2.012.

As Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares se redactaron en 1.978, sendo de aplicación a Lei do Solo de 1.975, de 2 de maio, e establecen as seguintes clasificacións de solo:

- Solo Urbano.
- Solo Apto para Urbanizar Normal.
- Solo Apto para Urbanizar de Núcleos Rurais.
- Solo Non Urbanizable.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

SOLO URBANO:

Comprendía os núcleos urbanos de Ares e Redes, dúas zonas coa mesma normativa.

SOLO APTO PARA URBANIZAR:

Ocupaba as áreas que pola súa dinámica e previsións de futuro ían a obter un maior crecemento. O S.A.U. comprendía tamén aquelas entidades distintas do casco urbano e relevantes xa sexa por vinculación a unha vía importante o por propia capacidade e aptitude territorial. En calquera caso haberían de dispor das infraestruturas urbanas mínimas.

A continuación móstrase unha imaxe coa ordenación das NNSS de 1.978 do conxunto do municipio:



2.- ANÁLISE DO PLANEAMENTO DOS CONCELLOS LIMÍTROFES

O municipio de Ares linda con dous municipios: Mugardos e Fene, que acadan diferentes niveis no que o seu planeamento urbanístico se refire aínda que ningún dos dous municipios, como sucede con Ares, dispoñen de planeamento adaptado as diferentes leis vixentes (estatais e autonómicas) en materia de urbanismo:

- O Municipio de Mugardos dispón dun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data de 19 de outubro de 1.999 e publicado no BOP da provincia número 289 en data de 12 de decembro de 1.999.

- O Municipio de Fene dispón dun Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en data de 23 de xaneiro de 2.003 e publicado no BOP da provincia número 48 en data de 27 de febreiro de 2.003.

Tras a análise destes planeamentos colindantes, comprobouse que a maior parte das zonas de contacto (excepto os núcleos de Seselle, Alto de Simou e O Pallizo) correspóndense con áreas de solo rústico, e que foron tidas en conta para determinar estas áreas no concello de Ares, dándolles continuidade cando así se estimou oportuno. Na delimitación dos núcleos limítrofes os equipos redactores dos PXOMs de Ares e Mugardos traballan coordinadamente para garantir a súa coherencia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

De seguido amósase unha imaxe cos distintos planeamentos limítrofes superpostos:


N.S.P. VIGENTES NO CONCELLO DE ARES [04.12.1978]
LIMITE DE MUNICIPIO
S. U. SUELO URBANO
S.AU/N. SUELO APTO PARA URBANIZAR NORMAL
S.AU/NR. SUELO APTO PARA URBANIZAR DE NUCLEOS RURALES
S.N.U. SUELO NO URBANIZABLE
P.X.O.M. DO CONCELLO DE FENE [23.01.2003]
DELIMITACIONES
SIMBOLOGIA
SISTEMAS GENERALES
CLASIFICACIÓN DEL SUELO
P.X.O.M. DO CONCELLO DE MUGAROS [19.10.1999]
SUELO URBANO
SUELO URBANIZABLE
SUELO RUSTICO COMUN
SUELO RUSTICO APTO PARA URBANIZAR
SUELO RUSTICO DE PROTECCIÓN DE COSTAS Y PLAYAS
SUELO RUSTICO DE PROTECCIÓN DEL PAISAJE
SUELO RUSTICO DE PROTECCIÓN AGRICOLA
SUELO DE NUCLEO RURAL
SUELO DE SISTEMA GENERAL PORTUARIO
SUELO DOTACIONAL DE EQUIPAMIENTO
PLAN ESPECIAL DE MEJORA DE NUCLEO RURAL
AREA DE PROTECCION DE BIENES PATRIMONIALES
PASEO MARITIMO
SEESELL DE ARRIBA
SESELL
Pinares
Penagos
Loureiro
Mayabre
Cabalo
Cambarro
Vigo
Cumbre
Monte Mare
Pedregada
Mugaros
Lubre
Castro
Agro del Castro
Esmelo
Lourido
Lopa
Cerdeiras
Sta. Eulalia
Cruz de la Cruz
Cruz de la Cruz
Cruz de la Cruz

3.- ARES NAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011 de 10 de febreiro, teñen como finalidade básica definir un Modelo Territorial para Galicia que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial de Galicia.

O Modelo Territorial de Galicia toma como referencias fundamentais as establecidas na política territorial da Unión Europea e na Lei de Ordenación do Territorio de Galicia e pódense sintetizar nos seguintes puntos;

- O desenvolvemento económico equilibrado e sostible, para que Galicia se aproxime aos niveis de renda e de riqueza das rexións mais desenvolvidas
- A cohesión social e a mellora de vida da poboación, de xeito que todas as persoas dispoñan dun nivel axeitado de servizos e oportunidades.
- A utilización racional do territorio e a sustentabilidade ambiental, mediante a xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio ambiente.

No marco da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, as DOT son o instrumento que ofrece a visión global da ordenación territorial de Galicia servindo como referencia do resto das figuras de planificación e para as actuacións que desenvolvan tanto as Administracións coma os particulares.

As Directrices achegan criterios e normas para os plans urbanísticos municipais e para os plans territoriais de escala supramunicipal, de forma que as súas propostas sexan coherentes cos obxectivos xerais. Estas DOT recóllense en dous documentos. En primeiro lugar, unha Memoria na que se establecen as estratexias a seguir e o modelo territorial que se desexa. Por outra parte, as Determinacións que concretan tecnicamente a súa aplicación para conseguir unha Galicia más cohesionada socialmente, equilibrada territorialmente, dinámica economicamente e sostible.

3.1 - MEMORIA

As DOT establecen un modelo territorial cuxa estrutura básica se define a partires dun sistema xerarquizado de asentamentos, articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, no contexto do medio natural e do patrimonio cultural, que hai que protexer e xestionar.

Este sistema de asentamentos está configurado por:

a. O sistema de grandes cidades: constituído por dúas grandes rexións urbanas: a de Vigo- Pontevedra e A Coruña- Ferrol e polas Áreas Urbanas de A Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol. A estas Áreas correspóndelles lidera-lo sistema urbano da Comunidade e a súa función básica é garantir unha adecuada cobertura dos servizos urbanos e organizar e apoiar os procesos de cambio

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

SISTEMA URBANO. DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

De xeito superposto á comarca de Ferrol, Ares forma parte da rexión urbana da **Metrópole Ártabra**, encabezada polas cidades de A Coruña e Ferrol. As dúas cidades, xunto coa súa contorna metropolitana, acollían ao comezo do ano 2.008 unha poboación de 583.000 habitantes. Ares pertence á extensa rede de **núcleos intermedios** entre ambas cidades da metrópole con Mugardos, Pontedeume, Miño, Betanzos, Oleiros, Culleredo, Cambre, Sada, etc.

Como xa se sinalou, Ares pertence á rede de núcleos intermedios entre A Coruña e Ferrol. Segundo as DOTs, o futuro crecemento do ámbito metropolitano debe producirse sobre estes núcleos, en desenvolvementos integrados física e funcionalmente aos centros urbanos existentes que reforcen a centralidade e compacidade destes, os configuren como espazos de servizos locais, limiten os procesos de urbanización difusa e xeren unha estructura urbana máis eficaz e sostible. Son estes núcleos, de escala abordable e localización estratéxica, un lugar atractivo para o desenvolvemento residencial nun espazo clave para lograr unha verdadeira integración do ámbito metropolitano. De feito, con respecto á cidade de Ferrol, detéctanse procesos de crecemento nalgúns dos núcleos da súa contorna -Valdoviño, Narón e Ares-, o que apunta a un incipiente proceso de metropolitanización.

En relación ao **espazo litoral**, aprobouse por parte da Xunta de Galicia o Plan de Ordenación do litoral, un plan territorial integrado, do que analizarase a súa repercusión no concello de Ares no seguinte apartado do presente documento, mostrándose a continuación as propostas para este espazo das DOT.

A especial configuración da costa galega dá lugar á aparición de ecosistemas de moi alto valor pola súa elevada biodiversidade: marimas e esteiros, cantís e areais, lagoas e dunas remontantes e outros biotopos especiais que adoitan acoller unha gran biodiversidade. A progresiva ocupación de amplas zonas do litoral, xeralmente as máis singulares desde o punto de vista da biodiversidade, fai que os escasos espazos que manteñen certo grao de integridade ambiental revistan un interese especial, dado que se trata dos últimos testemuños cunha certa naturalidade nun espazo radicalmente transformado en boa parte da súa extensión. Estes ámbitos constitúen o que denominamos Litoral Verde. Son espazos de singular valor paisaxístico ou ecolóxico que resultan imprescindibles para manter o equilibrio ambiental das nosas costas e para preservar elementos moi valiosos que contribúen decisivamente ao atractivo de Galicia. Achegan ademais un elemento decisivo para o noso litoral ao proporcionar ámbitos de enorme calidade para actividades de lecer e educación ambiental, para o compresión e o gozo da paisaxe e para revalorizar a oferta de cidades e núcleos da costa.

O litoral é un ámbito sometido a tensións e cunha densidade demográfica moi elevada. Proponse o dobre obxectivo de protección e de incorporación á estrutura territorial destes espazos verdes que dotan ao litoral dun valor engadido de gran importancia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Neste documento achéganse os seguintes criterios para o tratamento dos espazos que conforman o Litoral Verde:

• A conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, a preservación da calidade ambiental e paisaxística dos espazos incluídos no Litoral Verde, e a identificación e protección de corredores ecolóxicos que manteñan a conectividade funcional destes compoñentes e espazos; é a condición previa para manter o seu valor e as súas funcións territoriais. Evitar a súa ocupación por usos urbanísticos de calquera tipo e orientar de forma compatible coa súa conservación os procesos de planeamento urbanístico ou sectorial na súa contorna son referencias básicas na súa xestión.

• A recualificación de zonas con impactos negativos de degradación e a realización dunha xestión activa para a mellora e o mantemento dos valores naturais e visuais é a clave para a conservación duns ámbitos sometidos a unha forte presión debido á actividade humana e moi fráxiles polas súas características ecolóxicas e a súa reducida dimensión.

• Vincular as Áreas do Litoral Verde aos espazos urbanos e rurais próximos. Revalorizarase así o papel destes ámbitos de interese ambiental e fortalecerase a oferta urbana e turística dos asentamentos costeiros. Esta estratexia é fundamental para crear os incentivos necesarios para a súa adecuada conservación. A integración do urbano e o natural require as infraestruturas e equipamentos necesarios para o gozo destes espazos, a creación de conexións brandas para peóns e bicicletas entre as zonas urbanas e as naturais, o desenvolvemento de centros de interpretación nos núcleos urbanos da contorna, servizos de visitas guiadas, etc.

• Outro requisito imprescindible para lograr niveis de uso adecuados nos ámbitos de interese natural é a existencia dunha oferta suficientemente ampla como para evitar procesos de deterioración e sobreexplotación. Neste senso, este documento expón estratexias como a integración do Litoral Verde na rede de Áreas de Interpretación da natureza de Galicia, incorporando estas á oferta de espazos de lecer e de interese ambiental do territorio e diluíndo o impacto sobre as zonas, en xeral de menor tamaño e máis fráxiles, do litoral.

Especial importancia teñen as praias. Estas ocupan o 35% da costa de Galicia e son elementos fundamentais do atractivo e a calidade ambiental e paisaxística do litoral. Son espazos sometidos ademais a crecentes presións que condicionan a súa evolución.

É fundamental desenvolver unha protección integral destes espazos evitando a súa ocupación ou alteración, así como desenvolver unha estratexia que identifique as praias en función da súa capacidade de carga ecolóxica, a fin de planificar de forma mais axeitada tanto as medidas de conservación como as de uso público. Por outra parte nas praias cun carácter máis natural ou asociadas aos espazos naturais protexidos cómpre evitar o seu uso indiscriminado, evitar a aparición de accesos e aparcadoiros informais e integralas nas estratexias globais de xestión dos ámbitos de interese ecolóxico. Neste senso, non se deberán construír paseos marítimos, aparcadoiros e servizos fóra dos solos urbanos, de maneira que calquera actuación fóra deses ámbitos debe respectar os valores ambientais e adecuarse ás características naturais do litoral,

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

descorrendo por sendeiros naturais ou levarse a cabo en lugares onde o impacto paisaxístico e ambiental sexa o menor posible.

Por outra banda nas DOT, considérase que Galicia debe seguir apostando polo turismo como un dos sectores importantes da súa economía. Para logralo, proponse un modelo sostible de deseño do litoral galego. Este modelo distingue unha serie de elementos, onde destacan os Nodos principais, que son vilas con entidade suficiente para mellorar a súa posición nos grandes mercados turísticos, e a partir dos cales impulsar un maior desenvolvemento desta actividade.

Ares aparece como un núcleos con gran potencial para impulsar o desenvolvemento turístico da zona. As condicións da Ría de Ares e o valor ambiental da súa contorna configuran unha boa base para desenvolver unha estratexia turística apoiada na oferta conxunta de estación náutica e actividades en contacto coa natureza.

A fachada litoral é un espazo cuxa proxección e posta en valor é fundamental como gran reserva biolóxica e como paisaxe tradicional de excepcional relevancia, que singulariza ao espazo metropolitano e proporciónalle un dos seus sinais de identidade máis poderosos. Suxírese acondicionar para usos de lecer as zonas litorais, especialmente a contorna das praias e zonas máis accesibles así como os puntos con maior potencial visual, organizando o conxunto do espazo costeiro como un gran parque metropolitano de alta calidade ambiental que constitúa un factor de atracción do turismo ecolóxico.

Dende o PGOM proponse para Ares o desenvolvemento deste sistema litoral mediante a creación ou ampliación de zonas verdes relacionadas coa costa, sen prexuízo doutras actuacións por parte dos organismos competentes en Costas. Son exemplos disto as novas zonas verdes ao norte e na batería de Redes, as das zonas de Raso e Seselle ligadas á praia, a do porto de Ares ou a recuperación do bordo litoral de Chanteiro. Estas actuacións enlazan cos obxectivos marcados polas DOT, como son a Senda dos Faros, recollida nos planos de ordenación, e a integración do urbano e o natural, creando conexións brandas entre as zonas urbanas e as naturais.

En relación aos **núcleos de identidade do litoral (NIL)**, na costa galega existen un gran número de núcleos e puntos singulares que constitúen referentes de identidade urbana e territorial nun ámbito cuxa rápida transformación levou a unha crecente homoxeneización, debido á proliferación de desenvolvementos descontextualizados e á utilización de modelos urbanísticos e arquitectónicos miméticos e repetitivos. A consecuencia é un empobrecemento da oferta territorial do litoral da Comunidade que perdeu valores clave como a diversidade e a singularidade a conta dunha ocupación excesiva e ineficiente de amplas extensións da valiosa fronte costeira. Dende a Xunta de Galicia definiuse a Ares, e Redes dentro das DOT como nodos de identidade, acompañados na metrópole ártabra por Ferrol, Mugardos, Pontedeume, Sada, Miño, Betanzos, Santa Cruz (Oleiros) e A Coruña, elementos clave para impulsar actuacións de calidade, capaces de aproveitar plenamente o potencial e as oportunidades dun ámbito costeiro tan valioso.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Núcleos de identidade do litoral

Os Núcleos de Identidade do litoral son elementos clave desde os que se propón unha ambiciosa estratexia de revalorización dos espazos costeiros. As súas características ou factores de interese poden ser moi variados incluíndo centros históricos, fitos singulares, núcleos tradicionais, polos de actividades turísticas e terciarias, centros de servizos, pequenos portos, etc.

Os Núcleos de Identidade do litoral, entre os que se atopan as vilas de Ares e Redes, responden a asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico. Constitúen ámbitos que, considerados integradamente, permiten recuperar a variedade do litoral como un elemento enriquecedor e xerador de oportunidades. Con todo, o xurdimento desa variedade só poderá darse na medida en que cada Nodo se perciba como parte dun todo máis amplo e interconectado, de forma que se poidan potenciar as complementariedades e sinerxías necesarias para que cada un poida salientar as accións coherentes coa súa vocación sen xerar debilidades ou perder oportunidades de desenvolvemento senón, pola contra, aumentándoos na medida en que incrementen as súas fortalezas ao participar das dinámicas dos restantes núcleos.

Variedade e carácter son os conceptos fundamentais para lograr un dos principais obxectivos do Modelo Territorial para a costa galega: impulsar actuacións de calidade, capaces de aproveitar plenamente o potencial e as oportunidades dun ámbito tan valioso. As infraestruturas existentes e as especificamente propostas para o litoral, a Senda dos Faros, destinadas a dotar de coherencia as costas das rexións e Áreas urbanas e ao Sistema Urbano Intermedio do litoral, constitúen a armazón que debe facilitar interrelacións entre os diferentes Nodos, configurando unha rede urbana para a costa máis sólida, atractiva e eficaz que a actual. Esta nova

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

estrutura policéntrica debe constituír a referencia para futuros crecementos, cuxo desenvolvemento debe apoiarse nos Nodos identificados en correspondencia coa súa identidade e vocación. É moi importante facer énfase nas operacións de renovación dos espazos xa construídos, reutilizándoos e incorporando novos usos como alternativa sempre preferible á expansión das zonas urbanizadas cun aumento da ocupación da fronte costeira.

Os Núcleos de Identidade son os polos de articulación das novas vocacións para os valiosos espazos costeiros integrando o turístico e o non turístico, creando opcións de primeira e segunda residencia, acollendo iniciativas empresariais, artísticas e culturais, novas modalidades turísticas, xestión das áreas naturais do litoral e accións relacionadas co seu uso e gozo. Ademais son elementos fundamentais na articulación costa- interior actuando como pezas clave para a difusión cara a zonas menos dinámicas do territorio de procesos que tenden a concentrarse na costa pero que poden atopar importantes posibilidades de expansión nas zonas interiores.

Esta estratexia precisa, para ser posible, de accións diversas nos diferentes Núcleos, orientadas a fortalecer a súa identidade, recuperando e pondo en valor os elementos urbanos e patrimoniais que os singularizan; a mellorar a calidade e o atractivo dos espazos urbanos, integrando os portos tradicionais nun novo papel como espazos centrais da vida urbana e da nova oferta destes núcleos. Neste sentido a opción de novos usos para os portos pesqueiros debe ser sempre unha prioridade fronte á construción de novas instalacións. Trátase, en definitiva, de preparar os Núcleos de Identidade para o desenvolvemento de novas actividades e funcións no contexto dunha estratexia de reequilibrio territorial.

Os **recursos naturais** e os **espazos de interese ambiental** son un dos activos diferenciais de Galicia e unha das claves para o desenvolvemento dalgunhas áreas mais desfavorecidas. Realizan unha función moi importante no Modelo territorial. A existencia de sistemas naturais ben conservados axuda a resolver eficazmente problemas con grande incidencia territorial, tales coma a prevención de danos por inundacións, o aumento da dispoñibilidade de recursos hídricos, a conservación de solos, o mantemento de paisaxes atractivas ou o control de usos inadecuados no territorio.

Os obxectivos prioritarios e os criterios para as propostas e medidas que hai que desenvolver polos restantes instrumentos de ordenación do territorio, que se formulan das DOT en relación co medio natural pódense sintetizar en:

1. Favorecer o mantemento da integridade funcional dos sistemas naturais. Neste senso as propostas das DOT pularán por:

a. Fortalecer as funcións de conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas (espazos protexidos pola normativa ou convenios de conservación da natureza internacional, comunitaria, nacional ou galega), establecendo medidas que contribúan a garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario e das especies de flora e fauna protexidas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

b.Promover protección e valorización doutros posibles elementos, formacións ou espazos con valores de calquera tipo físico- natural (xeolóxico, morfolóxico, paleontolóxico, biolóxico, etc), identificados nalgún outro catálogo ou normativa ou mesmo que poidan ser identificados a través da elaboración dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo e presenten un valos supramunicipal ou local, de maneira complementaria ás áreas protexidas, e dende a perspectiva de achega de recursos de valor ao desenvolvemento sostible das áreas rurais.

2. Facilitar a conectividade ecolóxica entre as distintas áreas protexidas, así como dentro destas, e entre os restantes posibles espazos de interese favorecendo a funcionalidade dunha rede de corredores ecolóxicos e adaptando con este fin as infraestruturas e estruturas que supoñen un efecto barreira.

3. A restauración dos espazos deteriorados e a prevención de impactos ambientais, incorporando criterios de integración ambiental ás actividades con incidencia no medio, incluíndo a integración visual e paisaxística dos asentamentos de poboación.

4. Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión sostible do territorio, mediante:

a. A incorporación dos plans e estratexias de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade ás iniciativas de protección do patrimonio cultural e de desenvolvemento socioeconómico como factor esencial para garantir a súa conservación e incentivar a súa mellora.

b. O deseño de estratexias territoriais para a valorización das oportunidades do medio natural e para evitar situacións de presión sobre espazos e recursos fráxiles.

c. A incorporación e promoción de reservas da bioesfera á política territorial da comunidade.

d. A xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolven no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial. Débense producir cambios estruturais que garantan a viabilidade das actividades agropecuarias. Cando esta opción non sexa viable haberá que introducir usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio. Entre estas considéranse prioritarias as accións de reforestación con criterios de uso múltiple, como a recuperación de hábitats de interese comunitario que se atopen alterados ou degradados por causas antrópicas.

Recuperación do **medio natural** e **novos equilibrios ambientais**:
A paisaxe e as características ambientais e ecolóxicas do territorio son un conxunto de trazos dinámicos, que evolucionan en función dos usos e aproveitamentos dos recursos naturais demandados en cada momento polas actividades económicas e os comportamentos sociais, mesmo cambian lentamente segundo as variacións climáticas e morfoxenéticas. A redución na importancia territorial das actividades primarias nos próximos anos, que xa se deixa sentir, crea a necesidade de actuar para definir unha nova estrutura de usos no medio físico. O abandono de terras en moitos ámbitos de Galicia, especialmente en áreas de montaña

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

pouco produtivas, é unha oportunidade para ampliar a dispoñibilidade de recursos naturais, aumentando a diversidade e a riqueza ecolóxica do territorio. Este proceso non se vai dar de forma espontánea. Ao desaparecer as actividades que manteñen o equilibrio actual, unha tendencia probable é a aparición de procesos de deterioración. A súa prevención precisa de accións efectivas de control e de restauración, adaptadas ás características de cada zona do territorio.

A recuperación dos hábitats naturais, e especialmente daqueles considerados como de interese comunitario, así como o incremento da superficie arborizada con fins produtivos e de conservación, aparece coma unha das opcións na ordenación dos recursos naturais. O aumento da superficie arborada debe concibirse como unha iniciativa con múltiples obxectivos que proporcionen novas posibilidades para o medio natural e para os espazos rurais. A restauración dos hábitats naturais e a reforestación permite dotar a amplas extensións do territorio dun uso permanente con custos de mantemento decrecentes ao longo do tempo. É unha acción propia para espazos nos que o abandono dos usos tradicionais formula riscos de deterioración, dificultades de xestión e implica perda de oportunidades de desenvolvemento, o que propicia a localización de usos incontrolados e ambientalmente incompatibles.
As accións de extensión da superficie forestal teñen que enfocarse con criterios de diversidade de oportunidades en función das características de cada espazo, e con frecuencia é posible alcanzar varios obxectivos de forma simultánea.

Moitas iniciativas de reforestación poden dirixirse a aumentar a superficie arborada susceptible de ter un aproveitamento silvícola como base para unha actividade produtiva con grande potencial económico a medio e longo prazo. Tamén deben ter cabida accións forestais que permitan o incremento da extensión dos hábitats de interese comunitario de estrutura árbórea, aumentando a biodiversidade do medio natural de Galicia e as oportunidades de desenvolvemento das comunidades rurais. A recuperación dos corredores fluviais e das zonas húmidas constitúe un ámbito prioritario para este tipo de iniciativas.

A regulación hidrolóxica, o aumento da infiltración de auga e o control de enchentes son funcións das zonas húmidas e das masas forestais que deben ser contempladas en calquera caso e desenvolvidas de forma específica polos plans hidrolóxicos.

A redución dos procesos erosivos é un obxectivo prioritario das accións de reforestación, permitindo a conservación de solos que son un factor necesario para o mantemento do potencial de uso en moitas zonas de gran fraxilidade. Nestas repoboacións adquiren especial importancia a creación e consolidación de bosques autóctonos.

A recuperación de zonas húmidas interiores e a mellora da calidade das augas, tanto nos cursos baixos dos ríos como nos esteiros e rías, son outras iniciativas prioritarias para preservar e potenciar ámbitos sensibles de alto valor ecolóxico que teñen especial interese no noso territorio.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

As **áreas estratéxicas de conservación** e os **Corredores ecolóxicos:**
As DOT recollen como Áreas Estratéxicas de Conservación en Ares o lugar de importancia comunitaria (LIC) da Costa Ártabra e os espazos protexidos polas DOT Punta Coitelada e Illas Mirandas.

O sistema verde na Rexión Urbana

As Áreas Estratéxicas de Conservación que se propoñen neste documento como enclaves de especial valor ecolóxico deben constituír a referencia na percepción de Galicia como un ámbito cuxo excepcional valor natural singulariza a oferta territorial da Comunidade. Corresponden ás áreas protexidas nalgunha das figuras de espazos naturais e áreas protexidas por instrumentos internacionais establecidos pola normativa estatal e autonómica, de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural.

Co obxectivo de constituír unha densa rede de áreas con valores ecolóxicos a calquera escala, amais destas áreas protexidas, considérase necesario fomentar a identificación e protección doutras posibles áreas que poidan presentar valores de calquera tipo físico ou natural de interese local ou supramunicipal. Estas áreas complementarían a funcionalidade das xa protexidas valorizando o territorio. Para elas o planeamento territorial e urbanístico deberá realizar unha análise que permita a súa identificación e consideración coa finalidade de protexer , xestionar e valorizar.

A ordenación e xestión das Áreas Estratéxicas de Conservación debe concibirse dentro do marco máis amplo do modelo territorial. Amais de formular as súas propostas dende unha perspectiva que permita manter a integridade destes ámbitos e dos factores que xustifican a súa protección, é preciso prever mecanismos de conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos. Para a identificación destes, resulta indispensable considerar o papel dos cursos fluviais, ás áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que sexan ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formacións de interese ecolóxico.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A identificación dun sistema de áreas de interpretación da natureza, formúlase así como unha ampliación das zonas do territorio que permiten satisfacer as demandas de ocio e de contacto coa natureza, reducindo a presión sobre os espazos máis fráxiles. A consolidación de núcleos de poboación con capacidade para acoller servizos, equipamentos e actividades asociados aos espazos protexidos, evitando a afección ás zonas naturais, a promoción das actividades tradicionais, a potenciación de marcas de calidade, ou a mellora da oferta turística son outras iniciativas territoriais.

Áreas de interpretación da natureza e os **Itinerarios de Interese Paisaxístico e Ambiental**:
Existen moitos elementos e espazos na Comunidade susceptibles dun aproveitamento recreativo axeitadamente ordenado, escasamente utilizados na actualidade pero con grandes potencialidades de futuro. Son áreas como praias, espazos forestais, zonas de montaña, encoros, áreas con abundantes recursos cinexéticos e piscícolas, espazos libres con capacidade para desenvolver actividades recreativas e deportivas, etc. Asemade, cómpre engadir a potencialidade destes espazos para a educación ambiental, posto que o coñecemento e compresión dos valores naturais , e culturais e paisaxísticos en xeral, é algo necesario e compatible co aproveitamento de lecer, e o paso previo para a implicación da cidadanía na súa conservación. Para aproveitar estas oportunidades é preciso desenvolver infraestruturas, deseñar sistemas de relación e vinculación cos núcleos da contorna e evitar problemas de deterioro, ocupación ilegal e usos incontrolados.

Suxírese desenvolver unha rede de Áreas de Interpretación da natureza formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico e a ser un recurso de educación ambiental promovendo a compresión e coñecemento dos valores presentes. Esta rede constitúe un elemento para activar a oferta turística de Galicia e un factor xeral de atractivo territorial, cada vez máis importante nas iniciativas de diversificación económica e para a atracción de determinadas actividades produtivas.

As Áreas de Interpretación da natureza son espazos cuxos trazos naturais fan atractivo o seu uso como zonas de ocio de forma compatible coa conservación dos seus valores ambientais. Desempeñan un conxunto de funcións que, en coherencia co Modelo Territorial, cumprirán diversos obxectivos:

• Aproveitar os espazos e áreas naturais como recursos didácticos de educación ambiental, que contribúan ás funcións de sensibilización da cidadanía para a compresión dos seus valores.

• Crear as condicións para que o uso de áreas con atractivo natural non implique a aparición de procesos de deterioración, canalizando as demandas en función da capacidade de carga de cada espazo e incorporando as infraestruturas e servizos necesarios para o mantemento do potencial de atracción destas zonas. Canalizar esta demanda evita o uso descontrolado doutros espazos non habitados, freando a conseguinte deterioración ambiental e o aumento dos riscos, como pode ser o de incendios.

• Contribuír ás iniciativas de potenciación da oferta turística de Galicia, apoiando as estratexias de aumento do atractivo das zonas litorais e urbanas e creando unha infraestrutura ambiental que dea soporte ás iniciativas de desenvolvemento do turismo rural.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

• Facilitar unha permeabilidade do territorio ambientalmente compatible, que permita o aproveitamento colectivo. Xorden así novas posibilidades de acceder ao territorio, contribuíndo á comprensión dos seus valores, valorizándoo e xerando oportunidades de actividade nas zonas rurais.
O criterio básico en relación coas Áreas de Interpretación da natureza é a definición dunha rede distribuída por todo o territorio de Galicia. Considerase de interese que estas áreas propicien un usos múltiple do territorio, que permita satisfacer de forma compatible diversas actividades e demandas contribuíndo decisivamente ao seu atractivo.

Os **itinerarios de interese paisaxístico e ambiental**:
A conexión das Áreas de interpretación da natureza, e de posibles elementos valiosos do patrimonio natural, cultural e paisaxístico de Galicia mediante unha rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental, permite completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio, e conseguir revalorizar estes recursos para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma, á vez que poden contribuír á conectividade funcional do territorio e, dependendo das súas condicións, tamén ecolóxica.

A rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental apoiase fundamentalmente nos numerosos espazos rurais de Galicia, nos abundantes tramos de antigos camiños reais, camiños de ferradura, corredoiras, así como nos Camiños de Santiago, xunto coas vías para uso público habilitadas polas entidades locais rurais, itinerarios culturais, estradas, e nos itinerarios contemplados e xestionados dende os espazos naturais protexidos, e a ela poden incorporarse outros elementos lineais de carácter brando e interese ambiental que vertebran o territorio, permitindo o establecemento dunha malla verde, que dá continuidade aos diferentes espazos e elementos de interese existentes no territorio.

Nos tramos dos cursos fluviais, e conveniente priorizar a súa conectividade ecolóxica fronte ás súas posibilidades como outro tipo de corredor. Isto non é incompatible co feito de que poidan producirse puntos de intersección ou coincidencia, entre corredores- itinerarios e os corredores ecolóxicos, sempre que se definan as súas condicións de uso adecuadas ao mantemento dos seus valores e funcionalidade.

Esta estratexia debe incorporar accións de adecuación de itinerarios, catalogando e acoutando os percorridos e dotándoos dunha protección efectiva desde o planeamento territorial e urbanístico,que evite usos e modos de transporte incompatibles. Noutros casos é esencial a protección e mellora da calidade ambiental do seu ámbito.

O **tratamento da paisaxe de Galicia:**
A paisaxe debe erixirse en elemento integrador das políticas de ordenamento territorial e urbanístico e de protección ambiental, así como en calquera política sectorial que poida producir impacto directo ou indirecto no medio. A diversidade paisaxística de Galicia, determinada pola heteroxeneidade da súa estrutura física e polos diferentes modelos de asentamento do ser humano sobre o medio, no que a dicotomía litoral interior xa marca

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

grandes trazas diferenciais de partida, require que cada ámbito sexa obxecto dun tratamento diferenciado de forma que as diferentes actuacións sexan coherentes co ámbito no que se localizan.
A Lei de protección da paisaxe de Galicia establece os instrumentos para a correcta ordenación, xestión e protección da paisaxe. A partir dos catálogos da paisaxe determinaranse as Directrices da paisaxe que definirán e precisarán para cada unidade os obxectivos de calidade paisaxística que se pretendan alcanzar. Desta maneira os Catálogos e as Directrices de paisaxe, en tramitación, concíbense no seu conxunto como un instrumento normativo complementario aos instrumentos de ordenación do territorio.

A capacidade dos sectores produtivos implicados para adaptarse a novas estruturas económicas vai ser a clave para o mantemento de actividades e de paisaxes tradicionais en amplas zonas do territorio.

O criterio xeral en relación con estes espazos debe ser realizar unha xestión activa deles, creando incentivos para a conservación e mellora dos seus recursos, mantendo as actividades agrarias na medida en que resulte factible, desenvolvendo accións de mellora ambiental e paisaxística nos terreos abandonados pola agricultura e permitindo a súa utilización para novos usos cando diso se deriven oportunidades para a conservación de trazos singulares, a mellora da percepción do territorio, a introdución de usos ou actividades innovadoras e a evolución ordenada dos espazos ata agora dedicados a funcións de produción primaria. Son imprescindibles proxectos, programas e iniciativas concretas, que definan o novo papel duns espazos que, en moitos casos, non van seguir sendo o que foron e que necesitan accións de adecuación para cumprir as novas funcións que demanda a sociedade galega de cara ao futuro.

Estas iniciativas deben apoiarse en tres criterios principais:

• A preservación dos valores naturais e paisaxísticos do territorio, evitando aqueles usos que entren en conflito con este obxectivo no caso dos recursos de maior interese ou fraxilidade, asegurando a identificación do territorio galego como un espazo con importantes valores visuais e garantindo o seu mantemento como factores ao servizo da calidade de vida da poboación e da sustentabilidade dos procesos de desenvolvemento.

• O establecemento dos mecanismos de ordenación que permitan traducir en dinámicas positivas os importantes cambios aos que se enfrontan moitos dos espazos agrarios da Comunidade.

• A consideración dos núcleos de poboación como elementos fundamentais da estrutura territorial cuxo desenvolvemento debe producirse con criterios de calidade e atractivo, evitando a deterioración do seu ámbito e a ocupación desordenada do solo rústico pola urbanización difusa ou pola aparición de novos núcleos e espazos urbanizados illados.

A valorización dun territorio patrimonializado:
Os instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo contribuirán na tarefa do recoñecemento dos posibles valores patrimoniais culturais presentes nos seus ámbitos territoriais, coa realización de análises e

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

propostas de elementos e ámbitos que poidan ser incluídos no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

O proceso de recuperación e valorización do patrimonio monumental galego pasa a formar parte das estratexias de desenvolvemento territorial. A restauración de elementos patrimoniais debe permitir tamén ofertar edificios de singular valor e atractivo para o desenvolvemento de actividades innovadoras nestas zonas, promovendo iniciativas empresariais ligadas á súa rehabilitación e mantemento. Nesta liña de traballo un bo exemplo é a Rede galega do patrimonio arqueolóxico como un elemento estratéxico que se está a promover dende a Administración autonómica.

O potencial destas iniciativas refórzase ao considerar a existencia de complementariedades e oportunidades con outros elementos de atracción que existen no territorio, logrando que unha única oferta englobe diversos produtos, aumentando a súa eficacia na dinamización dos espazos fráxiles da Comunidade: rutas turísticas, núcleos de acceso ao territorio, aloxamentos singulares, segunda residencia en núcleos existentes, etc.

Os activos patrimoniais son un factor fundamental de atracción e un elemento de localización prioritario de servizos, residencia, aloxamento e actividades en xeral. O concepto de rede, organizada e xestionada de forma conxunta e que incorpora elementos patrimoniais, ambientais, servizos, actividades e núcleos de poboación, é básico nesta estratexia que debe abranguer o patrimonio cultural no seu sentido máis completo, é dicir, os bens culturais mobles e inmobles declarados, catalogados e inventariados, pero tamén o inxente patrimonio inmaterial e etnográfico como a artesanía, as tradicións e festas locais, así como os núcleos de poboación tradicionais, con edificacións e tramas urbanas propias da arquitectura popular de cada zona, ou as industriais e estruturas produtivas e representativas das tecnoloxías doutros tempos.

A totalidade do termo municipal pertence Á Comarca Eumesa, declarada Conxunto Histórico e Paraxe Pintoresca polo Decreto 2234/1971 do 13 de agosto.

As DOT identifican a Ares como Ámbito de Interese Patrimonial.

Transporte:
Conectar os núcleos costeiros que se distribúen ao longo do amplo litoral do espazo metropolitano mediante un sistema de transporte marítimo constitúe unha das oportunidades para a organización da Metrópole Ártabra. Poderíase configurar así un sistema de proximidades marítimas, interconectando cos outros modos de transporte, que daría acceso ás áreas centrais e ós núcleos costeiros a través dun modo de transporte eficaz, sostible e que podería constituír un elemento de singularización en contextos conxestionados. O porto de Ares podería constituír un elemento importante deste sistema metropolitano de transporte marítimo debido á súa posición de centralidade na metrópole e o potencial do seu porto.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Agregado urbano

No apartado 10 do documento VII deste PXOm (Informe de sostibilidade ambiental, ISA), desenvólvese unha análise de coherencia. Esta análise seguirá unha metodoloxía tipo cuestionario denominado Análise de Compatibilidade Estratéxica (ACE). Pretende ser unha ferramenta para o control da coherencia da planificación que se desenvolve en Galicia co diagnóstico e os obxectivos das DOT dividido en:

- Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade. Explicando como se consideraron no PXOM os efectos sobre os aspectos clave detectados nas DOT.

- Proceso de decisión. Analizase a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o PXOM.

- Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia. Avaliase a relación do PXOM cos elementos estratéxicos de Galicia identificados nas DOT.

CONCLUSIÓN:

A situación do municipio de Ares, próximo a Fene e Ferrol, xunto coas melloras das comunicacións territoriais, o valor ecolóxico dos enclaves naturais e paisaxísticos e a potencialidade como alternativa turística e de ocio, son cuestións todas elas que sitúan ao Municipio de Ares nun intre de especial interese cara a se proxectar con forza ofertando solo para instalacións de usos comerciais e terciarios e primeira segunda residencia, así como para desenvolver servizos turísticos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

3.2 - DETERMINACIÓNS

OBXECTIVOS XERAIS E ESTRUTURA BÁSICA DO MODELO TERRITORIAL:

Determinacións excluíntes:

As Directrices proporcionan as referencias territoriais para a formulación das actuacións con incidencia territorial, polo que as distintas administracións deberán axustarse ás súas determinacións.
Estas referencias territoriais formúlanse para acadar os seguintes obxectivos prioritarios:

a. Lograr unha maior integración de Galicia cós ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.

b. Contribuír á consolidación da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal e da Macrorrexión Galicia- Castilla León- Norte de Portugal, afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.

c. Establecer os ámbitos supramunicipales de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.

d. Potenciar as principais Rexións urbanas e Áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.

e. Consolidar unha rede de vilas capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.

f. Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elementos identificativos do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación.

g. Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas rurais que mais acusan os efectos da crise demográfica e da despoboación.

h. Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais, orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.

i. Establecer criterios para a consideración dos condicionantes, ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

j. Proporcionar criterios territoriais para a elaboración de Plans e Proxectos Sectoriais e configurar as características dos Plans Territoriais Integrados.

k. Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.

l. Establecer directrices estratéxicas para desenrolar os instrumentos de desenvolvemento rural, así como mecanismos de cooperación e colaboración urbano- rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano, o desenvolvemento rural e a protección de espazos abertos.

m. Aplicar o concepto e metodoloxías de “desenvolvemento rural con enfoque territorial” nas actuacións que se desenvolvan nos espazos rurais por parte dos distintos axentes sociais e económicos.

n. Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.

ñ. Configurar un instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento sostible e promover a conservación do patrimonio natural, recoñecéndoo como activo para o desenvolvemento de Galicia.

o. Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida, e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.

p. Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial cunha especial referencia, a valorización do patrimonio rural vinculado ao sistema de asentamentos rurais, nomeadamente no seu inventario, caracterización e valoración e na difusión desta información para a súa consideración por parte dos diferentes axentes económicos e institucións.

q. Combater o fenómeno de cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na Estratexia galega fronte ao cambio climático.

r. Previr e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.

s. Estruturar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara un sistema máis compacto, de maior complexidade (diversidade de usos) e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

t. Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercancías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da Comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, reforzando este como unha das potencialidades de futuro.

u. Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.

v. Potenciar as infraestruturas de telecomunicación capaces de garantir a toda a cidadanía e ás empresas a súa integración na sociedade da información e coñecemento, a fin de aumentar a calidade de vida, a competitividade dos sectores produtivos e a eficiencia dos servizos públicos.

w. Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+ D+ i como elementos determinantes para asentar o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.
x. Marcar criterios para a execución de novas fórmulas de goberno territorial, como as agrupacións voluntarias de municipios, que dean resposta aos cambios e dinámicas recentes do modelo territorial e social.

Para alcanzar estes obxectivos as DOT establecen un modelo territorial, cunha estrutura básica que se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos, definido no apartado anterior.
Este modelo de asentamentos articularase mediante redes de infraestruturas de transporte, de telecomunicacións, de abastecemento e saneamento de auga, de transporte e distribución de enerxía, de xestión de residuos, de equipamentos colectivos supramunicipais e de grandes áreas de actividade económica. Os espazos litorais, os recursos naturais, a paisaxe, o patrimonio cultural e a calidade ambiental son sinais de identidade que singularizan o territorio de Galicia achegando elementos de dinamización e desenvolvemento social.

DETERMINACIÓNS PARA OS NÚCLEOS PRINCIPAIS DOS RESTANTES CONCELLOS E PARROQUIAS RURAIS:

Determinacións Excluíntes:

1. Constitúen núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais aqueles onde se localice a capitalidade municipal, así como aqueles outros que comparativamente desempeñan unha maior centralidade socioeconómica no seu ámbito.

2. Procurarase que se concentran nos núcleos principais dos concellos as dotacións básicas de tipo administrativo, docente, sanitario, cultural e demais servizos de carácter local.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Determinacións Orientativas:

1. O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administracións considerarán os ámbitos parroquiais nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán localizar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación a nivel parroquial, para optimizar a rendabilidade social dos recursos.

2. Facilitarase a accesibilidade local desde os núcleos rurais dependentes, mediante a mellora das redes viarias de proximidade e impulsando estratexias de transporte público de baixa intensidade.

DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS:

Determinacións Excluíntes:

1. Para aproveitar as potencialidades e vantaxes do sistema de asentamentos definido nestas DOT e corrixir as actuais disfuncións, potenciaranse os nodos ou núcleos de referencia dos diferentes niveis.

2. So poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa lexislación urbanística e os criterios e determinacións destas DOT, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable.

3. Os instrumentos de ordenación do territorio e os plans xerais de ordenación municipal identificarán aqueles asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación para acadar os obxectivos de calidade de vida, cohesión social, e integridade ambiental e paisaxística propostos no modelo territorial destas Directrices. Con dito fin, outorgaráselles a clasificación urbanística que lles corresponda atendendo á lexislación vixente.

4. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.
Ademais, deberán cuantificar e analizar o parque actual de vivenda e o seu estado de conservación, incluíndo as vivendas baleiras e sen uso e valorar as medidas que, de ser o caso, haxa que adoptar para a substitución ou a mellora de edificacións non habitables ou ruinosas, así como de estimulo á rehabilitación.

5. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico:

a. Non poderán conter previsións de crecementos residenciais desvencellados dos asentamentos preexistentes ou naquelas áreas de recualificación identificadas co obxectivo de reconducir as dinámicas de ocupación do territorio cun modelo de desenvolvemento sostible.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

b. Deberán garantir a accesibilidade e mobilidade, prestando especial atención a fórmulas de transporte sostible (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.), en función das necesidades e características de cada in deles en concreto, para o cal contemplarán as análises necesarias baseadas na consideración das necesidades de desprazamento existentes e derivadas das previsións do planeamento.

c. A localización de centros atractores de desprazamentos (centros comerciais, grandes desenvolvementos residenciais, hospitais, etc.) considerarán a súa articulación coas devanditas fórmulas de transporte sostible.

e. Establecerán medidas tendentes á incorporación de usos deficitarios (distintos do residencial) e á mestura de usos complementarios, evitando ordenación monofuncionais e segregacións económicas e sociais.

f. Incluirase a perspectiva do metabolismo urbano nas súas análises de partida na medida do posible, contemplando medidas para a súa mellora e atendendo as consideracións contidas na Memoria destas DOT.

g. Deberán conter as análises e a planificación precisa para que o organismo de cunca correspondente poida avaliar a garantía da existencia de reservas de auga suficientes e da viabilidade da captación, tratamento e distribución de auga potable, da recollida de auga residual e a súa depuración, reutilización ou vertedura a medio receptor de forma sostible,, para as necesidades presentes e futuras da poboación e actividades existentes, de maneira que non se permitan novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizo e teito de planeamento.

h. Incluirán un apartado de análise, caracterización e diagnóstico das principais actividades socioeconómicas do concello, en termos tanto de ocupación do territorio como de ocupación da poboación activa, así como das respectivas estratexias de acción futura, nomeadamente no que atinxe á utilización do solo.

6. Terán consideración de Solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censo e padróns oficiais, que o planeamento municipal defina e delimite. Teranse en conta unha serie de criterios: a súa clasificación en planeamentos anteriores, o número de vivendas, o grao de consolidación, a vinculación e presenza de actividades propias do medio rural e aqueloutros definidos na lexislación urbanística.

7. A definición dos Solo de núcleo rural corresponde ao planeamento municipal, para o que terá en conta a súa estrutura morfolóxica, a funcionalidade e a variación tipolóxica existente no sistema de asentamentos rurais.

8. Os instrumentos municipais de planeamento regularán os asentamentos rurais atendendo como mínimo a unha serie de criterios: tamaño medio da parcela edificable, criterios de compactación, tipoloxía construtiva, funcionalidade e dinámica dos núcleos ou a disposición das edificacións e as actividades económicas que se desenvolvan ligadas ao medio rural, nomeadamente as agroalimentarias, gandeiras e forestais, de cara a garantir a compatibilidade entre a calidade do hábitat e a viabilidade demográfica dos asentamentos rurais, a conservación do medio natural e da contorna, e unha actividade agraria competitiva e sostible.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

9. Na delimitación dos núcleos rurais dos asentamentos de tipo polinucleares prestarase especial atención á existencia de lazos de cohesión que garantan a súa integración como tales.

10. Co fin de evitar crecementos lineais, os planeamentos municipais deseñarán á escala pertinente os viarios internos dos núcleos nos que será posible consolidar as novas edificacións.

11. Respecto aos núcleos rurais, o planeamento urbanístico deberá estudar as necesidades de crecemento, así como a tipoloxía do modelo de asentamentos rurais, identificando as dinámicas recentes de transformación e evitando conxuntos indiferenciados.

12. En solo rústico as administracións públicas non poderán executar nin financiar directa ou indirectamente obras de urbanización salvo cando estean previstas nos instrumentos de ordenación do territorio ou no planeamento urbanístico.

13. As actividades de turismo rural admisibles en solo rústico especialmente protexido desenvolveranse en edificacións preexistentes de interese patrimonial ou etnográfico, sempre que sexa posible ou, en todo caso, rehabilitando as edificacións tradicionais existentes. Deberán potenciarse, entre outros, os seguintes usos: termalismo, gastronomía, enoloxía, oficios tradicionais, labores agrarios, a diversificación e promoción das producións agrarias e o aproveitamento dos recursos endóxenos en xeral, así como aqueles que fomenten o contacto coa natureza, a conservación do medio natural e da biodiversidade e a interpretación da paisaxe.

14. Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e tecnolóxicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso de materialización de risco. Para a análise destes riscos naturais e tecnolóxicos partirase das delimitacións e estimacións realizadas polos órganos sectoriais competentes en cada caso, ou se procedese, empregaranse as fontes e metodoloxías de cálculo e estimación que estes establezan.

Determinacións Orientativas:

15. O diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas terá en conta, entre outras, as seguintes cuestións:

a. A evolución recente do parque de vivenda e as tendencias na demanda.

b. As dinámicas demográficas, as variacións estacionais de poboación e a evolución da estrutura familiar.

c. As consecuencias derivadas da implantación de actividades produtivas ou de novas infraestruturas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

d. A posición no territorio, e a función que desempeña cada termo municipal dentro do sistema territorial no que se integra.

16. Os Plans Xerais de Ordenación Municipal e os instrumentos de ordenación do territorio resolverán as necesidades de crecemento de conformidade cos principios de sustentabilidade e atendendo ós seguintes criterios:

a. Prestarase especial atención ás características propias e diferenciadoras de cada núcleo ou asentamento, tales como a súa inserción topográfica, relación co seu contorno mais próximo, as actividades realizadas nese contorno próximo e o seu encadre parroquial, morfoloxía viaria e parcelaria, tipoloxía arquitectónicas, elementos patrimoniais e a paisaxe que entre eles compoñen.

b. No interior das Áreas urbanas preveranse espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas como a redución ou mitigación da contaminación, a integración en corredores ecolóxicos ou o drenaxe e no seu caso depuración de augas de escorrentía.

c. As áreas libres situadas dentro das áreas urbanas disporanse, sempre que sexa posible, de xeito que poida establecerse unha conexión entre elas, propiciando a conformación de corredores ecolóxicos.

d. No caso de que existan zonas de risco de asolagamento estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección dos canles, evitando e diminuíndo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.

e. Consideraranse preferentes as actuacións que se desenvolvan en continuidade cos tramados urbanos xa existentes, respectando en calquera caso as zonas ou espazos que deban preservarse do desenvolvemento urbanístico polos seus valores naturais ou polo seu necesario destino ás funcións ecolóxicas anteriormente enunciadas.

f. Procurarase establecer modelos de ordenación urbana de densidade media que contribúan a acadar niveis de masa crítica suficientes para facilitar as relacións sociais e viabilizar a implantación de dotacións, servizos e actividades terciarias e de ocio, tanto públicas como privadas.

g. Considerarase a mobilidade no deselo do modelo territorial da maneira que se reduza a demanda de transporte e se favorezan a intermodalidade e o transporte colectivo.

h. Nas obras de urbanización, sempre que sexa a opción de maior eficiencia global, e conforme á lexislación sectorial competente, contemplarase no deseño das redes de servizos (abastecemento e saneamento de auga, subministro de enerxía, telecomunicacións) que o seu trazado sexa mediante galerías subterráneas ou gabias compartidas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

17. Nos ámbitos de interese do patrimonio cultural e nos núcleos vinculados ás áreas estratéxicas de conservación consideraranse prioritarias as estratéxicas de rehabilitación fronte ás operacións de novos crecementos.

18. Nos concellos turísticos e nos territorios de preferente actuacións turística fomentarase a promoción e protección dos recursos turísticos e potenciarase os servizos hoteleiros de calidade como alternativa preferible á segunda residencia.

DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS NO MEDIO RURAL:

Determinacións orientativas:

1. Co obxectivo de acadar unha mellor integración territorial das actuacións promovidas polas diferentes administracións sectoriais con competencias en agricultura, gandería, montes, espazos naturais, etc. as actuacións de xestión de terras como concentracións parcelarias, agrupacións de propietarios, ordenación forestal, ordenación de cultivos, regulación e ordenación de usos, execución de infraestruturas e equipamentos rurais, etc, desenvolveranse en coordinación cos instrumentos de ordenación do territorio para garantir unha mellor coordinación territorial

AGRICULTURA GANDERÍA E APROVEITAMENTOS FORESTAIS:

Determinacións Excluíntes;

2. A Xunta de Galicia cartografará as zonas do territorio de maior aptitude agrogandeira e forestal, tendo en conta, entre outros criterios, as condicións edafoclimáticas, orografía, usos actuais e evolución pasada, os valores culturais asociados a estruturas e usos, así como a presenza de explotacións agrogandeiras e forestais, e a consideración dos distintos aproveitamentos forestais (madeira, froitos e pastos, entre outros). Para a súa integración no sistema de ordenación territorial, esta zonificación poderase realizar por medio dun Plan de ordenación de medio físico (POMF) para o conxunto de Galicia. O contido básico deste POMF incluirá a devandita definición de áreas territoriais con idoneidade actual do potencial para a explotación agrícola, gandeira ou forestal, así como as condicións que permitan o cambio de uso en cada ámbito territorial.
O Banco de terras poderá colaborar na identificación das áreas de maior aptitude agrogandeira.

3. Os plans e programas das Administracións competentes establecerán os destinos prioritarios e secundarios, no seu caso, para os usos agrícola, gandeiro e forestal atendendo á capacidade produtiva identificada no estudo e POMF referido na determinación 2. Non obstante, os instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo considerarán esta asignación conforme aos principios de escala, flexibilidade e coherencia territorial necesaria.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

4. Os plans e programas das Administracións competentes favorecerán a eficiencia dos sistemas de explotación agrícolas e gandeiros, de maneira que o aumento da súa rendibilidade se produza co menor impacto posible sobre o medio.

5. A Xunta de Galicia fomentará os modelos de xestión forestal e promoverá actuacións que superen o grao de fragmentación extrema existente, priorizándoos en todo caso nos programas de fomento forestal desenvolvidos polas administracións competentes. Preferiblemente, ditos modelos basearanse na xestión conxunta dos aproveitamentos e apoiaranse en plans con enfoques territoriais integrados (Plans de Ordenación de Recursos Naturais, Plans de Ordenación de Recursos Forestais, Plans de Uso e Xestión) promovendo, entre outras, a produción forestal sostible, as outras actividades agrarias presentes na área, a calidade paisaxística, as función ecolóxicas e a prevención de riscos ambientais, nomeadamente os incendios forestais e as inundacións.

6. A Xunta de Galicia promoverá a Xestión forestal sostible, entendendo por tal a que contempla nas súas actuacións o equilibrio das funcións produtivas, sociais e ecolóxicas dos terreos forestais, para o que serán de aplicación os instrumentos de ordenación forestal, é dicir, os instrumentos de ordenación de todos os aproveitamentos de cada monte ou terreo forestal, segundo criterios técnicos e de sustentabilidade .

7. A Xunta de Galicia regulará os cultivos de tipo enerxético, tanto de tipo agrícola como de tipo forestal, asegurando a súa integración territorial e a súa harmonía coas outras función produtivas, sociais e ecolóxicas, cunha mención expresa á diminución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

8. A Lei 45/2007, de 13 de decembro, de desenvolvemento sostible do medio rural establece que as comunidades autónomas adoptarán directrices estratéxicas de ordenación rural, previamente a definición dos plans de zona. Estas directrices de ordenación do territorio, tal e como ocorre noutras comunidades autónomas, realizarán esa función ao entender que o territorio rural non pode desvincularse do resto e que, polo tanto, está dentro do ámbito deste documento.
Os plans de zona serán elaborados polo órgano de coordinación dos distintos departamentos e entidades da Xunta de Galicia que se designe para dita función, coa participación dos axentes de cada territorio. Para que resulten un instrumento eficaz para o cumprimento dos obxectivos e principios emanados da Lei 45/2007 e respondan aos numerosos retos e mandatos establecidos nela, é preciso que o seu contido responda a un método apropiado de planificación territorial e que as súas actuacións estean adaptadas ás necesidades e potencialidades de cada zona rural e que na súa elaboración se preste unha especial atención aos criterios definidos polos instrumentos territoriais definidos na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia.

9. A Xunta de Galicia poderá identificar as zonas de actuación intensiva para incrementar a súa sustentabilidade, competitividade e desenvolvemento rural integral. Estas zonas poderán apoiarse nos límites parroquiais (e poderán incluír unha ou varias parroquias) serán obxecto dun plan de actuación integral en, polo menos, un ou varios dos seguintes ámbitos: dotación e mellora da infraestrutura viaria, abastecemento e saneamento de auga, xestión de residuos, equipamentos e servizos comunitarios, vivenda rural, electrificación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

rural e telecomunicacións, reorganización parcelaria, ordenación de usos, restauración da paisaxe ou calquera outro que permita o desenvolvemento rural.

Determinacións orientativas:

10. As Administracións, para evitar o despoboamento e o envellecemento do interior de Galicia e para asegurar o desenvolvemento sostible, promoverán o mantemento, recuperación e nova implantación de actividades con capacidade de xerar e diversificar emprego nas zonas rurais baseándose nas potencialidades endóxenas do territorio, neste caso relacionadas co sector primario (agrarias, gandeiras, e forestais) e a súa fase de transformación de produtos, pero tamén nos restantes sectores económicos, e desenvolverán programas co obxectivo de mellorar a produtividade e competitividade e introducir fórmulas de explotación máis sostibles.

11. Os órganos competentes prestarán especial atención aos principios de ordenación territorial e especialmente ás determinacións das presentes DOT no desenvolvemento e aplicación das actuacións no marco da Política agraria común, co obxectivo de adecuar as accións en materia agraria ás especificidades e prioridades de cada un dos ámbitos rurais identificados e da importancia relativa das actividades agroforestais.

12. A Xunta de Galicia e o conxunto de administracións públicas no marco das súas competencias desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, á mellora nas condicións de desenvolvemento sostible de actividades agrícolas, gandeiras e forestais, mais tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística, á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais. Con estes cometidos considerarase:

a. A mellora ou habilitación de instrumentos en materia de xestión de terras ou reforma de estruturas que posibiliten a súa agrupación e xestión conxunta, como pode ser o Banco de terras ou outros baseados no fomento da agrupación ou asociación de propietarios particulares ou dos montes veciñais en man común para a constitución de mancomunidades.

b. O fomento da competitividade das actividades agrícolas, gandeiras e forestais.

c. A aplicación de fórmulas que permitan asegurar a conservación das especies e variedades autóctonas nos ámbitos agrícola, gandeiro e forestal.

13. A Xunta de Galicia inventariará os montes públicos e veciñais en man común e traballará na integración da súa cartografía na Infraestrutura de datos espaciais de Galicia.

14. A planificación territorial e urbanística que afecte á estrutura agraria ou ao marco formal definitorio dos usos agrarios, como grandes obras de infraestrutura, explotacións mineiras, instalacións de produción enerxética, plans urbanísticos, entre outros, no seu procedemento de avaliación ambiental estratéxica ou de avaliación de impacto ambiental, segundo corresponda, poderán incluír unha análise específica da afección sectorial sobre

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

as actividades agrarias, coas súas respectivas medidas correctoras e compensatorias se procedese, amais de incluír á Consellería competente en materia de medio rural entre as Administracións públicas interesadas para a fase de participación pública e consultas.

15. Defínese o solo rústico como aqueles terreos que atendendo aos seus elementos singulares de carácter produtivo agrogandeiro-forestal, ecolóxico, paisaxístico, ou como consecuencia da necesidade de previr riscos, preservar o dominio público ou manter espazos abertos, terán como destino preferente os usos que lle son propios, e así, quedar á marxe do proceso urbanizador, co que se poderá incorporar a xestión urbanística do solo preservando os seus valores.

16. O planeamento municipal definirá as diferentes tipoloxías de solo rústico de todo o seu termo, atendendo aos criterios establecidos na Lei 2/2016 do Solo de Galicia, entre outras, as delimitacións e determinacións que acheguen as administracións sectoriais con competencia nos usos inherentes á natureza deste solo rústico. Así mesmo establecerase un réxime de uso no que se salvagarde a funcionalidade de cada unha das clasificacións e o seu uso sostible

EXPLOTACIÓN DOS RECURSOS MINERAIS E XEOLÓXICOS:

Determinacións excluíntes:

17. A Xunta de Galicia elaborará un plan específico para a ordenación dos recursos minerais e xeolóxicos na Comunidade Autónoma como soporte ao desenvolvemento da actividade mineira, considerando os valores da contorna natural polas súas características xeolóxicas, morfolóxicas, ecolóxicas e paisaxísticas diferenciadas, variables dun lugar a outro, e as potencialidades de aproveitamento propias de cada zona. O devandito plan establecerá as directrices e previsións para conxugar o necesario aproveitamento racional destes recursos naturais e a protección, rehabilitación, conservación e mellora do espazo natural afectado polo laboreo e o seu beneficio.

18. Os instrumentos de ordenación e plan urbanístico na elaboración das súas propostas terán en conta as solicitudes e os dereitos mineiros outorgados na Comunidade Autónoma de Galicia. Estes instrumentos, entre as súas previsións para a compatibilización dos usos existentes e potenciais do territorio, deberán motivar calquera disposición restritiva en relación ás actividades incluídas na Lei 22/1973, de 21 de xullo, de Minas.

19. A planificación e ordenación dos recursos minerais e xeolóxicos concederá especial atención á función ecolóxica que poidan desempeñar os terreos afectados polo seu aproveitamento e a mellora das condicións iniciais de uso destes terreos como consecuencia da súa rehabilitación posterior.

Determinacións orientativas:

20. Acometeranse estudos co obxecto de ponderar as diversas circunstancias e tecnoloxías que concorren no aproveitamento dos recursos minerais e xeolóxicos coas técnicas de rehabilitación dos terreos afectados e cos

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

requirimentos que se derivan das características da contorna natural e social. Entre os resultados destes estudos figurará a elaboración dun manual de boas prácticas que recolla estratexias de integración paisaxística e de minimización de impactos para as explotacións de recursos mineiros e xeolóxicos.

PESCA E ACUICULTURA:

Determinacións excluíntes:

21. Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

22. A Xunta de Galicia elaborará un Plan específico para a ordenación da acuicultura en terra. Este Plan establecerá as previsións e posibles localizacións de plantas de acuicultura a partir da capacidade de acollida do territorio, é dicir, localizacións que cumpran os requisitos de sostibilidade respectando as limitacións derivadas doutras funcións produtivas e turísticas, e da protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos e do patrimonio cultural.

DETERMINACIÓNS PARA O LITORAL:

Determinacións Excluíntes:

1. A Xunta de Galicia elaborou un Plan de Ordenación do Litoral, que ten natureza de Plan Territorial Integrado. Este Plan ten por obxecto o diagnóstico integrado do sistema litoral, no que se inclúen todos os terreos e elementos nos que se produce algunha relación natural, cultural, funcional, urbanística, ou visual coa costa. Ademais, concreta as medidas de protección necesarias e establecerá as condicións para o desenvolvemento urbanístico e a implantación de instalacións destinadas a usos produtivos, turísticos e recreativos.

2. As actuacións en solo rústico de protección de costas, incluída a adecuación de espazos para uso e gozo público, procurarán o mantemento da máxima naturalidade e, no seu caso, a restauración da calidade ambiental e protección do patrimonio cultural costeiro.

Determinacións Orientativas:

3. Fomentarase a colaboración e a coordinación das diferentes administracións públicas e a participación dos axentes sociais para mellorar a xestión integrada do espazo litoral.

4. No litoral de Galicia configúranse un conxunto de núcleos, relacionados no anexo I, que polas súas características constitúen elementos de identidade do espazo costeiro coa denominación de Núcleos de Identidade do Litoral. Esa relación ten carácter orientativo e poderá ser ampliada e axustada polos correspondentes instrumentos de planeamento territorial sempre que se xustifique axeitadamente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

5. Os instrumentos de ordenación de territorio e o planeamento urbanístico deberán ordenar estes núcleos en congruencia co papel que estas DOT lles outorgan para articular o sistema litoral e contribuír a funcionalidade, o mantemento da calidade ambiental e paisaxística e ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

6. O planeamento municipal dos concellos costeiros contemplará a renovación da fachada litoral con criterios de calidade e integración co entorno. Neste entorno evitarase, con carácter xeral, a localización de usos industriais e infraestruturais xeradores de impacto ou que non teñan a necesidade de localizarse xunto ao mar para garantir a súa viabilidade.

7. O planeamento urbanístico municipal configurará o contorno dos portos pesqueiros tradicionais como áreas de centralidade, identidade e imaxe urbana.

8. Nos tramos de praia con acceso de tráfico rodado preveranse reservas de solo para aparcadoiro de vehículos en cantidade suficiente para garantir o estacionamento fóra da zona de servidume de tránsito.

9. A localización dos aparcadoiros seleccionarase con criterios paisaxísticos, e en todo caso de tal xeito que se integren na paisaxe.

10. Na franxa litoral inmediata ao límite interior da ribeira, cunha anchura mínima de 500 metros, as construcións evitarán a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, sen que, a estes efectos, a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar (ou equivalente) no termo municipal respectivo.

11. O acceso ao mar en ámbitos urbanos desenvolverase preferentemente mediante viarios de uso peonil, debendo preverse no planeamento urbanístico, e executarase con criterios de máxima integración ambiental e paisaxística previndo, no caso das praias, a accesibilidade de persoas discapacitadas.

12. As Administracións competentes definirán unha rede de itinerarios costeiros, “Senda dos Faros”, co obxectivo de habilitar o tránsito público peonil e, de ser o caso de bicicletas, que permita percorrer todo o litoral galego, respectando en todo momento os compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade.

13. As Administracións promoverán accións para a ampliación do dominio público marítimo terrestre mediante a adquisición de solo lindeiro co fin de recuperar as súas funcións naturais e paisaxísticas.

PATRIMONIO NATURAL:

Determinacións Orientativas:

1.1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio., garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

1.2. As actuacións territoriais e sectoriais considerarán como prioritarios os seguintes obxectivos e criterios de protección do patrimonio e dos recursos naturais:

a. Favorecer o mantemento da integridade funcional dos sistemas naturais. Neste senso os instrumentos de ordenación do patrimonio e do planeamento urbanístico pularán por:

a.1. Fortalecer as funcións de conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas (espazos protexidos pola normativa ou convenios de conservación da natureza internacional, comunitaria, nacional ou galega), establecendo medidas que contribúan a garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario e das especies de flora e fauna protexidas.

a.2. Promover a protección e valorización doutros posibles elementos, formacións ou espazos con valores de calquera tipo físico- natural (xeolóxico, morfolóxico, paleontolóxico, biolóxico, etc.), identificación nalgún outro catálogo ou normativa ou mesmo que poidan ser identificados a través dos devanditos instrumentos e presenten un interese supramunicipal ou local, de maneira complementaria ás áreas protexidas.

b.Facilitar a conectividade ecolóxica entre as distintas áreas protexidas, así como dentro destas, e entre os restantes posibles espazos de interese, favorecendo a funcionalidade dunha rede de corredores ecolóxicos e adaptando con este fin as infraestruturas que supoñen un efecto barreira, tales como tendidos eléctricos, infraestruturas de comunicación, infraestruturas hidráulicas, etc.

c. A restauración dos espazos deteriorados e a prevención de impactos ambientais, incorporando criterios de integración ambiental ás actividadades con incidencia no medio.

d. Promover a xeneralización de modelos de ordenación e xestión sostible do territorio, mediante:

d.1. A incorporación dos plans e estratexias de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade ás iniciativas de protección do patrimonio cultural e de desenvolvemento socioeconómico, como factor esencial para garantir a súa conservación e incentivar a súa mellora e como factor de desenvolvemento endóxeno das zonas rurais.

d.2. O deseño de estratexias territoriais para a revalorización das oportunidades do medio rural e para evitar situacións de presión sobre espazos e recursos fráxiles.

d.3. A incorporación e promoción de reservas da biosfera á política territorial da Comunidade.

d.4. A xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolven no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial. Débense producir cambios estruturais que garantan a viabilidade das actividades agropecuarias sostibles. Cando esta opción non sexa viable haberá que introducir usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio. Entre estas considéranse prioritarias as accións de reforestación naqueles ámbitos nos que se poida dar lugar tanto con criterios de uso múltiple, como á recuperación de hábitats de interese comunitario que se atopen alterados ou degradados por causas antrópicas. En todo caso, pularase polo fomento de especies autóctonas, establecendo medidas para minimizar a presenza de especies

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

invasoras. Igualmente promoverase a protección e valorización da actividade agraria como factor de mantemento da paisaxe e da naturalidade.

e. A redución dos procesos erosivos como factor necesario para o desenvolvemento dos ecosistemas e o aproveitamento dos usos potenciais dos terreos, desenvolvendo accións de conservación de solos e regulando aquelas actividades susceptibles de incrementa-los procesos de erosión.

1.3. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos, así como os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos segundo a lexislación de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural, deberán tomar medidas de prevención, corrección , mitigación e adaptación ás consecuencias de alta probabilidade do cambio climático, considerando así mesmo as de media certeza, atendendo ás previsións e estudos realizados polos organismos e institucións con competencias na materia, sen menosprezo das directrices e orientacións que se establezan no Plan marco galego de acción fronte ao cambio climático.

1.4. Na elaboración e redacción dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos teranse presentes os catálogos de especies ameazadas, os correspondentes plans de conservación e documentación concorrente.

DETERMINACIÓNS PARA A ORDENACIÓN DAS ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN E CORREDORES ECOLÓXICOS:

Determinacións Excluíntes:

2.1. As Áreas estratéxicas de conservación, como ámbitos de especial valor natural e ecolóxico, corresponderanse con algún dos dous grandes grupos de áreas que se expoñen a continuación e quedarán sometidas as seguintes determinacións:
a. As áreas protexidas establecidas pola lexislación estatal e autonómica, en materia de espazos naturais e conservación da natureza, que serán ordenadas mediante os seus correspondentes plans e instrumentos específicos (Plans de ordenación dos recursos naturais, Plan reitor de uso e xestión, Plan de acción). As futuras declaracións de novos espazos protexidos, como a prevista ampliación da Rede Natura, suporán a automática cualificación deses espazos como áreas estratéxicas de conservación.
b. Outras posibles áreas ou formacións que poidan presentar valores de calquera tipo físico ou natural cun interese local ou supramunicipal, e que complementen a funcionalidade das xa protexidas, revalorizando todo o territorio. Para este tipo de áreas complementarias, o planeamento territorial e urbanístico deberá realizar unha análise que permita a súa identificación e consideración. A tal efecto, os elementos e formacións incluídos nos inventarios ou catálogos que figuran no Anexo III constituirán o punto de partida subsidiario como áreas complementarias, ata que os devanditos instrumentos os poidan concretar coa precisión adecuada á súa correspondente escala de aproximación ao territorio.

2.2. Os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico deberán prever mecanismos de conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos, cando menos entre

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

as Áreas Estratéxicas de Conservación. Para a identificación destes corredores ecolóxicos consideraranse os cursos fluviais, as áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que son ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formación de interese ecolóxico.

2.3.Os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico incorporarán unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biotopos, integrando valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico.

Determinacións Orientativas:

2.4. Corresponderalles aos instrumentos de ordenación das áreas protexidas, referidas na determinación 2.1.a., establecer unha regulación máis pormenorizada dos usos que desenvolver nestes ámbitos.

2.5. Corresponderalles aos instrumentos de ordenación territorial e do planeamento urbanístico establecer a regularización pormenorizada dos usos e da cualificación dos solos dos ámbitos das áreas identificadas como complementarias referidas no punto 2.1.b., en función do nivel de alcance das súas determinacións e consideran¡do os obxectivos e criterios xerais establecidos do apartado 1. Determinacións de carácter xeral.

2.6. Co fin de garantir o mantemento da poboación e dos usos tradicionais vinculados aos ecosistemas, nos ámbitos dos espazos naturais protexidos que conteñan núcleos rurais desenvolveranse plans ou programas orientados ao mantemento e potenciación de actividades tradicionais e novos usos sostibles baseados na conservación dos seus valores naturais.

2.7. Os servizos e instalacións asociadas ao uso e xestión das Áreas Estratéxicas de Conservación e ás diferentes actividades a desenvolver nelas localizaranse preferentemente nos núcleos de poboación e nas edificacións tradicionais existentes no seu interior ou no seu entorno inmediato.
2.8. Os instrumentos de planificación das áreas protexidas poderán determinar, no seu caso, os ámbitos susceptibles de considerarse áreas de uso público, ou percorridos para incluír na rede de itinerarios de interese paisaxístico e ambiental, establecendo as súas condicións de uso e as accións de adecuación e mantemento necesarias para concentrar nestes puntos á maior parte dos visitantes do ámbito natural.

DETERMINACIÓNS RELATIVAS Á REDE DE ÁREAS DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA E DE ITINERARIOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO E AMBIENTAL:

Determinacións Orientativas:

3.1. Desenvolverase unha rede de Áreas de interpretación da natureza formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico e natural, a ser un recurso de educación ambiental que promova a compresión e coñecemento dos valores dos sistemas naturais e para o cumprimento dos obxectivos relacionados no apartado correspondente da Memoria.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

3.2. A rede de Áreas de interpretación da natureza estará integrada polos ámbitos compatibles con usos de ocio considerando as restantes propostas do modelo territorial relativas á recualificación do litoral, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais, sempre nos termos que estableza a normativa específica de cada caso. Porén, figurarán incluídos nesta rede os espazos acondicionados polas diferentes administracións para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre, así como aqueles espazos ou áreas con recursos de educación ambiental.

3.3. A intensidade de uso das Áreas de interpretación da natureza deberá sempre formularse por debaixo da súa capacidade de carga, evitando deterioracións sobre os recursos naturais e creando os sistemas de xestión que permitan garantir un uso sostible destes espazos.

3.4. O viario interior deseñarase en función do grao de accesibilidade que se considere axeitado para as distintas zonas de cada ámbito, e serán prioritarios os destinados a usos ciclistas, peonís e ecuestres. As zonas de acceso dotaranse de áreas de aparcadoiros axeitadamente integradas e dimensionadas.

3.5. Desenvolverase un sistema de itinerarios que constituirán a rede de itinerarios de interese paisaxístico e ambiental, formando un conxunto de elementos lineais, que conecte entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural, e permita completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio, e conseguir valorizar estes recursos, favorecendo, ademais, o mantemento dos fluxos ecolóxicos básicos, polo que nalgúns casos poderían formar parte da rede de corredores ecolóxicos. Entre os elementos de interese paisaxístico e cultural prestarase especial atención ás paisaxes agrarias tradicionais para a súa inclusión no sistema de itinerarios.

3.6. A rede de itinerarios de interese paisaxístico e ambiental deberá planificarse maioritariamente través de elementos existentes e executarse evitando calquera efecto negativo sobre espazos naturais protexidos e sobre os compoñentes do patrimonio natural e da biodivesidade, especialmente sobre os hábitat prioritarios de interese comunitario, recuperando antigos camiños, corredoiras e sendas, con métodos respectuosos co ámbito e que non supoñan unha mingua na súa calidade paisaxística. Neste senso, esta rede poderá incluír os itinerarios de uso público establecidos nas áreas protexidas, os paseos marítimos e fluviais, os parques periurbanos, etc.

3.7. A circulación ao longo dos Itinerarios de interese paisaxísticoe ambiental limitarase, en función da súa capacidade de carga, ao tránsito peonil, bicicletas e cabalerías, salvo nos tramos de viario abertos ao tráfico de vehículos a motor que se integren nesta rede e que se acondicionarán con criterios de percorridos paisaxísticos. Nos itinerarios que discorran por áreas protexidas, o réxime de uso estará suxeito ás determinacións dos seus correspondentes instrumentos de planificación e ás necesidades de cumprir cos obxectivos de conservación de cada espazo.

3.8. Os posibles equipamentos e instalacións de apoio a estes itinerarios deberán desenvolverse sobre edificacións existentes na medida do posible. Asemade, a posible utilización de mobiliario urbano- rural deberá

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

ser respectuosa e acorde cos elementos naturais do territorio, evitando a artificialización e unha excesiva humanización.

DETERMINACIÓN DA PAISAXE:

Determinacións excluíntes:

1. As Administracións públicas integrarán, conforme aos criterios da Lei 7/2008 de 7 de xuño de protección da paisaxe de Galicia, a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística así como noutras políticas sectoriais que poidan producir un impacto directo ou indirecto sobre ela.

2. A Xunta de Galicia desenvolverá os instrumentos da lexislación paisaxística necesarios para asegurar unha axeitada protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, que son:

a. Os Catálogos de paisaxe.
b. As Directrices de paisaxe.
c. Plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

3. Calquera actuación sobre o territorio incluirá, no marco do proceso de avaliación ambiental, un estudo de impacto e integración paisaxística.

4. Os Catálogos e directrices de paisaxe, considerados no seu conxunto, concíbense como un instrumento normativo complementario aos instrumentos de ordenación do territorio, por canto achegan uns obxectivos e disposicións baseados nas relacións funcionais de todos os elementos estratéxicos do territorio e contribúe a unha gobernanza máis participativa.

5. En ausencia dos Catálogos e Directrices de paisaxe, os instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico considerarán a perspectiva global e integral da paisaxe e seguirán as definicións e criterios xerais recollidos na parte correspondente da Memoria destas Directrices.

Determinacións orientativas:

6. O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestado especial atención ás tipoloxías edificatorias, ás medianeiras vistas e aos peches, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumeado público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiro de vehículos.

7. Nas áreas xeográficas transfronteirizas ou interautonómicas promoveranse políticas e programas comúns en materia de paisaxe.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

8. Os instrumentos de ordenación territorial identificarán as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas á mellora da imaxe do territorio prestando especial atención ás posibilidades existentes para restaurar ámbitos deteriorados.

9. Contemplarase a elaboración dunha guía metodolóxica de boas prácticas de intervencións nos entorno dos núcleos rurais, dende o punto de vista da integración paisaxística.

DETERMINACIÓNS DO PATRIMONIO CULTURAL:

Determinacións excluíntes:

1. A Xunta de Galicia adoptará as medidas precisas para completar e sistematizar o inventario de bens do patrimonio cultural de Galicia, conforme ao previsto na lexislación reguladora do patrimonio cultural. As restantes Administracións e institucións públicas e privadas colaborarán no cumprimento deste cometido.

2. As Administracións fomentarán a preservación do patrimonio cultural mediante medidas de protección e de accións positivas para a súa restauración, rehabilitación e conservación.

3. Calquera actuación sobre o territorio debe atender á súa compatibilidade cos bens do patrimonio cultural que se vexan afectados, o que require a súa identificación, o recoñecemento das súas características e das súas relacións co territorio e a análise das posibilidades de integralos como un elemento máis da actuación.
Os traballos de análise referidos incorporarán unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo, para a detección de elementos do patrimonio cultural non identificados no Inventario de patrimonio cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico.

4. As intervencións nos bens do patrimonio cultural deberán estar encamiñadas á súa conservación e mellora, debendo garantir a súa protección, revalorización e difusión, integrándoas de xeito harmónico no territorio e na paisaxe. En todo caso, deberán respectar as súas características esenciais sen prexuízo de que poida autorizarse o uso de elementos, técnicas ou materiais actuais para a mellor adaptación do ben ao seu uso.

5. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberán incorporar as accións e medidas necesarias para garantir a protección e conservación dos Ámbitos de interese do patrimonio cultural relacionados no Anexo IV, así como aqueloutros ámbitos susceptibles de presentar valores patrimoniais de calquera das súas manifestacións.
Particularmente deberase garantir a compatibilidade do desenvolvemento e ordenación dos asentamentos, das áreas empresariais e das actividades produtivas cos anteditos Ámbitos de interese do patrimonio cultural e os seus Plans especiais previstos na Lei 8/1995, do patrimonio cultural, cando corresponda.

6. O planeamento urbanístico promoverá a revitalización urbana das zonas históricas considerándoas como espazos emblemáticos esenciais na imaxe da cidade e como ámbitos residenciais e de actividade que deben

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

potenciarse, dotándoas das condicións urbanísticas e de relación co resto da cidade necesarias para reforzar a súa vitalidade e atractivo, así como a rehabilitación dos núcleos rurais de interese patrimonial.
Asemade, o planeamento urbanístico contemplará a arquitectura e as paisaxes vinculadas ao sector agrario e ao medio rural e promoverá a súa rehabilitación, dotándoas de condicións que reforcen o seu interese patrimonial e cultural.

7. A Xunta de Galicia elaborará un Plan especial de protección dos Camiños de Santiago para a identificación, delimitación e protección do territorio histórico asociado aos Camiños de Santiago, atendendo tanto a criterios históricos como á paisaxe cultural, e por tanto considerando todos os aspectos de índole territorial e social que os configuran.

Determinacións orientativas:

8. As Administracións priorizarán as estratexias de rehabilitación sobre os Ámbitos de interese do patrimonio cultural contemplados no Anexo IV.

9. As Administracións fomentarán a reutilización de edificios do patrimonio cultural en desuso para destinalos a novos fins, outorgando preferencia a aqueles usos que sexan máis compatibles cos orixinais da edificación, para o que se deberán ter en conta, en todo caso, as limitacións que poidan establecerse nos instrumentos que fixen a protección concreta do elemento patrimonial do que se trate.

10. As Administracións competentes en materia de turismo deberán incorporar nas súas estratexias de mellora da oferta turística elementos que conforman o patrimonio cultural que fortalecen a identidade territorial de Galicia.

11. O planeamento urbanístico municipal, na delimitación dos ámbitos de interese patrimonial en solo rústico, especificará as áreas ás que asignar a categoría de protección patrimonial ou histórica.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

4.- ADAPTACIÓN AO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

O Plan de Ordenación do Litoral (POL), aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sustentabilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

O POL abranguerá o territorio de todos os municipios costeiros de Galicia entre os que se atopa Ares115. Non será de aplicación na parte do termo municipal non incluído dentro das cuncas vertentes definidas na cartografía do mesmo, nin nos ámbitos clasificados como solo urbano consolidado ou solo de núcleo rural polo planeamento en vigor ou que adquiran esa clasificación en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión daquel. Non obstante, en virtude de expedientes de primeira formulación, modificación ou revisión do planeamento urbanístico, si será aplicable aos solos que este clasifique de núcleo rural e que se atopen incluídos nas áreas de recualificación identificadas no POL, así como naquelas que determine o planeamento urbanístico.

A continuación explicarase cómo o presente plan xeral ten en conta as determinacións establecidas no POL, e cómo concrétanse no presente documento. Para elo compre recordar que o modelo territorial previsto no POL supón a complementariedade, coordinación e relación de determinacións aplicadas a unha serie de elementos que responden ao seguinte esquema:

1. **Áreas do Plan de Ordenación do Litoral** nas que se divide a totalidade do territorio abranguido dentro do ámbito do POL, constituídas por:
   - a) Áreas continuas:
     - o Protección ambiental: intermareal e costeira
     - o Mellora ambiental e paisaxística
     - o Ordenación litoral
   - b) Áreas descontinuas:
     - o Corredores
     - o Espazos de Interese
     - o Rede de espazos Naturais de Galicia
2. **Asentamentos,** caracterizados do seguinte xeito:
   - a) Asentamentos de carácter fundacional:
     - o Núcleos de identidade litoral
   - b) Desenvolvemento periférico
   - c) Asentamento funcional
   - d) Agregado urbano
   - e) Nova agrupación:
     - o Ámbitos de recualificación

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

3. Sistemas xerais territoriais

Estas Áreas do POL afectan de diferente forma ás distintas clasificacións do PXOM. Para xustificar e clarificar a compatibilidade entre as determinacións do POL coa proposta de ordenación do PXOM, realízanse unha serie de planos nos que se cruzan a proposta de ordenación do plan xeral coas áreas do POL.: Planos de Ordenación 7: Ordenación do termo municipal - coherencia co Plan de Ordenación do Litoral. Esta serie de planos é coincidente en distribución e número de follas cos planos de ordenación do termo municipal.

En canto ás determinacións do POL represéntanse as tramas continuas e descontinuas, así coma a clasificación de asentamentos, incluíndo a identificación dos Núcleos de Identidade do Litoral e os Ámbitos de Recualificación enumerados no POL.

En canto á representación gráfica do Plan Xeral en tramitación, simplifícase co fin de facer o plano máis lexible, eliminando as tramas de cor e amosando as delimitacións con liñas na maior parte dos casos.

En función dos posibles cruzamentos que se poden dar entre as clases e categorías do PXOM e as distintas áreas que o POL establece, danse distintas situacións que se xustifican a continuación, nas que se lle asignan unha serie de condicións aplicables recollidas no documento da Normativa (Documento V do presente Plan Xeral).

- Cando un corredor atravesa un núcleo rural, estas áreas reaxústanse segundo a realidade física existente (apartado 0).
- Regulación dos usos do solo rústico segundo os artigos 46 ao 59 da normativa do POL.
- Consideracións paisaxísticas segundo se recolle nos artigos 73 a 78 da normativa do POL.
- Para as delimitacións dos núcleos rurais o PXOM ten en conta na súa ordenación os criterios de actuación do Plan de Ordenación do Litoral. Sen embargo hai unha serie de asentamentos nas áreas de mellora ambiental e paisaxística onde os desenvolvementos urbanísticos con carácter xeral están prohibidos, nas que se recollen tan só os asentamentos existentes.

  Ademais sinálanse unha serie de condicionantes e medidas de adaptación e protección ao ambiente e a paisaxe, recollidas na normativa do PXOM no Capítulo IV, artigos 66 (condición xerais , adaptación ao ambiente nos núcleos, preexistencias nas parcelas, criterios de deseño e acondicionamento das construcións auxiliares e dos peches de parcela, así como nos instrumentos de desenvolvemento) e 67 (referente entre outros aos NIL e Areas de Recualificación), así como no presente documento nos apartados 4.4 en relación aos NIL, e no 4.5 ás Áreas de Recualificación.
- Nos instrumentos de desenvolvemento que teñan que establecer a ordenación detallada dos ámbitos respectivos, por vir remitidos a ela no presente PXOM, e por aqueles outros sobrevidos e non contemplados no PXOM como posibles Plans Especiais, establécense unha serie de medidas de harmonización tanto na memoria xustificativa coma na normativa do PXOM, tal coma se explicou no punto anterior.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Igualmente sinálanse unha serie de especificacións nos casos dos Núcleos de Identidade do litoral (núcleo rural de Seselle e núcleos urbanos de Ares e Redes) e no ámbito da Área de Recualificación de Chanteiro.

Incluíronse os espazos de interese do POL así como a rede de Espazos Naturais de Galicia, coma solo rústico de protección ambiental ou paisaxística, tal coma se recolle no documento de Estudo do Medio Rural do PXOM.

4.1. - PROTECCIÓN COSTEIRA

No solo urbano de Ares hai unha zona que no POL se recolle coma protección costeira, que xa formaba parte do solo urbano nas NNSS de 1978 e que no presente plan mantense coa mesma clasificación, coma sistema xeral de zona verde (Parque Rosalía de Castro).

4.2. - ÁREAS DE MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

A clasificación do solo proposta no presente PXOM nestes ámbitos correspóndese na meirande parte dos casos con solos rústicos con distintas categorías segundo as súas características, se ben afecta a varios núcleos rurais, ao solo urbano e ao solo urbanizable residencial.

En canto aos núcleos rurais delimitados nestas áreas, correspóndense na maior parte das veces, con núcleos existentes xa delimitados no planeamento do ano 1.999, onde a tendencia xeral deste plan respecto ao anterior foi a de manter a superficie delimitada dos mesmos. Estes núcleos rurais son:

Parroquia	Núcleo rural	Parte do Tipo de núcleo afectado	NR no PXOM 1.999	Tipo de Asentamento do POL
San Pedro de Cervás	Chanteiro	NR HT	Si	De carácter fundacional e desenvolvemento periférico
		NR C		De carácter fundacional, desenvolvemento periférico e nova agrupación
San Pedro de Cervás	Cervás	NR HT	Si	De carácter fundacional e nova agrupación
		NR C		De carácter fundacional, desenvolvemento periférico e nova agrupación
San Xosé de Ares	O Penedo	NR C	Si	Nova agrupación
San Xosé de Ares	Maiobre	NR C	Si	De carácter fundacional, desenvolvemento periférico e nova agrupación
San Xosé de Ares	San Roque	NR HT	Non	De carácter fundacional
San Xosé de Ares	Lubre	NR HT	Si	De carácter fundacional e desenvolvemento periférico
		NR C		De carácter fundacional e agregado urbano
San Xosé de Ares	O Alto de Simou	NR C	Si	Nova agrupación
San Vicente de Caamouco	Seselle	NR HT	Si	De carácter fundacional
		NR C		De carácter fundacional
San Vicente de Caamouco	Carballás	NR C	Si	Desenvolvemento periférico e agregado urbano
San Vicente de Caamouco	O Raso	NR C	Si	De carácter fundacional e agregado urbano

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

San Vicente de Caamouco	As Pezoas-Curmá-Mazaido	NR HT	Si	De carácter fundacional, desenvolvemento periférico e agregado urbano
		NR C		De carácter fundacional, desenvolvemento periférico e agregado urbano

Os núcleos rurais de Carballo (San Pedro de Cervás), San Roque, Loureiros e Camiño de Pedrós (San Xosé de Ares) e Rodelas e A Rúa (San Vicente de Caamouco) son novos respecto ao planeamento anterior, se ben trátanse duns asentamentos tradicionais nos que se delimitan os núcleos orixinais.

Sen embargo, coma xa se explicou anteriormente establécense unha serie de condicionantes nos Núcleos Rurais en relación ás medidas de adaptación e protección do ambiente e a paisaxe.

4.3. - CORREDORES E ESPAZOS DE INTERESE

En atención ao disposto nos artigos 14 e 15 da normativa do POL, o planeamento municipal poderá precisar a delimitación destes espazos, garantindo o cumprimento dos obxectivos expostos na Memoria e mantendo a escala territorial da proposta.

O reaxuste das delimitacións dos corredores e espazos de interese propostos teñen por finalidade adaptalos de xeito máis preciso á súa realidade territorial, sen comprometer en ningún caso o bo funcionamento dos hábitats que o conforman.

Nas seguintes imaxes amósanse os corredores e espazos de interese que o planeamento reaxusta. En vermello represéntase a parte que se propón recortar, e en verde claro a que se propón aumentar:

Hai unha serie de corredores que se reaxustan no seu contacto co solo de núcleo rural. A zona que se recorta atópase completamente integrada no núcleo e carece de vexetación e/ou outros valores a protexer.
As parcelas integradas nos núcleos reúnen todos os requisitos para ser consideradas como tal.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

REAXUSTE DE CORREDORES:

CHANTEIRO



CERVÁS



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

MAIOBRE



BESOXO



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

PEDRÓS



CARBALLÁS



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

RODELAS - O OUTEIRO DE BARRACIDO

Rodelas é un núcleo de nova creación que trata de recoller un asentamento tradicional rodeado de viario rodado.



Os seguintes casos afectan a solos urbanos e urbanizables:

LUBRE – SUB-R

No contacto co núcleo de Lubre a motivación é a mesma que nos casos anteriores, reforzada pola presenza da estrada que une Ares e Chanteiro, que se entende non permite a continuidade do corredor ecolóxico ao sur.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

OESTE DO NÚCLEO DE ARES

O corredor axústase á vexetación existente, ampliándose na súa zona norte.



SUB-I

A zona do SUB-I pretende mellorar as condicións existentes na zona, en colaboración co concello de Mugardos, onde existen actividades terciarias, plantexando un novo acceso á zona urbana de ares e a cesión de zonas verdes aproveitando a vexetación existente, creando espazos libres para as vivendas do entorno. A zona atópase rodeada por estradas autonómicas, non hai ningún curso de auga nas inmediacións e non existe vexetación autóctona, polo que se entende que non reúne os valores dun corredor ecolóxico.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

NOVO CEMITERIO MUNICIPAL

Na zona onde se plantexa a creación do novo cemiterio municipal de Ares (SXEQ-20), reaxústase o corredor pola vexetación existente.



Os tres casos que restan son reaxustes de espazos de interese de protección de ladeira en dous núcleos plenamente desenvolvidos, recortándoa pola vexetación existente:

O PALLIZO



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A MALATA

O ALTO DE SIMOU



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

4.4. - NÚCLEOS DE IDENTIDADE DO LITORAL

Os Núcleos de Identidade Litoral son obxecto de delimitación por parte do planeamento urbanístico. Esta delimitación terá un carácter motivado atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar. Igualmente o Plan Xeral establecerá a figura pola cal se concretará o seu desenvolvemento, conforme aos principios xerais establecidos no POL, e especialmente no seu artigo 42.

En relación aos Núcleos de Identidade Litoral identificados no POL, compre dicir que no Concello de Ares hai tres:

- A vila urbana de Ares (parroquia de San Xosé de Ares).
- O núcleo rural de Seselle (parroquia de San Vicente de Caamouco).
- A vila urbana de Redes (parroquia de San Vicente de Caamouco).

Ademais dos principios xerais comúns a todos os elementos, no Pol defínense os seguintes específicos para estes Núcleos (artigo 42):

a) Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición estratéxica, como porta de acceso ao territorio e rótula entre a terra e o mar.

b) Potencia a imaxe exterior que se ten, tanto dende o mar e as rías coma dende a terra, prestando especial atención á mellora da calidade da súa fachada marítima.

c) Completar a fachada marítima como un signo da súa identidade, con especial atención aos seus elementos representativos de carácter tipolóxico, volumétrico, de materiais e texturas.

d) Configurar unha fachada marítima de calidade, asegurando unha servidume de tránsito continua, así como o contacto da poboación co mar, todo iso cun tratamento do espazo público axeitado ao carácter e á natureza do núcleo.

e) Procurar o "esponxamento" do bordo marítimo como lugar de contacto co mar e as rías e lugar de encontro e cohesión social.

f) Mellorar e conservar os elementos naturais que marcan a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para o cumprimento das determinacións establecidas no presente Plan (praias, accesos, aparcadoiros, etc.)

g) Establecer determinacións con respecto á relación fondo- figura, que permitan unha lectura harmoniosa do núcleo e dos seus elementos identitarios, así como das relacións espaciais e visuais co territorio e os seus elementos singulares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

h) Conservar e valorizar o contorno patrimonial e histórico a través de prácticas axeitadas de mantemento e rehabilitación.

Estes criterios foron tidos en conta para as vilas de Ares e Redes, tal coma se explica no apartado relativo ao solo urbano, así como para o Núcleo rural de Seselle.

A consideración do PXOM respecto destes núcleos son as que se recollen nos puntos seguintes, onde ademais da súa proposta de delimitación, establécense os criterios básicos para a súa ordenación detallada cando se teña que desenvolver a ordenación básica determinada no PXOM mediante plans de desenvolvemento ou de protección, ou para ordenar a posible incidencia que determinadas actuacións poidan ter sobre os condicionantes de tipo territorial ou paisaxístico, co obxectivo de que o desenvolvemento do ámbito do NIL sexa congruente e respectuoso cos seus valores mais característicos e representativos.

Polo tanto, estes criterios e condicións pasan a incorporarse como determinacións normativas, como se indica nos artigos correspondentes da normativa.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

NIL de Seselle

Trátase dun núcleo rural de carácter fundacional que se clasifica como tal no Plan Xeral.

A delimitación deste NIL segue as pegadas físicas do territorio, atendendo ás determinacións do POL. Recóllese esta delimitación tanto nos planos de ordenación do termo municipal, como nos planos de coherencia co POL. Igualmente amósase na seguinte imaxe o ámbito sinalado.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020.

NIL de Ares

Trátase dun núcleo de carácter urbano que se clasifica como tal no Plan Xeral e cuxa ordenación explícase máis detidamente no apartado 6.2.1 da presente memoria.

O que se pretende coa nova ordenación da vila de Ares é buscar un modelo co que completar e esponxar o tecido urbano, facendo unha transición de densidades dende a cidade compacta ata o borde urbano e recuperando a vinculación de Ares co entorno natural.

Nel propóñense unha serie de ámbitos non consolidados que teñen por finalidade consolidar e completar o casco urbano contribuíndo dunha maneira considerable ao mellor funcionamento deste, mallando zonas á vez que se dotan de espazos libres. Así mesmo tamén búscase a conexión co fronte costeiro, reducindo o tráfico nas vias máis próximas á costa. Para isto proxéctase un novo acceso ao centro urbano a través dos polígonos non consolidados, ampliando ademais considerablemente os espazos libres, mellorando notablemente as áreas de recreo e esparexemento dos cidadáns de Ares.

Por outra banda, en torno ao solo urbano proponse un ámbito urbanizable que ten por finalidade garantir un crecemento ordenado que complete a malla urbana, limitando o seu desenvolvemento ao desenrolo de parte do solo urbano non consolidado (é preciso en primeiro lugar consolidar o centro urbano de Ares). Igualmente contribuirá á conexión do solo urbano co núcleo rural de Lubre e á integración do colexio e a nova zona verde do Castro de Ares, de xeito que se consiga un continuo urbano que complete os tecidos, á mellora das infraestruturas de comunicación e dar resposta á demanda de vivenda de segunda residencia.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

NIL de Redes

Trátase dun núcleo de carácter urbano que se clasifica como tal no Plan Xeral e cuxa ordenación explícase máis detidamente no apartado 6.2.2 da presente memoria.

O que se pretende coa nova ordenación da vila de Redes é protexer o casco histórico, ordenar o crecemento da vila e dotala dun gran espazo libre sobre a praia, así como conectala co entorno natural.

Por outra banda, en torno ao solo urbano propóñese un novo acceso ao núcleo urbano e de novos espazos de aparcamento.

Introdúcense unha serie de novos sistemas xerais no solo urbano. Unha gran zona verde central para o núcleo urbano ao norte do casco histórico, sobre a praia, e outra nas inmediacións do Clube de remo e a batería de Redes. Ademais, amplíase o Clube de tenis para permitir a súa posible ampliación. Tamén salientar a inclusión dunha zona verde na entrada de Redes, que pretende mellorar a imaxe da zona.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

4.5. - DELIMITACIÓN E REGULACIÓN DA AREA DE RECUALIFICACIÓN

O POL establece nas fichas de Unidades da Paisaxe os Ámbitos de Recualificación, recoñecidos basicamente coma novas agrupacións de carácter residencial, desvinculadas dos núcleos fundacionais e desconformes co modelo territorial proposto dende o POL. No concello de O Ares identifícase unha: Área de Recualificación de Chanteiro:

UNIDADE DE PAISAXE	
Golfo Ártabro	
Ría de Ferrol	
Clave 03-01-099	Denominación: Enseada de Chanteiro
Caracterización Morfoloxía	O núcleo de referencia desta unidade é Chanteiro, pertencente á parroquia de Cervás. Situado ao este da unidade, aproximadamente a 75 metros sobre o nivel do mar e orientado a suroeste, o núcleo tradicional apoiase na C-0402 cunha estrutura alveolar, formando pequenas agrupacións compactas unidas pola rede de camiños que logo dan accesibilidade ás terras de cultivo. O desenvolvemento contemporáneo deste núcleo apoiouse nestas vías para xerar un continuo edificado de moi baixa densidade, mediante unha tipoloxía de vivenda unifamiliar illada que transforma antigas parcelas de cultivo en predios residenciais con xardín. Ademais, na parte baixa do val do rego de Pomouro xurdiu un fenómeno de urbanización con estas mesmas tipoloxías que transformou as antigas zonas fértiles de cultivo nun mosaico de vivendas dispersas enganchadas a unha estrada principal que vai ata a praia.
Avaliación	Un dos valores máis salientables desta unidade está relacionado coa expresividade dos elementos naturais que a conforman. A pesar das transformacións xa referidas, a paisaxe presenta determinados elementos de valor como a praia de Chanteiro, toda a fronte litoral acantilada que conforma o resto da costa, o rego de Pomouro coa vexetación de ribeira que o acompaña ou os fitos xeográficos de Monte Faro e o alto do Campelo, na Punta Coitelada. É salientable tamén a importancia patrimonial e histórica da Ermida de Chanteiro, referencia tradicional para toda a bisbarra de Ferrolterra. Pola forma característica do litoral desta unidade, formando unha enseada, os dous bordos desta permítennos unha visión lonxitudinal de todo o val, podendo dicir que a Punta de Segaño e a Punta Coitelada constitúen puntos de observación da paisaxe. A excelencia das formacións acantiladas e a praia que conforman a fronte litoral desta unidade está recoñecida coa súa inclusión no LIC Costa Ártabra.
Planificación:	<u>Ámbito de Recualificación</u>: Asentamentos dispersos na fachada fluviolitoral, desde o núcleo de Chanteiro ao longo do val e até a enseada do mesmo nome, de forma que se evite o fenómeno urbanizador disperso na fronte litoral e a alteración da percepción da fronte costeira e a paisaxe da unidade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Dende o POL establécense os seguintes principios xerais comúns (Art. 33 da normativa) e específicos para estas áreas (Art. 44):

Comúns:

Con carácter xeral deberanse respectar os seguintes principios comúns a todas as áreas:

a) Valorizar os elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e rehabilitación.

b) Divulgar o coñecemento, facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitorios naturais ou culturais, prestando especial atención aos espazos de interese identificados.

c) Proporcionar conectividade ao territorio, preservando a funcionalidade dos ecosistemas e evitando a súa fragmentación.

d) Preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural.

e) Contribuír á diversidade e riqueza paisaxística, integrando os usos e actividades que sobre o territorio se implanten.

f) Evitar a alteración substancial dos ecosistemas así como a súa ocupación con especies alóctonas.

Ademais dos principios xa enunciados con carácter xeral, comúns en todo o ámbito deste Plan, en cada elemento do modelo deberán observarse especificamente os establecidos nos artigos seguintes.

Específicos:

a) Favorecer a permeabilidade e conectividade visual coa costa, de maneira que non se formen pantallas arquitectónicas.

b) Mellorar a imaxe do bordo costeiro evitando así a súa ocupación.

c) Favorecer a conectividade e funcionalidade dos hábitats.

d) Restituír a paisaxe natural, rural ou urbana, dotándoo da funcionalidade e estrutura que lle son propias, mellorando así a súa calidade ambiental e escénica.

e) Mellorar a calidade da escena urbana ou rural a partir da recualificación do espazo público favorecendo a xeración de espazos de cohesión.

f) Favorecer a integración do ámbito no seu contorno natural ou rural próximo mediante a incorporación de elementos naturais (ríos, regatos, masas arborizadas, etc.).

g) Preservar a calidade ambiental e paisaxística, superar o déficit de equipamentos e evitar parámetros de ocupación, intensidades ou solucións de implantación incompatibles coa capacidade de carga do territorio ou cos seus valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.

h) Establecer unha regulación que garanta os criterios de idoneidade, sostibilidade e calidade establecidos no presente Plan.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Igualmente recóllese a regulación de carácter xeral (art. 60 e 61) e específica (art. 71) respecto dos **desenvolvementos urbanísticos**. Segundo esta última, nos ámbitos de recualificación, son as que seguen:

1. Posto que identifican dinámicas de ocupación do territorio desconformes coas determinacións do presente Plan, a delimitación destes ámbitos terá por obxecto operacións de mellora, cohesión social, dotación e esponxamento.

2. O seu desenvolvemento será posible tras a axeitada clasificación do plan urbanístico conforme á lexislación vixente. Poderán levarse a cabo desenvolvementos dentro do ámbito da área de recualificación que dean cumprimento aos principios e criterios xerais descritos para estes ámbitos e incorporando os obxectivos e criterios da área na que se atopen.

3. Para iso:

a. Os instrumentos de desenvolvemento destes ámbitos serán os establecidos na lexislación urbanística conforme á súa natureza.

b. A súa delimitación poderá ser continua ou descontinua e deberá estar axustada aos obxectivos, criterios e determinacións anteriormente descritos.

c. O seu desenvolvemento incorporará un Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) que poderá pormenorizar a súa delimitación en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre elas e os lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado, a morfoloxía e tipoloxías propias destes e da área xeográfica en que se atopan.

d. As actuacións limitaranse a dar coherencia, estrutura e integrar ambiental, funcional e paisaxisticamente o existente, de maneira que unha vez establecido o ámbito de recualificación, a partir del non se poderán prever no plan novos crecementos urbanísticos.

Corresponde ao Plan Xeral de Ordenación Municipal delimitar esta Área de Recualificación. Para elo séguense as pegadas físicas do territorio atendendo ás determinacións do POL, tal coma se amosa nas seguintes imaxes (recóllese esta delimitación tanto nos planos de ordenación do termo municipal, como nos planos de coherencia co POL).

Basicamente a delimitación proposta recolle toda a zona de crecemento cara a costa do núcleo rural de Chanteiro, o bordo litoral da enseada de Chanteiro, o corredor ecolóxico que marca o POL arredor do Rego Pomoulo e o entorno da ermida.

Delimítase un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións que abarca todo o ámbito considerado Área de Recualificación, 500.611 m^2 (ver apartado 4.7 desta memoria).

Desde o POL establécense os principios xerais comúns (Art. 33 da normativa) e específicos para estas áreas de recualificación (Art. 44) e recóllese a regulación de carácter xeral (Art. 60 e 61) e específica (Art. 71) respecto dos desenvolvementos urbanísticos. Igualmente dende o PXOM recóllense as propostas ou

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

actuacións necesarias e criterios de ordenación para esta área, tal coma se explica no apartado 4.5. da memoria xustificativa, ao igual que na normativa deste Plan, no Art. 66, 3.

Na súa **zona costeira** se localizan un bar e as instalacións auxiliares dunha zona de acampada, así como algún peche de parcelas privadas, que fan difícil o acceso público á praia e á costa e que se verán afectados pola actuación. No extremo sur da praia e ao norte da mesma existen dous pequenos regatos que desembocan na enseada e que na actualidade están canalizados na súa desembocadura.

Este PE proponse, en parte, como resposta á existencia dun proxecto da Dirección Xeral de Costas, a través da Demarcación de Costas de Galicia, para a recuperación do bordo litoral da praia de Chanteiro. O Plan Xeral recolle este proxecto na súa ordenación, encamiñada á mellora da articulación do espazo público e da accesibilidade á costa, así como á eliminación de usos non desexables.

O PE ten como finalidade a localización de zonas de ocio e recreo, aparcamentos e sendas peonís na franxa costeira da enseada de Chanteiro, dende o extremo sur da praia de Chanteiro, bordeando a enseada ata a praia pequena, así como no acceso á ermida. Se prevé a apertura dun vial que conecte as dúas rúas de acceso á praia e os novos aparcadoiros.

Na **zona entre a fronte costeira e o núcleo de Chanteiro**, trátase de mellorar as condicións dun desenvolvemento de vivendas unifamiliares existentes situado nun ámbito delicado, recoñecido no Plan de Ordenación do Litoral coma área de recualificación, por tratarse dunha nova agrupación de carácter

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

residencial, desvinculada do núcleo fundacional e desconforme co modelo territorial proposto dende o POL. O obxectivo será mellorar a imaxe urbana tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

O Plan Especial deberá conter as limitacións da Lei de Costas para a zona de servidume de protección e o establecido na Disposición Transitoria Cuarta. En todo caso, o Plan Especial deberá remitirse á Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar, a través da Demarcación de Costas de Galicia, para a emisión do informe que dispoñen os artigos 112 a) e 117 da Lei de Costas.

Liñas de actuación na área de recualificación:

- Mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

- Execución de dotacións, a súa conexión co viario existente e a súa integración no entorno.

- Recuperación da Servidume de Tránsito do Dominio Público Marítimo Terrestre,mediante a demolición das edificacións e construcións que imposibilitan na actualidade o paso, así como a creación de itinerarios peonís ou a reurbanización dos existentes.

- Mellora da accesibilidade mediante o reacondicionamento de accesos, a formalización de dous aparcamentos de vehículos fóra do Dominio Público e a creación dunha rampla de servizo á praia.

- Tratamento do bordo litoral dotándoo adecuadamente para o seu uso público, creando zonas de ocio e recreo e miradores, así como instalacións de salvamento, aseos e servizo de praias. Producirase ao mesmo tempo o acondicionamento e rexeneración ambiental das superficies destinadas a zona verde e de estancia.

- Restauración ambiental, realizando podas de saneamento dos arbustos e árbores a manter, plantando especies autóctonas no aparcamento, zonas de estancia e paseo de bordo. Prevese así mesmo a apertura da canle dos dous regatos que desembocan na enseada.

- Tratamento do entorno da ermida de Chanteiro co acondicionamento dos seus accesos e do seu entorno como zona verde, onde se celebra o Voto de Chanteiro.

- Acondicionamento de senda peonil e zona verde a través do Rego Pomoulo (SXZV-08).

- Aumentar a permeabilidade nos peches das parcelas.

- Mellorar a calidade dos viais de acceso á praia e os espazos públicos existentes. En especial acondicionar como espazo central de acollida o sistema xeral SXZV-09.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Soterrar, no posible, o tendido das liñas eléctricas e de telefonía e mellorar as infraestruturas de abastecemento e saneamento.

- Igualar, no posible, os distintos pavimentos existentes na zona e dotar de mobiliario urbano ao espazo público.

4.6. - GRAOS DE COMPATIBILIDADE

En relación co planeamento municipal vixente, o POL debe establecer nos ámbitos de solo clasificados como urbano non consolidado e urbanizable que non se desenvolveran, os grados de compatibilidade con el.

Non existen ámbitos que non se desenvolveran coas NNSS vixentes.

4.7. - DETERMINACIÓNS CONCRETAS NOS ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO

A continuación realízase unha análise do influxo do POL nos ámbitos pendentes de desenvolvemento, tanto no solo urbano non consolidado coma no solo urbanizable, e tamén no solo de núcleo rural, co fin de recompilar os condicionantes que se establecen aos mesmos e que se engadirán nas fichas correspondentes na normativa do PXOM.

Igualmente, establécense unha serie de condicionantes nas áreas pendentes de desenvolvemento na normativa, ademais dos citados a continuación:

SOLO URBANO NON CONSOLIDADO:

Os obxectivos sinalados para estes ámbitos (explicados no apartado relativo ao NIL de Ares 1.1.4.1, no referente á ordenación do solo urbano non consolidado 6.2.2. e nas fichas de SUNC no anexo II do documento V da normativa) son:

- Consolidar e completar o casco urbano contribuíndo dunha maneira considerable ao mellor funcionamento deste, mallando zonas á vez que se dotan de espazos libres.
- Os situados no ámbito do NIL de Ares incorporarán as actuacións necesarias e criterios de ordenación recollidos no apartado 4.4 desta memoria.
- Regularanse segundo as condicións de protección dos recursos paisaxísticos sinaladas no artigo 65 da normativa.

P-1

- Posibilitar a conexión verde entre Lubre e A Xunqueira e Pedrós a través dos espazos libres do P-1 e o SUB-R, unindo a zona verde de Fontelide (SLZV-05) coa da Av. do Mazote (SLZV-29).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Se pretende unha conexión peonil entre o borde costeiro (Parque Rosalía de Castro) e Lubre, a través da Avenida do Mazote, o P-1 e o SUB-R.
- Os espazos libres recollerán todo o curso de auga existente, que deberá tratarse adecuadamente segundo as directrices de Augas de Galicia e conectará o SLZV-05 co SLZV-29 e, no posible, a vexetación do lugar.
- Coidarase a integración paisaxística do espazo de aparcamento, na zona oeste do polígono e con acceso desde a Avenida de Mugardos.

P-2

- Coidarase a transición entre tecidos construídos, en especial no contacto co casco antigo.

P-3

- Poñer en valor o xacemento catalogado (SXZV-13 e 14) situando as cesións de espazos libres e equipamentos de sistema local ao seu redor, con conexión co viario existente ou previsto, favorecendo a permeabilidade e a accesibilidade ao parque.
- Os viais interiores serán de uso so para residentes e garantirán o acceso público ao xacemento.
- Coidarase a estética dos peches das parcelas que dean fronte ao espazo verde do castro.

P-4

- Favorecer a permeabilidade e a accesibilidade á praia e concentrar as dotacións na zona central do polígono.
- Rebaixar a intensidade de tráfico da zona, levándoo polos viais de nova creación, aos que estará ligado o espazo de aparcamento, de servizo á praia, e deixando os existentes para residentes.
- Coidarase a integración paisaxística do espazo de aparcamento.

P-5

- Remate do tecido construído existente na entrada de Ares.

P-6

- O vial principal se plantexa como novo acceso ao centro do núcleo urbano de Ares a través do P-6 e o SUB-R.
- Coidarase a integración paisaxística do espazo de aparcamento, na zona oeste do polígono, ligado ao vial principal.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- As cesións de espazos adicados a equipamentos e zonas verdes faranse buscando a creación dunha nova centralidade e a relación coas dotacións existentes no entorno (colexio).
- Coidarase a transición entre tecidos construídos, en especial no contacto co casco antigo.

SOLO URBANIZABLE RESIDENCIAL (SUB-R) EN ARES:

Os obxectivos sinalados para este ámbito (explicados no apartado relativo á ordenación do solo urbanizable 6.3.1.) son:

- Se pretende posibilitar e deixar previsto o futuro crecemento deste núcleo urbano cunha bolsa de terreo que queda entre distintas clasificacións de solo (solo urbano e solo de núcleo rural), pensada para darlle continuidade e coherencia a estes baleiros de solo que fan de remate contra o solo rústico.
- Regularase segundo as condicións de protección dos recursos paisaxísticos sinaladas no artigo 65 da normativa.
- Os prazos de desenvolvemento do sector SUB-R son os establecidos na estratexia de actuación, se ben, tal como ven recollido na mesma, se desenvolverán antes os polígonos de solo urbano non consolidado do interior do núcleo de Ares (P-1, P-2 e P-6), para rematar en primeiro lugar o centro urbano.
- As cesións de espazos libres e equipamentos deberán favorecer a conexión peonil branda entre A Xunqueira e o Castro de Lubre a través do P-1, e as zonas verdes de Fontelide (SLZV-05) e Mazote (SLZV-29), así como a relación coas dotacións existentes no entorno (colexio).
- Se concentrará a tipoloxía de vivenda plurifamiliar cara o núcleo urbano de Ares, en continuidade co solo urbano existente, e se prestará especial atención á transición co núcleo rural de Lubre.
- O sistema xeral viario incluído SXV-13, de 16 m de ancho, pretende ser un novo acceso ao centro do núcleo urbano de Ares en paralelo á existente AC-123 pero cunha sección de viario mais adecuada. O SXV-14 serverá de conexión coa trama urbana existente e a estrada AC-123, prolongándose no interior do P-1.
- O sistema xeral viario incluído SXV-07, de 20 e 16 m de ancho segundo o tramo, pretende ser un novo acceso ao centro do núcleo urbano de Ares en paralelo á existente AC-130 pero cunha sección de viario mais adecuada. A conexión do SXV-07 co trazado incluído no proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC.130 necesitará da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas. O SXV-08 servirá de conexión coa trama urbana existente e a estrada AC-130, prolongándose no interior do P-1.
- Os sistemas xerais viarios anteditos darán servizo ó actual Colexio Conde de Fenosa e á ampliación do mesmo a través do SXEQ-24 incluído no SUB-R.
- Garantirá a súa conexión viaria coas estradas DP-0402 e AC-130.
- O planeamento de desenvolvemento preverá o enterro da liña eléctrica de media tensión existente.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL SUB-I:

En relación ao Plan de Ordenación do Litoral, o Polígono Industrial sitúase nunha área de Ordenación. Dacordo co artigo 14 da normativa do POL se propón a redelimitación do corredor ecolóxico atendendo ás características físicas reais do entorno. Como se explicou no apartado 4.3 desta memoria, a zona atópase rodeada por estradas autonómicas, non hai ningún curso de auga nas inmediacións e non existe vexetación autóctona, polo que se entende que non reúne os valores dun corredor ecolóxico.

Cabe destacar o traballo en coordinación co equipo redactor do PXOM de Mugardos para a situación e desenvolvemento deste sector. O PXOM de Mugardos plantexa lindando co SUB-I de Ares outro sector urbanizable industrial que recolla os usos terciarios existentes e configure un novo acceso ao solo urbano de Ares.

O obxectivo sinalado para este ámbito (explicado no apartado relativo á ordenación do solo urbanizable 6.3.1.) é dotar ao concello dun ámbito no que as empresas, fundamentalmente de carácter local, poidan establecerse. A súa localización responde tanto á conexión cos sistemas xerais de comunicación e á vila urbana, coma á topografía, e a integración paisaxística do mesmo.

O sistema xeral viario asociado ao SUB-I (SXV-06) posibilitará a mellora do acceso ao concello desde a vía rápida, a través da estrada AC-130, ata a zona de O Castro e Redes, ademais de ao propio SUB-I.

As cesións de espazos libres situaranse aproveitando a vexetación existente, dando servizo ás vivendas do entorno.

O sector contará coa súa propia estación depuradora de augas residuais.

A continuación sinálanse unha serie de medidas de integración paisaxística co fin de adecuarse ao entorno, respectando e complementando as condicións sinaladas no POL e na normativa do PXOM:

- A ordenación proposta deberá contar con medidas de integración paisaxística que limiten e minimicen a exposición visual dos volumes edificados sobre o espazo costeiro.
- Nos bordes do polígono manterase a vexetación arborada co fin de crear un apantallamento visual do polígono, sobre todo no contacto coas vivendas existentes. Nesta zona buscarase unha transición a través dun espazo de zona verde.
- As zonas verdes minimizaran a afección entre este sector empresarial e garantiran a conectividade do corredor ecolóxico, por tanto localizaranse ao norte do sector.
- Empregar elementos construtivos, tipoloxías e materiais acordes coa paisaxe na que se integra a actuación, evitando o uso de cores intensos ou materiais cun alto grao de reflectividade.
- Eliminaranse as especies alóctonas, especialmente as invasoras, e se reforestará con especies autóctonas.
- Nos viais do sector incluiranse masas arbóreas autóctonas que reduzan a visibilidade das naves.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

4.8. - SENDA DOS FAROS

No Plan de Ordenación do Litoral, inclúese a denominada Senda dos Faros. Esta inclúese dentro da senda Europea de Gran Percorrido que une San Petersburgo con Lisboa (GRE-9).

Esta senda litoral, unicamente supón unha proposta de trazado, sen entrar aínda no estudo pormenorizado das actuacións necesarias para acondicionar e asegurar o tránsito polo mesmo. Este debe ser o obxecto dunha segunda fase que se desenvolverá por un ou varios Plans Especiais.

OBXECTIVOS

• Integrar a Galicia no proxecto da Senda Europea GRE-9, “Cornixa Atlántica”, que propón unir cun percorrido peonil toda a costa desde San Petersburgo ata Lisboa.

• Dar alternativas ao litoral, mediante a oferta de usos como o sendeirismo, a bici ou o montañismo, xerando máis opcións turísticas que a praia; equilibrando así o uso deste territorio ao ser actividades que se poden desenvolver ao longo de todo o ano e con condicións climáticas diversas.

• Xerar un recurso económico sostible mediante unha estrutura territorial “branda”, fomentando ao mesmo tempo a conservación do medio.

• Ofrecer medios de uso, coñecemento e gozo do territorio litoral, mediante o establecemento dunha rede de camiños e sendas que permitan percorrer o espazo costeiro e conectar co interior.

• Dotar á senda de elementos que posibiliten a súa función didáctica e fortalecer o coñecemento do litoral como elemento territorial e cultural.

O Concello de Ares atópase no Golfo Ártabro. Esta costa caracterízanse por contar cunha costa abrupta con elevacións importantes, que protexen amplos entrantes onde se acumulan sedimentos e se forman praias. Son paisaxes caracterizadas pola súa gran variedade: grandes zonas húmidas, praias extensas no interior da ría e praias de menor extensión e cantís abruptos na costa.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020



Nos planos de ordenación do PXOM recóllese o trazado orientativo da senda no concello de Ares.

A Senda dos Faros ten por obxecto fomentar o descubrimento do litoral, a posta en valor dos recursos territoriais e a lectura das paisaxes que se van percorrendo. Búscase, ao mesmo tempo, a conexión con outras rutas alternativas que percorren núcleos asentados no contorno do seu percorrido e que ofrecen un rico patrimonio cultural e etnográfico, moitas veces descoñecido e tristemente esquecido.

Mediante este percorrido preténdese establecer unha rede de carreiros claramente delimitados, accesibles e seguros para o uso e gozo da sociedade.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

4.9. – RESERVAS DE APARCAMENTO AO SERVIZO DAS PRAIAS

Segundo o artigo 90 do Plan de Ordenación do Litoral:

O plan municipal resolverá as necesidades de aparcadoiro realizando un estudo da capacidade de carga da praia. A localización dos novos aparcadoiros será preferentemente nos núcleos próximos ou o seu contorno inmediato, xerando as mínimas afeccións.

De non ser viable, procurarase a xestión de parcelas de uso agrario para suplir a demanda de aparcadoiro de praia de carácter estacional, sen realizar tratamento ou acondicionamento ningún.

En ningún caso se autorizará o estacionamento de vehículos na praia, cordón dunar e superficies areentas anexas e fóra dos lugares habilitados a ese efecto. En todo caso, o plan urbanístico deberá establecer as previsións necesarias para que os aparcadoiros aínda existentes, que non se axusten ás determinacións deste Plan, se recoloquen cumprindo as condicións das epígrafes anteriores.

Procurarase que as áreas de aparcadoiro non sexan visibles dende a praia, debéndose utilizar materiais e tratamentos adecuados para mellorar a súa integración ambiental e paisaxística.

Sen necesidade de adaptación do planeamento urbanístico a este Plan, os aparcadoiros existentes nas Áreas de Protección poderán ser recolocados noutros espazos nos que se admita este uso, establecendo as medidas oportunas para a recuperación e rexeneración ambiental da área abandonada.

No caso das praias naturais non se permitirán aparcadoiros no seu contorno. Tan só se permitirán labores encamiñados á recuperación das características naturais dos existentes.

Segundo o POL, esta é a clasificación das praias existentes no concello de Ares:

Praias urbanas:
- 19 Ensenada de Ares

Praias rurais:
- 23 Redes

Praias periurbanas:
- 14 Chanteiro
- 15 As Mirandas
- 16 Ribada
- 17 As Estacas
- 18 Centeás
- 20 Da Campa (Seselle)
- 21 Raso
- 22 Sabadelle
- 24 Río Sandeu



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

De acordó co establecido no artigo 90 do POL, realízase un estudo das necesidades de aparcadoiro en función da capacidade de carga das praias periurbanas e rurais do concello de Ares.

Para a estimación da demanda pártese da superficie de cada Praia, que se mide directamente en planos apoiados con fotografía aérea. Estímase que as praias teñen una capacidade de 30 m^2 por cada usuario. Para as de maior afluencia e tamaño (Da Campa e Redes), estímase que o 70% dos usuarios accede en vehículos e o restante 30% accede desde os núcleos ou edificacións illadas de contorno e faino dun modo peonil. Para as praias de menor demanda a proporción é de menor demanda de usuarios externos, é dicir o 40% acceden en vehículos cando poden facelo. Para a estimación de vehículos pártese dunha ocupación media de 4 usuarios por vehículo. Tamén se reproduce o número de prazas de aparcamento existentes na actualidade, por medición de ámbitos normalmente utilizados polos vehículos que permiten manter a funcionalidade viaria.

A accesibilidade é un factor que condiciona a capacidade de carga dunha praia, co que praias de difícil acceso como as existentes ao sur do núcleo urbano de Ares (As Mirandas, Ribada, As Estacas e Centeás) e Redes (Sabadelle) terán una capacidade de carga baixa (estímase en 50 m^2 por cada usuario). Dado o seu carácter natural, enténdese que non se debe favorecer a súa accesibilidade rodada, polo que se garante a accesibilidade peonil dende os núcleos próximos e apoiada no trazado da senda dos faros.

Ademáis as praias agrúpanse por sistemas cando están próximas, posto que moitas delas contan cunha comunicación de bordo que permite a súa conexión peonil e compartir as zonas de aparcamento.

REF.	TOPONIMIA	CATEGORÍA	CÁLCULO DEMANDA (PRAZAS)		APARCAMENTO EXISTENTE/PREVISTO (PRAZAS)		ACCESIBILIDADE
14	Chanteiro	Periurbana	32		120 (SXV-04)		Rodada pavimentada
15	As Mirandas	Periurbana	5		8 (viario existente)		Rodada terra
16	Ribada	Periurbana	3		0		Rodada terra
17	As Estacas	Periurbana	1	3	10 (viario existente)	10	Rodada terra
18	Centeás	Periurbana	3		0		Rodada terra
20	Da Campa	Periurbana	387	390	65 (SXV-01) + 150 (SXV-10) = 215	415	Rodada pavimentada
21	Raso	Periurbana	3		200 (SXV-11)		Rodada pavimentada
22	Sabadelle	Periurbana	6		50 (SXV-14)		Rodada terra
23	Redes	Rural	25		61(SXV-02) + 120 (SXV-13) = 181		Rodada pavimentada
24	Río Sandeu	Periurbana	7		14 (existente no Concello de Fene)		Rodada pavimentada

Pódese comprobar que as reservas de aparcamento ao servizo das praias son suficientes para a demanda calculada.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

5.- CRITERIOS PARA A REDACCIÓN DO PXOM

O PXOM é un instrumento urbanístico para a ordenación integral do territorio municipal. Esta ordenación ten como premisa constante a de mellorar a calidade de vida dos habitantes do municipio, prevalecendo o beneficio da comunidade ao particular, cos menores custos sociais posibles.

Aínda que a maior parte destes obxectivos non dependen do PXOM directamente, este ten que poñer as bases, como documento oficial que é, para impulsar o máximo posible todo tipo de iniciativas positivas para o concello creando un substrato legal para isto.

O seu contido deberá ser congruente cos fins que nel se definan. Tales criterios de planeamento constitúen as bases a seguir para conseguir os obxectivos e fins marcados:

A) Adecuación do Plan á normativa e lexislación urbanística en vigor tanto autonómica como estatal.

B) É hipótese fundamental do planeamento para a formación do PXOM, establecer os criterios adecuados á realidade presente de Ares, partindo dunha análise da estrutura xeral do municipio, para o cal é importante ter presente o PXOM do ano 1.999, xa que aínda que foi anulado por sentenza do Tribunal Supremo, o desenvolvemento do municipio nos últimos anos xurdiu ó abeiro dese planeamento, o que condiciona a ordenación do actual.

C) Defensa dos valores naturais e medio ambientais. Para conseguir isto intentaranse protexer as zonas máis sensibles a posibles impactos medio ambientais, que ademais de posuír valores naturais e paisaxísticos nalgúns casos de gran singularidade, posúen outros valores, como poden ser os de tipo arqueolóxico.

D) Protexer o patrimonio arquitectónico existente ante as novas edificacións, partindo dunha análise tipolóxica (escala, forma de implantarse no lugar, proporcións, alturas, relación forma-uso, percorridos, desenvolvemento en planta, etc.) intentando alonxarnos o máximo posible dunha analítica unicamente formalista e decorativa (como sería unha que faga referencia só a materiais ou ao tipo de cuberta empregada) buscando así que o posible impacto entre o novo e o vello se desenrole nun diálogo arquitectónico de respecto e que ao tempo sexa coherente e racional cos avances tecnolóxicos actuais. Trátase de evitar caer obrigatoriamente no mimetismo máis arbitrario que na maioría dos casos en vez de axudar a que xurda ese diálogo, o impide, implantando sobre todo confusión e contradición.

E) Ampliar o catálogo do patrimonio histórico-artístico, arquitectónico, etnográfico e cultural en pro de potenciar o desenvolvemento do municipio sen perder a súa propia identidade patrimonial.

F) Protexer o patrimonio arqueolóxico, de gran importancia para coñecer e manter as raíces de Ares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

G) Posibilitar a implantación da industria e do comercio que sexa compatible coa vivenda, combinando de xeito harmonioso ambos usos sen menoscabo, se é necesario, da diferenciación espacial en zonas específicas, como pode ser un parque empresarial.

H) Posibilitar a mestura de usos compatibles salvo nas áreas diferenciadas e específicas.

I) Xerarquizar, reforzar e potenciar a densa rede viaria existente, utilizándoa de forma que sirva para estruturar o territorio, actualizándoa para as novas necesidades do presente e futuro, especialmente mellorando as estradas que comunican Ares co seu entorno.

J) Protexer a infraestrutura de comunicacións en xeral e as súas marxes para non verse afectada no seu funcionamento e sexa posible a súa ampliación ou mellora futura.

K) Posta en valor da infraestrutura portuaria, que funcione por unha banda como dinamizadora do sector pesqueiro, no caso do porto de Ares, e por outra banda engadindo valor aos recursos turísticos, na súa faceta de porto deportivo, nos portos de Ares e Redes.

L) Poñer as bases para cubrir as carencias existentes de zonas verdes e de equipamentos a través da creación de dotacións novas.

M) Fomentar as potencialidades ambientais e paisaxísticas como fonte de novos recursos económicos así como o mantemento das actividades económicas tradicionais, xa que do equilibrio de ambas as dúas depende o futuro de Ares.

N) Segundo o plan estratéxico "Proxecto de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal", a potencialidade de Ares se centra no sector servizos e o turismo. O obxectivo é o óptimo desenvolvemento destas actividades motor e de futuro.

O) Nas últimas décadas Ares cambiou a súa identidade, transformándose nun núcleo turístico. A poboación case se triplica en verán. A día de hoxe, grazas ás novas infraestruturas (viarias, de abastecemento e saneamento), Ares ten potencial suficiente para se converter nun lugar receptor de primeira e segunda residencia. Para que isto sexa posible será necesario proporcionar calidade á cidade, dotándoa de equipamentos e espazos públicos, desconxestionando o casco histórico, rehabilitándoo e priorizando ao peón, xa que cando o peón se sinte seguro comeza a gozar da súa cidade, e resolvendo o conflito do estacionamento de vehículos en puntos estratéxicos.

P) Ares atópase a 3,8 km de Redes por unha vía de excepcional valor paisaxístico que comunica Ares con Cabanas. O obxectivo é favorecer a conexión peonil (traxecto de aproximadamente 45 minutos) e en bicicleta, transformándoa nunha vía máis blanda. Os itinerarios a pé poderían converterse en alternativa ao turismo de praia, desviándoo cara o gozo do entorno natural e facendo uso dos camiños existentes.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Q) Se introduce a figura dos corredores verdes. Como se explica no Art. 43 da normativa, son itinerarios que conectan dotacións xerais de equipamentos e espazos libres, por vías con uso preferente de peóns, transporte público e bicicletas e transporte privado de veciños da zona, ademais dos correspondentes servizos públicos de abastecemento a comercios, derivando o resto do tráfico privado cara as vías de orden superior para o tránsito rodado. Tamén poden utilizar outros tipos de vías sempre e cando estas teñan un ancho suficiente que permita ao proxecto de urbanización preservar un espazo amplo, a modo de paseo, para o uso dominante por peóns e bicicletas, separado de outros usos motorizados. En Ares estes corredores, recollidos nos planos de ordenación, conectan os solos urbanos co seu entorno natural e configuran itinerarios de ocio e rutas de sendeirismo, moitas actualmente en uso.

R) Proponse, tal como marcan as DOT e o POL, o desenvolvemento dunha rede de itinerarios costeiros, “Senda dos Faros”, recollida nos planos de ordenación, co obxectivo de habilitar o tránsito público peonil e, de ser o caso de bicicletas, que permita percorrer todo o litoral do concello, respectando en todo momento os compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade.

S) Como criterios específicos para o solo urbano propóñense os seguintes:

- Concentrar e diversificar as actividades e funcións urbanas dentro dunha nova estrutura que apoiada sobre o espazo público manteña a dimensión e compacidade do agregado urbano denso e permita unha mellor relación, resolvendo a transición co centro histórico. Descentralizar a actividade localizada no casco histórico, desconxestionándoo e valorizándoo, buscando un novo equilibrio urbano.

- Priorizar os desenvolvementos urbanos que logren completar e mellorar a imaxe da vila e facilitar o recheo da trama urbana, establecendo unha serie de áreas de actuación preferentes que aceleren o proceso.

- Non romper a traza urbana do casco antigo.

- Completar a ordenación das áreas urbanas existentes mediante o solo urbano non consolidado onde buscarase a integración destas bolsas no tecido urbano. Do mesmo xeito apostarase no solo urbano non consolidado por un desenvolvemento onde se potencie a calidade fronte á cantidade, dotándoos de maiores cesións para dotacións (cos mínimos esixidos pola L2/2016).

- Reordenar as áreas de crecemento perimetral desestruturadas.

- Pensar no viario como unha malla capilar que ten que prever a conexión do urbano existente coas zonas de futuro crecemento apegadas ao mesmo.

- Reaxustar os anchos das rúas en previsión de que poidan absorber o crecemento futuro de Ares.

- Fomentar a mobilidade sustentable.

- Conservar e recuperar o patrimonio histórico así como as edificacións que presentan unha tipoloxía tradicional.

- Equilibrar os sistemas xerais e locais, tanto de zonas verdes e espazos libres como de equipamentos, e tratar de darlles unha continuidade no seu conxunto.

- Dotar de aparcadoiros aos núcleos urbanos e ás zonas de ocio e praias, dada a carencia existente.

T) Como criterios específicos para o solo urbanizable propóñense os seguintes:

- Posibilitar o crecemento do solo urbano de Ares, buscando os desenvolvementos integrais que completen a malla urbana e solucionen problemas de mobilidade.

- Selección de zonas clasificadas como tal de xeito realista, de tal modo que o solo ofertado teña moi presente o principio de sustentabilidade ambiental, limitando o seu desenvolvemento ao desenrolo de parte do solo urbano non consolidado (é preciso en primeiro lugar consolidar o centro urbano).

- Posibilitar nunha zona dentro do Concello a colocación dun pequeno parque empresarial no que se poidan establecer as actividades industriais de carácter local.

U) Como criterios específicos para o solo de núcleo rural propóñense os seguintes:

- A delimitación dos núcleos propostos ten en conta á existente no P.X.O.M. de 1.999, xa que, pola súa vixencia nos anos de maior crecemento urbanístico do municipio non se pode obviar.

- Recoñecer e fomentar o desenvolvemento dos núcleos tradicionais.

- Reducíronse aquelas partes dos núcleos onde a topografía do terreo non permitía un crecemento lóxico.

- Ao tempo adaptáronse os núcleos á zona de protección costeira establecida pola Lei 2/2016.

- Adaptación ao parcelario dado pola nova cartografía, procurando que a delimitación dos núcleos se axuste ao parcelario catastral.

- Recoñecer e delimitar os núcleos rurais, recollendo as novas edificacións e intentando reducir a forte dispersión existente da poboación, xa que leva consigo asociada carencias nas infraestruturas e nos servizos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Delimitar o solo de núcleo rural adaptándoo rigorosamente ao espazo que reúne tales condicións, sen menoscabo da incorporación de baleiros por razóns de complementación. Procurarase ademais, respectar ao máximo as delimitacións do PXOM de 1.999 se as mesmas teñen unha xustificación, pois terase en conta á hora de facer as delimitacións dos núcleos rurais, factores como os topográficos, a adaptación ao parcelario..., procurando na medida do posible evitar a división das parcelas en dúas clasificacións de solo diferentes, coas excepcións explicadas no apartado correspondente. Tamén procurarase deixar fora do núcleo as parcelas que non teñan acceso dende camiño público ou que as características do mesmo o fagan impracticable.

- Posibilitar o crecemento dos núcleos rurais de maior dinamismo edificatorio ou con potencialidades de tipo turístico, consolidándoos e regularizándoos na medida do posible.

- Buscar a estruturación coherente dos núcleos co viario (rachando o crecemento liñal) e a colmatación de espazos vacantes dentro dos asentamentos xa consolidados.

- Intentar que o crecemento dos núcleos non se apoie na rede viaria principal aínda que en determinados casos, pola existencia de servizos, infraestruturas ou beirarrúas faranse excepcións ou cando as características destas estradas sexan similares ás municipais.

- Potenciar a reforma, restauración e rehabilitación das edificacións tradicionais existentes, delimitando os núcleos tradicionais de xeito rigoroso.

- Realismo na selección de áreas de posible crecemento poboacional ou área de núcleo rural común co fin de que este crecemento se desenrole de forma racional entre a rede de núcleos xa existente e poder formar parte nun futuro destas entidades, cubrindo así os déficit dos núcleos rurais.

V) Como criterios para o solo rústico propóñense os seguintes:

- Control da edificación nas áreas protexidas.

- Protección das áreas costeiras, os espazos naturais e os cursos fluviais de forma racional para apoiar a explotación económica sostida dos recursos que ofrece o medio, coidando de non producir operacións incontroladas abusivas que esgoten os recursos e poidan crear impactos irreparables para o medio e, polo tanto, para a propia explotación dos mesmos a longo prazo.

- Protexer os humidais do concello, dadas as súas características peculiares e a biodiversidade existente.

- Conservación da vexetación de ribeira asociada aos ríos do concello e preservar e potenciar a biodiversidade dos bosques autóctonos que existen en Ares.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Utilización dos Sistemas Xerais de Zonas Verdes como espazos que potencien o carácter das zonas do Concello de Ares con valores ambientais e paisaxísticos e/ou arqueolóxicos e histórico-artísticos.



Esquema viario

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.- CLASIFICACIÓN DO SOLO

6.1. CONSIDERACIÓNS XERAIS

Mediante a clasificación do solo establécese a distinción entre as diferentes clases do solo que contempla a lexislación urbanística.

A Lei 2/2016, do Solo de Galicia establece a clasificación do solo no Artigos 15, distinguindo entre: solo urbano, solo de núcleo rural, solo urbanizable e solo rústico.

Por conseguinte, tras o estudio e diagnóstico da realidade urbanística municipal, o territorio de Ares dividiuse nas seguintes clases de solo:

- Solo Urbano:
    - Solo Urbano Consolidado
    - Solo Urbano Non Consolidado

- Solo Urbanizable

- Solo de Núcleo Rural

- Solo Rústico:

    - Solo Rústico de Especial Protección:
        - Protección de Augas
        - Protección de Costas
        - Protección de Espazos Naturais
        - Protección de Infraestruturas
        - Protección de Patrimonio

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.2.- SOLO URBANO

Constitúen o solo urbano (de acordo co Art.16 da LSG) os terreos que están integrados na malla urbana existente sempre que reúnan algunha das seguintes condicións:

a) Que conten con acceso rodado público e cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de augas residuais e subministración de enerxía eléctrica, proporcionados mediante as correspondentes redes públicas ou pertencentes ás comunidades de usuarios reguladas pola lexislación sectorial de augas, e con características axeitadas para servir á edificación existente e á permitida polo plan.
Para estes efectos, os servizos construídos para a conexión dun sector de solo urbanizable, as estradas e as vías da concentración parcelaria non servirán de soporte para a clasificación como urbanos dos terreos adxacentes, agás cando estean integrados na malla urbana.

b) Que, aínda carecendo dalgúns dos servizos citados no punto anterior, estean comprendidos en áreas ocupadas pola edificación, polo menos nas dúas terceiras partes dos espazos aptos para ela, segundo a ordenación que o plan xeral ou o plan básico establezan.

Para os efectos desta lei, considéranse incluídos na malla urbana os terreos que dispoñan dunha urbanización básica constituída por unas vías de acceso e comunicación e unhas redes de servizos das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligados do urdido urbanístico xa existente.

Por outra banda, os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías:

a) **Solo urbano consolidado**, integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

b) **Solo urbano non consolidado**, integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos que reúnan algunha das seguintes condicións:

1. Terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización.
2. Terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior ou renovación urbana.
3. Terreos nos que se desenvolvan actuacións de dotación, entendendo como tales aqueles nos que sexa necesario incrementar as dotacións públicas para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística, sen requirir a reforma

Considerando estas premisas o Plan Xeral de Ares delimita tres áreas dentro do concello como solo urbano:

- Ares.
- Redes.
- Finca O Pombal.

Neles só se diferenciarán as dúas categorías de solo urbano no núcleo urbano de Ares.

6.2.1. Solo urbano do núcleo de Ares

O solo urbano de Ares ten as dúas calificacións que establece a LSG, dado que hai bolsas de terreo dentro do solo urbano que non cumpren todas as características para poder ser considerado como solo urbano consolidado.

No referente á ordenación pormenorizada do solo urbano consolidado é importante dicir que todo el, dado o seu tamaño e as características homoxéneas do mesmo, constitúe un único distrito con oito tipos de solo.



Esquema viario

6.2.1.1. Solo urbano consolidado

Os criterios tomados para a ordenación do solo urbano consolidado xorden tras a análise do casco urbano.

- Ordenanzas:

- Casco antigo de Ares.
- Edificación en mazá pechada.
- Edificación en bloques abertos.
- Edificación en ringleira.
- Edificación extensiva.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Edificación con uso turístico-hoteleiro.
- Equipamentos.
- Zonas verdes e espazos libres.

- Solo urbano de casco antigo de Ares: ten como obxectivo o de manter e recuperar nas mazás que teñen características de casco antigo tanto a morfoloxía dos cheos e baleiros do tecido urbano como a tipoloxía tradicional das edificacións. Os mecanismos empregados dende o Plan Xeral para conseguir isto serán as aliñacións e as ordenanzas. Compoñen esta área unha serie de mazás que presentan unhas características de parcelario propias de casco antigo e albergan no seu interior unha gran cantidade de edificacións tradicionais.



Ordenanza de casco antigo

As aliñacións son respectuosas coas edificacións tradicionais por non querer romper a traza urbana de casco antigo, polo que as seccións das rúas non serán ampliadas excesivamente para favorecer a circulación do tráfico rodado, dado que estas rúas son de coexistencia de tráfico. Só se modifica o trazado das rúas existentes naqueles puntos onde é necesario ampliar o espazo para permitir unha circulación fluída por todo o casco antigo. A ordenanza, entre outras cousas, reforza o uso de balcóns, galerías típicas de Ares, etc., e prohibe elementos como beirís e bufardas, que non forman parte da tipoloxía característica de Ares. Con isto pretendese evitar a degradación arquitectónica e espacial do casco antigo deste núcleo urbano.

- Solo urbano de edificación en mazá pechada: é a continuidade do solo urbano de casco antigo cara o norte do mesmo. A ordenanza de mazá pechada constitúea a parte do solo urbano que presenta un grao de consolidación máis elevado e ao tempo contén os edificios de maior altura deste núcleo urbano.

Os criterios tomados para as aliñacións foron os de tratar de regularizar os anchos das rúas, manténdose en xeral aquelas liñas de fachada que están consolidas ampliando e regularizando entón a rúa cara outro lado. No caso de estar consolidados os dous lados de edificación colleuse o eixo da rúa e distribuíuse equitativamente o ancho da nova rúa. Unha excepción constitúea a Rúa María por existir nela dous elementos catalogados que fixeron que esta rúa se ampliase cara o outro lado.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Ordenanza de mazá pechada

- Solo urbano de edificación en bloques abertos: rodea ao ámbito que forman o casco antigo e a mazá pechada e fai de transición entre ordenanzas que ocupan de maneira moi diferente o espazo. Tanto as edificacións do casco antigo como as que se atopan na ordenanza de mazá pechada colonizan a meirande parte da parcela que ocupan mentres que na edificación residencial extensiva predomina a parcela baleira. É por iso que se utiliza esta ordenanza para facer de nexo entre ordenanzas tan diferentes pois as edificacións deixan tamén espazos baleiros pero que neste caso son comúns.

Nas aliñacións, unha das medidas máis salientables é a ampliación do ancho da Avenida de Mugardos a como mínimo 16 metros, dado que se trata dunha das rúas princiapis e estruturantes do tráfico de núcleo urbano de Ares. Nesa mesma Avenida no seu punto de encontro coa Rúa Celso Emilio Ferreiro e a Rúa Concepción Arenal elimínase un estreitamento provocado por un edificio en ruínas ao considerar que ese cruce ten que ter unha dimensión máis folgada.



Ordenanza de bloque aberto

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Solo urbano de edificación en ringleira 5A: recolle unha actuación singular dento do solo urbano de Ares coñecida como “As Casas Baratas”, que responden a un modelo de vivendas de protección oficial de mediados do século XX.

Ordenanza de edificación en ringleira 5A

- Solo urbano de edificación extensiva: corresponde ao resto do solo urbano deste núcleo, onde a tipoloxía existente é a de vivenda unifamiliar illada. Faise unha distinción en catro grados en función da parcela mínima na que se pode edificar e a tipoloxía de vivenda unifamiliar illada. Faise unha gradación dende as zonas máis densas do núcleo urbano de Ares hasta os límites desta clasificación do solo.



Ordenanza de edificación extensiva

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Solo urbano de edificación con uso turístico-hoteleiro: localízase a carón do parque Rosalía de Castro, fronte á praia de Ares, recollendo unha edificación que presenta este uso, coa intención de que poda manter a súa actividade, e evitando por outra banda que este espacio sexa ocupado por usos residenciais, dada a a súa fraxilidade pola súa posición ao borde do paseo marítimo.

Ordenanza de edificación con uso turístico-hoteleiro

- Equipamentos, zonas verdes e espazos libres: introdúcense unha serie de novos sistemas xerais no solo urbano, tanto consolidado como non consolidado. Zonas verdes no Castro (no P-3 e a carón do mesmo), poñendo en valor o xacemento, e na praia de Seselle. Ademais, como se explica no Documento V (normativa), nas inmediacións do solo urbano existen seis Plans Especiais que desenvolverán catro sistemas xerais de zonas verdes (A Xunqueira, o Castro de Lubre, a Área recreativa de Redes e Punta da Pena) e dous sistemas xerais de equipamento (Plan Especial dotacional de Pedrós e Plan Especial do Campo da Festa).

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Dentro do solo urbano de Ares aparecen unha serie de bolsas xa incorporadas ao solo urbano consolidado no presente plan que se desenrolaron durante a vixencia do PXOM de 1.999, no que estaban clasificadas como solo urbano non consolidado. Estes polígonos son os seguintes (indícase a nomenclatura que tiñan no PXOM de 1.999):

POLÍGONO NON CONSOLIDADO – 1

Localizado ao sur de Ares, limitando ao sur coa Rúa Praia de Estacas, ao Oeste coa Avenida Papellas e ao norte coa Rúa Río Cachorra e moi próximo ao casco antigo como se reflexa na seguinte imaxe.

As datas do seu desenvolvemento foron:

Aprobación definitiva Estudio de Detalle e Proxecto de Urbanización	Sesión Plenaria.- 17/12/01. B.O.P. nº 32 de 07/02/02 D.O.G. nº 34 de 15/02/02

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

POLÍGONO NON CONSOLIDADO – 2

Localizado ao carón de PNC-1, limitando ao sur coa Rúa Río Cachorra e ao norte coa Rúa La Paz tamén está limitando co casco antigo como se reflexa na seguinte imaxe.

As datas do seu desenvolvemento foron:

Aprobación definitiva do Estudio de Detalle	Sesión Plenaria do 09/08/2002 B.O.P. nº 194 de 24/08/02 D.O.G. nº 106 de 04/06/02

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

POLÍGONO NON CONSOLIDADO – 3

Atópase ao suroeste do núcleo urbano, ao carón do cemiterio. Con esta actuación uniuse a Rúa La Paz coa Rúa Jazmín.

As datas do seu desenvolvemento foron:

Aprobación definitiva PERI para o reaxuste e desenvolvemento do PNC-3	Sesión Plenaria do 28/07/2006 B.O.P. nº 203 de 04/09/2006 D.O.G. nº 169 de 01/09/2006

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

POLÍGONO NON CONSOLIDADO – 15

Localizado ao nordeste de Ares, ao carón da DP-0404 e sendo límite do solo urbano atópase na zona de O Castro onde a ordenanza existente é a de residencial extensiva.

As datas de desenvolvemento foron:

Aprobación definitiva Estudio de Detalle "Reajuste de alineaciones, rasantes y ordenación de volúmenes en el ámbito del PNC-15"	Sesión Plenaria.- 29/04/05 B.O.P. nº 123 de 01/06/05 D.O.G. nº 113 de 14/06/05

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

O solo urbano tamén presenta un Plan Parcial que se incorpora ao presente Plan Xeral, denominado **Plan Parcial de "Granxares"**. Atópase ao suroeste do solo urbano e moi próximo ao casco antigo de Ares, limitando ao sur coa Rúa La Paz.

As datas de desenvolvemento foron:

Aprobación definitiva Plan Parcial "Cooperativa de Viviendas Virgen del Carmen" 70 promoción situación "A Granxa"	Sesión Plenaria.- 04/05/01 B.O.P. nº 241 de 20/10/01 D.O.G. nº 113 de 15/11/01

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Un caso particular represéntao o seguinte polígono, que se ben se desenvolveu durante a vixencia do PXOM de 1.999, no que estaba clasificado como solo urbano non consolidado, dado que non se cumpliu con todas as determinacións contidas no planeamento de desenvolvemento que o desenrolou e o Concello non recepcionou as obras, este Plan o mantén como polígono de SUNC, non quedando incorporado o Solo Urbano Consolidado:

POLÍGONO NON CONSOLIDADO – 7

Localizado ao norte de Ares limita ao norte coa Avda. Mazote e ao oeste coa Rúa Real. Está moi próximo as edificacións de ordenanza de mazá pechada e ao límite do solo urbano nesa zona.

As datas do seu desenvolvemento foron:

Aprobación definitiva de Reformado de Estudio de Detalle área de reparto do polígono non consolidado PNC-7	Sesión Plenaria.- 18/01/05 B.O.P. nº 33 de 11/02/05 D.O.G. nº 27 de 09/02/05

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.2.1.2. Solo urbano non consolidado

O solo urbano non consolidado do núcleo urbano de Ares está formado por sete polígonos. A relación de polígonos coas súas superficies respectiva é a seguinte:

POLIGONO	SUPERFICIE BRUTA (m^2)
P-1	17.945
P-2	6.077
P-3	31.305
P-4	50.684
P-5	28.098
P-6	16.228
TOTAL	**150.337**

Estes polígonos están distribuídos por todo o solo urbano en bolsas de terreo que non cumpren os requisitos de solo urbano consolidado. Nelas planéanse unha serie de viarios orientativos que os PERI, figura de planeamento que desenvolverá estes ámbitos, terá en conta cando se leven a cabo estas actuacións. Con elo quéreselle dar continuidade a unha serie de rúas que teñen un papel importante á hora de organizar os fluxos de movemento dentro do casco urbano, como é a continuidade do futuro viario do SUB-R a través do P-6, coa idea de converterse nun novo acceso ao centro do casco urbano de Ares. Noutros casos trátase de transversalizar ou mallar zonas de solo urbano ou darlle continuidade ás rúas de polígonos contiguos. Estes solos deberán cumprir coas determinacións apuntadas xa no apartado 4.7 desta memoria.

O **P-1**, localizado ao noroeste do núcleo urbano. Posibilitará a conexión verde entre Lubre e A Xunqueira e Pedrós a través dos espazos libres do P-1, unindo a zona verde de Fontelide (SLZV-05), que conectará cos espazos libres do SUB-R, e a da Av. do Mazote (SLZV-29). Se pretende unha conexión peonil entre o borde costeiro (Parque Rosalía de Castro) e Lubre, a través da Avenida do Mazote, o P-1 e o SUB-R. Os espazos libres recollerán todo o curso de auga existente, que deberá tratarse adecuadamente segundo as directrices de Augas de Galicia e conectará o SLZV-05 co SLZV-29 e, no posible, a vexetación do lugar. Coidarase a integración paisaxística do espazo de aparcamento de 50 prazas, na zona oeste do polígono e con acceso desde a Avenida de Mugardos a través de unha rotonda incluida no polígono.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

O **P-2** atópase ao sur do P-6. Con este polígono preténdeselle dar continuidade a rúa indicada no SUB-R e o P-6, creando un novo acceso norte-sur ao centro de Ares paralelo á Av. de Mugardos e unha nova centralidade no casco urbano. Coidarase a transición entre tecidos construídos, en especial no contacto co casco antigo. Contará cun aparcamento público de 40 prazas na zona oeste do polígono con acceso desde o vial principal.



O **P-3** está ubicado na zona de O Castro de Ares. O sistema xeral incluído (SXZV-14) se sitúa na zona de protección do Castro de Ares. Se porá en valor o xacemento catalogado (SXZV-13 e 14) situando as cesións de espazos libres e equipamentos de sistema local ao seu redor, con conexión co viario existente ou previsto, favorecendo a permeabilidade e a accesibilidade ao parque. Os viais interiores serán de uso so para residentes. Coidarase a estética dos peches das parcelas que dean fronte ao espazo verde do castro.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

O **P-4** localízase ao leste do Castro de Ares, na parte nordeste do núcleo urbano, moi próxima a DP-0402. Se pretende rebaixar a intensidade de tráfico da zona, levándoo polos viais de nova creación, aos que estará ligado o espazo de aparcamento, de servizo á praia, e deixando os existentes para residentes.
As cesións concentraranse na zona central do polígono, na comunicación entre a DP-0401 e a praia, favorecendo a permeabilidade e a accesibilidade á mesma. Contará cun aparcamento público de 80 prazas de servizo á praia na zona central do polígono.



O **P-5** localízase no acceso ao núcleo urbano de Ares pola AC-123.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

O **P-6** atópase no centro do casco urbano de Ares, entre o colexio Conde de Fenosa e A Granxa. Con este polígono preténdeselle dar continuidade a rúa indicada no SUB-R, creando un novo acceso norte-sur ao centro de Ares paralelo á Av. de Mugardos e unha nova centralidade no casco urbano. As cesións de espazos adicados a equipamentos e zonas verdes faranse buscando a relación coas dotacións existentes no entorno (colexio). Coidarase a transición entre tecidos construídos, en especial no contacto co casco antigo. Contará cun aparcamento público central do núcleo urbano de 100 prazas na zona oeste do polígono.



6.2.1.3. Xustificación de reservas dotacionais locais no S.U.N.C.

Atendendo ao Art. 42.2. da Lei 2/2016, o solo urbano non consolidado en ámbitos de uso residencial establecerá as reservas mínimas de solo para as seguintes dotacións urbanísticas:

a) Sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de ocio, expansión e recreo da poboación: **18 m^2/100** e como mínimo o 10% da superficie total do ámbito.

b) Sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios: **10 m^2/100.**

A distribución destas reservas está condicionada polo feito de que o polígono P-3 ten unhas cargas superiores en canto a cesión de espazos libres, posto que existe un sistema xeral de espazos verdes incluído nel. Isto compensarase nos restantes polígonos para garantir unha xusta distribución de cargas. O P-1 triplica a súa cesión de espazos libres e contará cun aparcamento público de 50 prazas. O P-4 e P-6 teñen unha carga de sistema viario superior ao resto, posto que os viais principais teñen moita máis entidade. O P-5 ten un sistema xeral viario incluido e varias edificacións a manter. O P-2 ten tamén unha gran carga de sistema viario e contará cun aparcamento público de 40 prazas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

En canto á edificabilidade, asignóuselle 0,5 m^2/m^2 aos polígonos do interior do casco urbano de Ares (P-1, P-2 e P-6), pola densidade da trama urbana que os rodea. Aos restantes polígonos (P-3, P-4 e P-5) asignóuselles unha edificabilidade de 0,3 m^2/m^2.

A táboa que segue a continuación amosa as esixencias de reservas establecidas na Lei segundo a edificabilidade de cada polígono, así como as diferenzas que son en todo caso excedentes respecto ao mínimo necesario:

		MÍNIMOS ESIXIDOS LEI		RESERVAS PLAN		
POLÍGONO	**SUPERFICIE EDIFICABLE MÁXIMA**	**SL ZV 18 m^2/100 ou 10% do ámbito**	**SL EQ 10 m^2/100**	**SL ZV**	**SL EQ**	**APARCAMENTO 2 prazas por cada 100 m^2_e e a maiores:**
P-1	8.883	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	30% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	50 prazas
P-2	3.039	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	40 prazas
P-3	8.854	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	-
P-4	14.464	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	80 prazas
P-5	8.225	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	-
P-6	7.947	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	10% ámbito	10 m^2/100 m^2_e	100 prazas

6.2.1.4. Xustificación de que a edificabilidade media do distrito cumpre coa Lei 2/2016

En atención ao artigo 41 da Lei 2/16, o solo urbano non consolidado, no conxunto do distrito, non poderá ter unha edificabilidade superior a 0,85 m²/ m² ao ter unha poboación entre os 5.000 e os 20.000 habitantes. No seguinte cadro se amosa como esta edificabilidade media cumpre co citado artigo:

POLÍGONO	SUPERFICIE NETA	SUPERFICICE EDIFICABLE	EDIFICABILIDADE
P-1	17.765	8.883	0,50
P-2	6.077	3.039	0,50
P-3	29.514	8.854	0,30
P-4	48.213	14.464	0,30
P-5	27.416	8.225	0,30
P-6	15.894	7.947	0,50
TOTAL DISTRITO	**144.879**	**51.412**	**0,40**

6.2.1.5. Aparcadoiros públicos

Non se prevén sistemas xerais viarios de aparcadoiro desde o plan.

6.2.1.6. Xustificacións relativas á Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas

O núcleo urbano de Ares pola súa condición de vila mariñeira atópase ao carón do mar e é por iso que está afectado pola servidume de protección de costas. O solo urbano ten unha servidume de 20 metros medidos desde a ribeira do mar. A liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre, así como a da ribeira do mar e

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

a súa correspondente servidume que aparecen representadas nos planos son as facilitadas pola Dirección General de Costas.

Dentro do solo urbano hai varias zonas afectadas pola servidume de costas. Unha a que comprende a Rúa Coronel José Gabeiras e a Avenida Saavedra Meneses, ao carón do casco antigo e da zona de mazá pechada que se atopa ao carón da Ría e a zona de O Castro. Estas zonas están afectadas polo disposto na disposición transitoria terceira da Ley 22/1.988 de Costas de 28 de xullo, que regula a autorización de novos usos e construcións na servidume dos 20 metros de solo urbano, pero non se plantexan Plans Especiais de Fachada Marítima para as tres zonas. Na zona do Castro, dada a tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar illada, márcase unha liña límite de edificación que non permite a construción de ningunha edificación nesa área, polo que se respecta a servidume imposta por costas.

Na outra zona nomeada si que se propón un Plan Especial de Fachada Marítima, que deberá de prever a homoxeneización urbanística do tramo onde a aliñación dos novos edificios se axuste á dos xa existentes para que o resultado sexa un conxunto homoxéneo. En Ares afecta a todas as construcións na zona de servidume do DPMT, incluíndo once mazás con ordenanza de casco antigo e catro da ordenanza de mazá pechada, como se pode apreciar na seguinte imaxe.

P. E. Fachada marítima de Ares

6.2.1.7. Xustificacións relativas á Lei 13/2010 de 17 de decembro, de Comercio interior de Galicia

En cumprimento do previsto no artigo 27 da Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia se reservará un % da edificabilidade para uso comercial nos sectores de solo urbano non consolidado.

Esta reserva se distribuiu entre os sectores de SUNC de Ares atendendo á súa localización, á tipoloxía edificatoria e á densidade comercial existente no seu entorno. No P-1 e P-4 se reservará un 5% da edificabilidade para uso comercial pola súa posición central na trama urbana de ordenanza 4 e na zona do castro respectivamente e á súa posible relación coas dotacións e aparcamentos previstos nos dous polígonos. No P-3 non se obriga a ningunha reserva pola súa proximidade ao P-4 e a accesibilidade con respecto ao entorno que o rodea. Ao P-5, pola súa situación periférica e edificación extensiva, e os P-2 e P-6, pola suficiente densidade comercial existente que os rodea, non se lles esixe ningunha reserva.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.2.1.8. Os elementos catalogados no solo urbano de Ares

A continuación a relación de elementos catalogados no núcleo urbano de Ares:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	PARROQUIA	TIPOLOXÍA
AR01	Igrexa Parroquial de San Xosé de Ares	ARES	ARES	Arquitectura relixiosa
AR02	Ermida do Carme	ARES	ARES	Arquitectura relixiosa
AR03	Igrexa evanxélica	ARES	ARES	Arquitectura relixiosa
AR05	Casa Rectoral na Rúa Rectoral	ARES	ARES	Arquitectura relixiosa
AR06	Cemiterio de Ares	ARES	ARES	Arquitectura relixiosa
AR07	Cemiterio civil de Ares	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR08	A Telleira	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR10	Torre do Reloxo	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR11	Mercado. Rúas Santa Bárbara e Franxa	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR12	Casa do Concello Vella. Rúa Consistorio	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR13	Antigo cine de Ares	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR14	Edificio na Avda. de Mugardos e Rúa María	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR15	Edificio de vivendas e locais comerciais	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR16	Casa na Avda. de Mugardos, Rúa Santa Bárbara e Rúa Aviador Franco	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR17	Casa na Avda. Saavedra Meneses e Avda. de Mugardos	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR18	Casa na Avda. Saavedra Meneses nº 9	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR19	Casa no Camiño das Estacas	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR20	Casa na Praza da Constitución nº 20	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR21	Casa na Praza da Constitución nº 22	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR22	Casa na Praza da Constitución xunto ao Concello	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR23	Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 17	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR24	Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 19	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR25	Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 31	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR26	Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 37	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR27	Casa na Praza da Constitución, Rúa Real nº 39	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR28	Alianza Aresana O Porto. Praza do Mestre Federico García	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR29	Casa na Praza da Igrexa nº 3	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR30	Casa na Praza da Igrexa nº 8	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR31	Casa Pascuala Sixto. 1922	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR32	Casa na Rúa Consistorio	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR33	Casa na Rúa Consistorio nº 11	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR34	Casa na Rúa Dolores nº 16	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR35	Casa Finca Cancela	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR36	Vila Sofia	ARES	ARES	Arquitectura civil

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

AR37	Casa na Rúa Dolores nº 17	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR38	Casa na Rúa Dolores nº 18	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR39	Casa na Rúa dos Anxos nº 44	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR40	Antigo almacén de sal	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR41	Casa na Rúa dos Anxos nº 25 e Rúa Real nº 30	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR42	Casa na Rúa Franxa nº 19	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR43	Casa na Rúa María nº 19	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR44	Casa na Rúa María nº 55	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR45	Casa na Rúa María nº 68	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR46	Vivendas mariñeiras, Rúa María nº 69, 71 e 73	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR47	Rúa María nº 87 e 89	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR48	Rúa María nº 95 e 97	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR49	Casa na Rúa María nº 101	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR50	Rúa María nº 109, 111 e 113	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR51	Casa na Rúa María, xunto á Ermida do Carme	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR52	Rúa María nº 145	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR53	Casa na Rúa Praia de Estacas nº 2	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR54	Casa na Rúa Praia de Estacas	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR55	Casa na Rúa Praia de Estacas nº 39	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR56	Vivenda na Rúa Real nº 8	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR57	Vivenda na Rúa Real nº 10	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR58	Casa con Patín (Antiga Escola de Nenas)	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR59	Casa na Rúa Real nº 38	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR60	Casa na Rúa Real nº 40	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR61	Casa na Rúa Real nº 47	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR62	Casa na Rúa Real nº 49	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR63	Casa na Rúa Real nº 51	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR64	Casa na Avda. de Mugardos, Rúa Real nº 54	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR65	Casa na Rúa Real nº 60	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR66	Casa na Rúa Real nº 64	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR67	Casa na Rúa Real nº 66 e Rúa da Lúa	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR68	Casa na Rúa Real nº 67	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR69	Casa na Rúa Real nº 68 e Rúa da Lúa	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR70	Casa na Rúa Real nº 69	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR71	Casa na Rúa Real nº 70	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR72	Casa Nicolás López Cancela	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR73	Casa na Rúa Real nº 80	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR74	Casa na Rúa Real nº 91	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR75	Escola de nenas II	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR77	Fonte	ARES	ARES	Arquitectura popular
AR78	Palco da música	ARES	ARES	Arquitectura popular
AR79	Ponte da Ciscada	ARES	ARES	Arquitectura popular
AR80	Peirao pequeno ao norte da praia de Ares	ARES	ARES	Arquitectura popular
AR81	Peirao Vello	ARES	ARES	Arquitectura popular

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

AR82	Peirao pequeno no centro da praia de Ares	ARES	ARES	Arquitectura popular
AR83	Conxunto de arboredo Rosalía de Castro	ARES	ARES	Outros
AR84	Conxunto de arboredo de A Xunqueira	A XUNQUEIRA	ARES	Outros
AR85	Batería ou Castelo de Ares (GA 15004006)	ARES	ARES	Arquitectura militar
AR86	Casa na Avda. Saavedra Meneses nº 27	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR87	Casa na Rúa Franxa nº 19	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR88	Casa na Rúa María nº 29	ARES	ARES	Arquitectura civil
AR89	Casa na Rúa Real nº 27	ARES	ARES	Arquitectura civil

Os planos de ordenación conteñen o perímetro do Solo Urbano, indicándose as distintas calificacións e ordenanzas de aplicación no solo e os sistemas locais e xerais tanto de espazos libres como equipamentos, a liña de deslinde do dominio marítimo terrestre, a liña de ribeira do mar, a servidume de protección de costas, a afección do sistema xeral portuario, o sistema viario e os elementos pertencentes ao catálogo.

Todo isto represéntase nos planos correspondentes a escala 1:1.000, baixo a designación de Ordenación do Solo Urbano de Ares.

A continuación a táboa resumo da superficies do solo urbano de Ares:

SOLO URBANO DE ARES	
Solo Urbano Consolidado	97,67 Ha
Solo Urbano Non Consolidado	15,03 Ha
SUPERFICIE TOTAL	**112,70 Ha**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.2.2. Solo urbano do núcleo de Redes

Redes é o segundo solo urbano que ten o Concello de Ares. É un núcleo urbano de menor tamaño que o de Ares e presenta a peculiaridade de ter unha riqueza patrimonial que vai a marcar moito a súa ordenación. Dos tipos de solo urbano que establece a LSG, en Redes so existe o solo urbano consolidado.

Esquema viario

6.2.2.1. Solo urbano consolidado

Na ordenación pormenorizada do solo urbano consolidado de Redes é importante dicir que todo el, dado o seu tamaño e características homoxéneas, constitúe un único distrito con cinco tipos de solo.

- **Ordenanzas:**

  - Casco antigo de Redes.
  - Edificación en ringleira.
  - Edificación extensiva.
  - Equipamentos.
  - Zonas verdes e espazos libres.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Dadas as características tan peculiares desta vila mariñeira prevese unha ordenanza específica de **solo urbano de Casco Antigo de Redes**. Os obxectivos desta ordenanza son os de preservar o patrimonio arquitectónico e ambiental do núcleo mariñeiro salvagardando e poñendo en valor os seus valores. O ámbito desta ordenanza, dado que está afectado pola servidume de costas, terá que adecuarase ás disposicións da Lei de Costas nos tramos afectados por dita servidume.



Ordenanza de casco antigo de Redes

- O **solo urbano de edificación en ringleira 5B** é outra ordenación presente **n**o solo urbano de Redes. Localízase na Rúa da Igrexa no seu contacto co casco antigo. Esta ordenanza serve de transición entre o casco antigo e a edificación residencial extensiva para así conseguir unha continuidade coherente na degradación de intensidades edificatorias entre o centro, sempre máis compacto, e a periferia dun solo urbano.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Ordenanza de edificación en ringleira 5B

- O **solo urbano de edificación extensiva** é a terceira ordenación presente no solo urbano de Redes. Recolle todo o ámbito deste núcleo urbano con vivenda unifamilar illada que se localiza ao norte de Redes, bordeando en ambas as dúas beiras á estrada AC-124 e no seu límite sur á DP-0401.



Ordenanza de edificación extensiva

- **Zonas verdes e espazos libres:** créase unha gran zona verde central para o núcleo urbano ao norte do casco histórico, sobre a praia, e outra nas inmediacións do Clube de remo e a batería de Redes.

6.2.2.2. Aparcadoiros públicos

Os sistemas xerais viarios de aparcadoiro que se prevén dende o plan son os seguintes:

CÓDIGO	NOME	SUPERFICIE (m^2)	Nº PRAZAS APROXIMADAS
SXV-13	Aparcadoiro ao oeste de Redes	3.350	120
SXV-14	Aparcadoiro ao sur de Redes	1.294	50
SXV-15	Aparcadoiro no cemiterio de Redes	1.690	70
TOTAL		**6.334**	**240**

Estos aparcamentos previstios atónpase en solo rústico ou urbanizable lindando co solo urbano. Na mesma situación (solo rústico apegado ao solo urbano consolidado) atópase unha zona de aparcamento público existente (SXV-02) de 70 prazas.

6.2.2.3. Xustificacións relativas á Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas

O núcleo urbano de Redes pola súa condición de vila mariñeira atópase ao carón do mar e é por iso que está afectado pola servidume de protección de costas. O solo urbano ten unha servidume de 20 metros medidos desde a ribeira do mar. A liña de deslinde do dominio público marítimo terrestre así como a da ribeira do mar e a súa correspondente servidume que aparecen representadas nos planos son as facilitadas pola Dirección General de Costas.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Dentro do solo urbano de Redes a zona afectada pola servidume de costas é a correspondente ao frente marítimo do casco histórico. Estas zonas están afectadas polo disposto na disposición transitoria terceira da Ley 22/1.988 de Costas de 28 de xullo, que regula a autorización de novos usos e construcións na servidume dos 20 metros de solo urbano, polo que se plantexa un Plan Especial de Fachada Marítima, que deberá de prever a homoxeneización urbanística do tramo onde a aliñación dos novos edificios se axuste á dos xa existentes para que o resultado sexa un conxunto homoxéneo. En Redes afecta a todas as construcións na zona de servidume do DPMT, todas elas con ordenanza de casco antigo de Redes, como se pode apreciar na seguinte imaxe.

P. E. Fachada marítima de Redes

6.2.2.4. Os elementos catalogados no solo urbano de Redes

CA01	Igrexa de Caamouco parroquial de San Vicenzo	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura relixiosa
CA03	Casa Rectoral	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura relixiosa
CA04	Cemiterio de San Vicente de Caamouco	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura relixiosa
CA12	Casa xunto Vila Santa Amalia	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA13	Agrupación Instructiva de Redes e Caamouco	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA14	Vila Santa Amalia	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA15	Casa na Praza do Pedregal nº 1	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA16	Casa na Praza do Pedregal nº 2	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA17	Casa na Praza do Pedregal nº 4	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA18	Casa na Praza do Pedregal nº 6	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA19	Casa na Rúa de Abaixo nº 11	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA20	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA21	Casa na Rúa de Arriba nº 14	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA22	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 2	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA23	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 7	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA24	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 9-10-11-12	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA25	Casa en Avda. Gaspar Rodríguez	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

CA26	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 3	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA27	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 17	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA28	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 27	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA29	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 28	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA30	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 30	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA31	Vivenda na rúa Gaspar Rodríguez nº 35	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA32	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 40	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA33	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 46	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA34	Vila Grande	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA35	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 63	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA36	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 65	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA37	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 80	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA38	Casa na Rúa Gaspar Rodríguez nº 82	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA39	Casa na Rúa Nova nº 1	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA40	Casa na Rúa Nova nº 4	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA41	Casa na Rúa Nova nº 9	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA42	Casa na Rúa Nova nº 11	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA43	Casa na Rúa Nova nº 13	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA44	Casa na Rúa Nova nº 15	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA45	Casa na Rúa Nova nº 17	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA46	Vivenda mariñeira na rúa Nova nº 18	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA47	Vivenda mariñeira na rúa Nova nº 20	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA48	Casa na Rúa Nova nº 21	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA49	Casa na Rúa Nova nº 52	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura civil
CA50	Cruceiro de Caamouco	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura popular
CA51	Fonte do Campo	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura popular
CA52	Porto de Redes	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura popular
CA53	Castelo ou Batería de Redes	REDES	CAAMOUCO	Arquitectura militar

Os planos de ordenación conteñen o perímetro do Solo Urbano, indicándose as distintas calificacións e ordenanzas de aplicación no solo e os sistemas locais e xerais tanto de espazos libres como equipamentos, a liña de deslinde do dominio marítimo terrestre, a liña de ribeira do mar, a servidume de protección de costas, a afección do sistema xeral portuario, o sistema viario e os elementos pertencentes ao catálogo.

Todo isto represéntase nos planos correspondentes a escala 1:1.000, baixo a designación de Ordenación do Solo Urbano de Redes.

A continuación a táboa resumo da superficies do solo urbano de Ares:

SOLO URBANO DE REDES	
Solo Urbano Consolidado	13,24 Ha
SUPERFICIE TOTAL	**13,24 Ha**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.2.3. Solo urbano da Finca O Pombal

O Pombal é o terceiro solo urbano que ten o Concello de Ares. É unha zona urbanizada entre os núcleos de Ares e Redes que provén do desenvolvemento dun Plan Parcial (aprobado definitivamente o 22 de novembro de 2001). Dos tipos de solo urbano que establece a LSG, en O Pombal so existe o solo urbano consolidado. Dado o seu tamaño e as características homoxéneas do mesmo, constitúe un único distrito con cinco tipos de solo.

- **Ordenanzas:**

  - Edificación en bloques abertos.
  - Edificación en ringleira.
  - Edificación extensiva.
  - Equipamentos.
  - Zonas verdes e espazos libres.

- Solo urbano de edificación en bloques abertos: localízase na esquina noroeste do ámbito.

Ordenanza de bloque aberto

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Solo urbano de edificación en ringleira 5B: localízase na zona central do ámbito.

Ordenanza de edificación en ringleira 5B

- Solo urbano de edificación extensiva: localízase no perímetro do ámbito. Faise unha distinción en dous graos en función da parcela mínima na que se pode edificar.

Ordenanza de edificación extensiva

A continuación a táboa resumo da superficie do solo urbano da Finca O Pombal:

SOLO URBANO DE O POMBAL	
Solo Urbano Consolidado	6,19 Ha
SUPERFICIE TOTAL	**6,19 Ha**

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.3. O SOLO URBANIZABLE

De acordo co Art. 27 da lei 2/2016 do Solo de Galicia, constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística.

No presente PXOM contemplanse un solo urbanizable residencial e un solo urbanizable de uso industrial.

Os motivos que levan a pensar na necesidade de reservar bolsas de terreo clasificadas como solo urbanizable son varias:

- A necesidade dun crecemento ordenado do núcleo urbano de Ares que complete a malla urbana, limitando o seu desenvolvemento ao desenrolo de parte do solo urbano non consolidado (é preciso en primeiro lugar consolidar o centro urbano).

- A posibilidade da implantación de actividades terciarias neste concello dado que non ten ningún tipo de solo no que se poidan establecer industrias.

- A mellora das infraestruturas de comunicación (vía rápida de conexión de Ares e Mugardos) que mellora en tempo a conexión de Ares coas cidades de A Coruña e Ferrol fai de Ares un lugar que ten máis demanda de vivenda de primeira residencia que debe de ser prevista desde o Plan Xeral de Ordenación.

- Ao tempo únese o atractivo que ten Ares como lugar turístico pola calidade paisaxística e de praias que ten e que posúe unha boa comunicación coa nova vía rápida de conexión fai de Ares un lugar que ten máis demanda de vivenda de segunda residencia que debe de quedar reflexada no Plan Xeral.

- Salientar o importante aumento de licenzas outorgadas para a construción de vivendas en todo o Concello de Ares, e en especial no núcleo urbano, que dende o ano 1.999 ata o 2.012 aumentou espectacularmente, como se pode observar na seguinte táboa (un total de 2.177 vivendas novas nun período de tempo de trece anos). Este dato se o comparamos co número total de vivendas facilitado polo Instituto Galego de Estatística no seu censo do ano 2.001, que é de 2.956, demostra o grande crecemento deste concello nos últimos anos.

	1.999	2.000	2.001	2.002	2.003	2.004	2.005	2.006	2.007	2.008	2.009	2.010	2.011	2.012	TOTAL
Núcleo urbano de Ares	28	36	111	59	131	265	403	636	166	42	0	1	0	0	1.878
Núcleo	2	0	0	0	0	1	0	8	0	0	0	1	2	0	14

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

urbano de Redes															
Finca O Pombal	0	0	0	132	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	132
Núcleos rurais	5	7	1	3	11	13	13	38	12	1	0	0	0	0	104
Solo rústico	6	20	10	11	0	0	0	2	0	0	0	0	0	0	49
TOTAL VIVENDAS	41	63	122	205	142	279	416	684	178	43	0	2	2	0	**2.177**

Fonte: 1.999 - 2.012 Concello.

As bolsas de terreo clasificadas como solo urbanizable e as súas características son as seguintes:

ÁMBITO	SUPERFICIE (Ha)	EDIFICABILIDADE (m^2/m^2)	USO
SUB-R	10,91	0,20	Residencial
SUB-I	5,12	0,40	Industrial
SUPERFICIE TOTAL	**16,03**		

A totalidade do Solo Urbanizable está indicado nos Planos de Ordenación do Termo Municipal a escala 1/5.000.

6.3.1. SUB-R

Este sector de solo urbanizable atópase entre o solo de núcleo rural de Lubre e o núcleo urbano de Ares, apegado á estrada de sistema xeral DP-0402.

Os prazos de desenvolvemento do sector SUB-R son os establecidos na estratexia de actuación, se ben, tal como ven recollido na estratexia, se desenvolverán antes os polígonos de solo urbano non consolidado do interior do núcleo de Ares (P-1, P-2 e P-6), para rematar en primeiro lugar o centro urbano.

Con este urbanizable plantéxase a través dun sistema xeral viario un novo acceso ao centro do núcleo urbano de Ares desde a DP-0402, conectando coa rúa existente a carón do colexio Conde de Fenosa.

Se concentrará a tipoloxía de vivenda plurifamiliar cara o núcleo urbano de Ares, en continuidade co solo urbano existente, e se prestará especial atención á transición co núcleo rural de Lubre.

As cesións de espazos libres e equipamentos deberán favorecer a conexión peonil branda entre A Xunqueira e o Castro de Lubre a través do P-1, e as zonas verdes de Fontelide (SLZV-05) e Mazote (SLZV-29), así como a relación coas dotacións existentes e propostas no entorno.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

O sistema xeral viario incluído SXV-07, de 20 e 16 m de ancho segundo o tramo, pretende ser un novo acceso ao centro do núcleo urbano de Ares en paralelo á existente AC-130 pero cunha sección de viario mais adecuada. A conexión do SXV-07 co trazado incluído no proxecto de itinerario peonil e ciclista na AC.130 necesitará da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas. O SXV-08 servirá de conexión coa trama urbana existente e a estrada AC-130, prolongándose no interior do P-1.

Os sistemas xerais viarios anteditos darán servizo ó actual Colexio Conde de Fenosa e á ampliación do mesmo a través do SXEQ-24 incluído no SUB-R.

Proponse unha edificabilidade de 0,2 m^2/m^2 e unha tipoloxía edificatoria de vivenda plurifamiliar en bloque de B+2 na zona ao leste do novo vial norte-sur, apegada ao solo urbano con ordenanza de bloque aberto, e o resto do ámbito con vivenda unifamiliar. Con isto preténdese facer unha gradación de intensidades entre unha zona de solo urbana densa e un núcleo rural.

En cumprimento do previsto no artigo 27 da Lei 13/2010 do comercio interior de Galicia se reservará un 10% da edificabilidade para uso comercial no SUB-R.



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

6.3.2. SUB-I

O último sector de solo urbanizable é o que se adicará a un uso industrial que permitirá a instalación de pequenas empresas, fundamentalmente de carácter local, no Concello de Ares. A súa localización responde tanto á conexión cos sistemas xerais de comunicación e á vila urbana coma á topografía, e a integración paisaxística do mesmo.

Cabe destacar o traballo en coordinación co equipo redactor do PXOM de Mugardos para a situación e desenvolvemento deste sector. O PXOM de Mugardos plantexa lindando co SUB-I de Ares outro Solo Urbanizable Industrial que recolla os usos terciarios existentes e configure un novo acceso ao solo urbano de Ares.



O sistema xeral viario asociado ao SUB-I posibilitaría a mellora do acceso ao concello desde a vía rápida, a través da estrada AC-130, ata a zona de O Castro e Redes, ademais do propio SUB-I. A rotonda da DP-0401 atópase incluida no polígono. O sector contará coa súa propia estación depuradora de augas residuais.

As cesións de espazos libres situaranse aproveitando a vexetación existente, dando servizo ás vivendas do entorno. A ordenación proposta deberá contar con medidas de integración paisaxística que limiten e minimicen a exposición visual dos volumes edificados sobre o espazo costeiro e as vivendas existentes.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A ordenación proposta deberá contar con medidas para evitar ou disminuir as afeccións acústicos sobre o seu entorno.

Nos bordes do polígono manterase a vexetación arborada co fin de crear un apantallamento visual do polígono, sobre todo no contacto coas vivendas existentes. Nesta zona buscarase unha transición a través dun espazo de zona verde.

As zonas verdes minimizaran a afección entre este sector empresarial e garantiran a conectividade do corredor ecolóxico, por tanto localizaranse ao norte do sector.

As cesións de zonas verdes realizaranse preferentemente na parte do ámbito emprazado dentro dos contornos de protección dos bens catalogados ou próxima a eles. As características volumétricas e construtivas das novas edificacións deben harmonizar coas que caractericen os contornos dos bens catalogados.

Empregar elementos construtivos, tipoloxías e materiais acordes coa paisaxe na que se integra a actuación, evitando o uso de cores intensos ou materiais cun alto grao de reflectividade.

Eliminaranse as especies alóctonas, especialmente as invasoras, e se reforestará con especies autóctonas.

Nos viais do sector incluiranse masas arbóreas autóctonas que reduzan a visibilidade das naves.

6.3.4. Xustificación do cumprimento do artigo 30 da lei 22/1988 de Costas

Na seguinte táboa xustifícase o cumprimento do artigo 30 da lei 22/1988 de costas, que di o seguinte:

1. A ordenación territorial e urbanística sobre terreos incluídos nunha zona, cuxa anchura se determinará nos instrumentos correspondentes e que será como mínimo de 500 metros a partir do límite interior da ribeira do mar, respectará as esixencias de protección do dominio público marítimo-terrestre a través dos seguintes criterios:

...

b) As construcións haberán de adaptarse ao establecido na lexislación urbanística. Deberase evitar a formación de pantallas arquitectónicas ou acumulación de volumes, sen que, a estes efectos, a densidade de edificación poida ser superior á media do solo urbanizable programado ou apto para urbanizar no termo municipal respectivo.

…

3. Aos efectos do apartado 1,b) anterior, se entenderá por densidade de edificación a edificabilidade definida no planeamento para os terreos incluidos na zona.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

SECTOR	SUPERFICIE NETA m^2	EDIFICABILIDADE m^2/m^2	SUP. EDIFICABLE m^2	SUPERFICIE EN ZI m^2	SUP. EDIFICABLE EN ZI m^2	EDIFICABILIDADE EN ZI m^2/m^2
SUB-R	105.237	0,20	21.047	12.264	2.453	0,20
SUB-I	49.282	0,40	19.713	23.771	7.131	0,30
P-3	29.514	0,30	8.854	29.514	8.854	0,30
P-4	48.213	0,30	14.464	48.213	14.464	0,30
P-5	27.416	0,30	8.225	27.277	8.183	0,30
TOTAL	154.519	0,30 (MEDIA)	72.303	141.039	41.085	

Como se pode comprobar, a densidade de edificación (m^2/m^2) dos sectores afectados pola zona de influencia de costas (500 m), é igual ou menor á media da densidade nos terreos abranguidos na zona de influencia dos sectores de solo urbanizable ou apto para urbanizar do municipio, que é de 0,30 m^2/m^2.

6.4.- O SOLO DE NÚCLEO RURAL

A ordenación que se propón para o municipio de Ares parte do recoñecemento dunha realidade territorial e xeográfica respectando, en consecuencia, o modelo tradicional de asentamentos e recoñecendo a vinculación dos núcleos rurais coas actividades do medio rural, tratando ao mesmo tempo de compatibilizar os desenvolvementos previsibles co respecto dos usos existentes, coidando e potenciando os valores de índole medio ambiental.

As zonas rurais deben mellorar o nivel de cualificación do seu capital humano para poder enfrontarse ás esixencias que demanda a poboación actual. É por iso que hai que subliñar a importancia dos elementos básicos para conseguir esta calidade de vida: infraestruturas e equipamentos pero sen esquecer os servizos. Darlle unha resposta adecuada suporá manter á poboación nas zonas rurais, e polo tanto, a conservación dunha cultura e unha relación da sociedade co seu medio.

O papel do espazo rural, como depositario de bens e valores de interese para o conxunto da sociedade, demanda hoxe, mais que nunca, actuacións prioritarias en materia de infraestruturas e equipamentos que dean resposta ao reto da revalorización económica e social do medio rural.

A rede viaria de estradas é un elemento indispensable para a fixación da poboación e o mantemento do escaso tecido industrial, agrario e turístico, pero sobre todo por:

- A mobilidade e accesibilidade de persoas e mercancías no entorno rural.

- As infraestruturas rurais deben ter un carácter de equipamento territorial e, polo tanto, deben ser xustificadas en base á posibilidade de estruturar o espazo, creando redes de equipamentos e de servizos que posibiliten que os habitantes do espazo rural teñan condicións análogas aos dos ámbitos urbanos, sendo ademais o primeiro paso para a asunción de novas posibilidades de desenvolvemento rural realmente efectivas pois os cidadáns non só viven nas cidades.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Falamos de buscar o reequilibrio territorial, mediante a dotación de infraestruturas e equipamentos locais, coa finalidade de corrixir as desigualdades existentes entre os diferentes territorios, derivadas de factores económicos, sociais, demográficos ou xeográficos, coa vontade de conseguir un territorio mais homoxéneo e equ
ilibrado, así como pretender incidir nos procesos de desenvolvemento, tanto dende o punto de vista económico como dende a perspectiva territorial ou medio ambiental, ao fin de posibilitar un crecemento sostible do municipio de Ares, sen fomentar dende este Plan Xeral políticas contra os desequilibrios sociais, económicos e culturais.

A ordenación fomentará a consolidación do actual sistema de núcleos de poboación, optando por un modelo que permita o desenvolvemento dos mesmos e evite a dispersión da poboación, potenciando en todo caso o carácter turístico do municipio de Ares, no que a segunda residencia ten un peso fundamental, dada a súa posición estratéxica na área xeográfica de A Coruña-Ferrol.

6.4.1. Ordenación dos Asentamentos de Poboación

Para a realización da Ordenación dos asentamentos de poboación pártese da análise feita no Modelo de Asentamento Poboacional que permite entender as diferentes entidades de poboación tanto dende a súa individualidade como no conxunto de territorio e dar así unha ordenación acorde a súa natureza. Partiuse polo tanto dos asentamentos rurais analizados con anterioridade e do establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia para determinar cales destes asentamentos de poboación se consideran núcleos rurais a efectos da clasificación do solo.

No Art. 23 da Lei 2/2016 defínese o Solo de Núcleo Rural da seguinte maneira:

*1. Constitúen o **solo de núcleo rural** as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais que o planeamento defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, de ser o caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes nel.*

2. O planeamento, en congruencia co modelo de asentamento poboacional que incorpore no estudo do medio rural, delimitará os núcleos rurais do seu ámbito de aplicación atendendo os parámetros anteriores, significadamente os antecedentes existentes de delimitacións anteriores, as súas peculiaridades urbanísticas e morfolóxicas e a súa capacidade de acollida da demanda previsible do uso residencial no medio rural. A definición do seu perímetro realizarase en función das condicións topográficas e da estrutura da propiedade e do seu nivel de integración nas dotacións e servizos existentes nel nos termos previstos nesta lei, e axustaranse ás infraestruturas e pegadas físicas dos elementos naturais existentes, sendo necesario, se é o caso, prever a total urbanización e suficiencia das redes de dotacións, comunicacións e servizos.

3. A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

*a) **Núcleo rural tradicional**, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa. A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).*

*b) **Núcleo rural común**, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.*

Identificación dos Núcleos rurais

Partindo destas premisas en relación cos asentamentos de poboación estudados, o presente plan delimitou os núcleos rurais para os que se analizaron os parámetros indicados no artigo 23:

1) En primeiro lugar analizouse, tal como se reflicte na táboa que se amosa a continuación, a súa inclusión no planeamento anterior, o PXOM de 1.999, que aínda que foi anulado por sentenza do Tribunal Supremo, deixou a súa pegada, xa que durante os anos que estivo en vigor propiciou o maior crecemento urbanístico das últimas décadas, que coas súas luces e sombras, non se pode borrar da memoria colectiva. Tamén tívose en conta o número de edificacións, a súa tipoloxía, ademais da poboación de cada un deles segundo o Padrón do ano 2.012.

O procedemento que se seguiu para a estudio da tipoloxía tradicional das edificacións, foi facer en primeiro lugar unha primeira aproximación, localizando as edificacións de máis de 60 anos, e comprobando co traballo de campo se estas manteñen a tipoloxía orixinaria. Para poder identificar estas edificacións utilizáronse:

- Os voos aéreos de épocas distintas:
    - Catastro do ano 1956.
    - Ortofotos actuais obtidas do PNOA (2010).

    A comparación das fotos de estes voos subministra grande información, non só en canto á antigüidade das construcións, senón tamén en canto aos usos do solo.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Ao tempo se fixo un traballo de campo, no que se identificaron as edificacións con tipoloxía tradicional, para contrastar esta información.

PARROQUIA	ASENTAMIENTO	INCLUSIÓN PXOM 1999	Nº VIVENDAS	Nº VIV TRADICIONAIS	POBOACIÓN PADRÓN 2012
ARES	O Alto de Simou	SI	6	1	-
	Besoxo	SI	19	3	47
	Camiño de Pedrós	NON	7	0	-
	Lubre	SI	62	30	226
	Maiobre	SI	17	8	63
	Pedrós	SI	38	13	145
	Loureiros	NON	9	0	21
	O Penedo	SI	28	4	-
	San Roque	NON	3	3	-
CAAMOUCO	Carballás	SI	25	1	-
	Curmá - Mazaido - As Pezoas – O Raso	SI	45	23	258
	Ixobre	SI	17	13	43
	A Malata	SI	16	7	28
	O Outeiro de Barracido	SI	46	35	85
	O Pallizo	SI	8	1	-
	Rodelas	NON	7	3	8
	A Rúa	NON	2	2	18
	Seselle	SI	37	20	118
	A Solaina	SI	7	5	2
CERVÁS	Carballo	NON	6	5	10
	Cervás	SI	188	153	568
	Chanteiro	SI	178	80	262
TOTAL			771	410	1.902

En relación ao presente cadro, hai que facer unha serie de aclaracións:

- Inclúense na táboa todas as entidades de poboación que aparecen no padrón.

- Os datos recollidos de nº de vivendas tradicionais e nº de vivendas, correspóndense coa información recollida tralo traballo de campo realizado.

- Os recadros baleiros (-) correspóndense cos datos dos que non se dispón información.

- Os asentamentos coloreados en laranxa constitúen un polinúcleo ou unha agrupación de asentamentos que conforman un so núcleo, denominándose co nome de cada un dos asentamentos que

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

o forman, por orde alfabético e separados por guión, ou ben, polo nome máis coñecido ou utilizado polos veciños.

2) A continuación analizouse, tal como se reflexa no seguinte cadro, a entidade media do termo municipal cos datos do último censo oficial, o que nos da unha idea do tipo de asentamento existente:

	CENSO 2.001	Nº ENTIDADES RURAIS	Nº VIV/ENTIDADE
VIV. PRINCIPAIS EN ENTIDADES RURAIS	620	19	33

	CENSO 2.001	Nº ENTIDADES RURAIS	Nº HAB/ENTIDADE
HAB. EN ENTIDADES RURAIS	1.761	19	93

Facendo unha comparativa destes datos, e tendo en conta a diagnose realizada no documento de Análise do modelo de asentamento poboacional, establecéronse como requisitos para ser considerado un asentamento de poboación como núcleo que se cumpra os seguintes baremos:

- Número mínimo de edificacións: establecese como número de vivendas (que non estean abandonadas ou en ruínas):
  - para o núcleo rural tradicional, un mínimo de 4 vivendas tradicionais, separadas menos de 50 metros entre si.
  - para o núcleo común, un mínimo de 5 vivendas.
  - cando o núcleo rural común estea asociado a un núcleo tradicional, a delimitación do núcleo rural común dependerá do grao de consolidación e das necesidades de crecemento do núcleo.
- Número mínimo de habitantes: establécese como número mínimo de habitantes o de 2 segundo o Padrón de 2.012. Neste caso diminuíse considerablemente a media municipal debido á tendencia á redución do número de habitantes nos núcleos familiares, ao envellecemento da poboación e o elevado porcentaxe de segunda residencia nos núcleos rurais.

Hai asentamentos que non cumprindo algún dos requisitos para considerarse núcleo rural, delimitáronse coma tal por encontrase lindantes con outros asentamentos do municipio de Mugardos (O Pallizo e Alto de Simou).
Unha vez identificados os asentamentos que poden constituír núcleo rural, procédese á delimitación espacial dos tipos básicos establecidos no Art. 13.3.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Delimitación de Núcleos tradicionais

O procedemento a seguir para a delimitación do Solo de Núcleo Rural tradicional é o que segue:

1. En primeiro lugar, **localízanse** os focos orixinarios de edificación, é dicir, os embrións dos asentamentos, aos cales chamaremos **núcleos tradicionais.** Para elo fíxose un estudio da tipoloxía tradicional das edificacións e da morfoloxía do asentamento, tal coma se explicou anteriormente, e tal coma se reflectiu na táboa anterior.

Destes asentamentos tan só os seguintes consideráronse núcleo tradicional:

PARROQUIA	NÚCLEO
ARES	LUBRE
	PEDRÓS
	SAN ROQUE
CAAMOUCO	CURMÁ - MAZAIDO - AS PEZOAS – O RASO
	IXOBRE
	A MALATA
	O OUTEIRO DE BARRACIDO
	RODELAS
	A RÚA
	SESELLE
	A SOLAINA
CERVÁS	CARBALLO
	CERVÁS
	CHANTEIRO

Os asentamentos coloreados en laranxa son núcleos cunha parte tradicional e outra común.

2. Unha vez organizada e estudada toda a información procédese á delimitación dos Núcleos Tradicionais. Para elo en primeiro lugar definíronse unha serie de criterios a ter en conta:

- Recoller o embrión inicial onde o núcleo iniciou a súa andadura. Se nalgún caso o núcleo se atopa dividido (xa que as distancias das casas son maiores de 50 m.) como se houbera xurdido de dous focos distintos, considéranse dous núcleos histórico-tradicionais distintos co mesmo nome. Igualmente se varios asentamentos uníronse para formar un único núcleo rural, denomínanse co nome de cada un dos asentamentos que o forman por orde alfabético e separados por guión.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

- Recoller exclusivamente aquelas parcelas que teñan acceso dende unha vía pertencente ao núcleo rural.
- Á hora de nomear os núcleos rurais, utilizouse en primeiro lugar o nomenclátor, a continuación, os censos ou padróns oficiais e por os recoñecidos administrativamente polo concello.

Unha vez estudada toda a información procédese á delimitación, establecéndose as seguintes **pautas**, ademais das recollidas na lei 2/2016:

- **Liña replantexable:** Un dos obxectivos principais do planeamento é que o trazado da liña que delimita o solo de núcleo rural sexa replantexable doadamente no terreo, para o cal se tentará, apoiar a delimitación en límites de parcelas, ríos, camiños, ou liñas que unan puntos recoñecibles sobre o terreo. Cando non os hai recórrese a unha serie de recursos coma:
    - Unión de vértices
    - Perpendiculares a eixes de camiños ou límites de parcelas
- **Parcelas moi grandes**: Cando algunha das parcelas situadas no extremo do núcleo tradicional é moi grande, recortarase a unha distancia suficiente da edificación (dependendo de cada caso particular e da configuración e/ou acceso da/á parcela). En calquera caso se existe un punto facilmente replantexable no terreo, como un límite doutra parcela próxima, empregarase como punto polo que dividir a finca.
- **Fondos:** En xeral, como as parcelas de Ares son pequenas, na maioría dos casos é posible apoiar o seu trazado nos límites parcelarios, camiños e ríos, non obstante nas parcelas que sexan bastante extensas fíxase un fondo máximo de núcleo de 30 m.

3. Ao mesmo tempo que van delimitándose os núcleos vaise comprobando a **consolidación** destes **núcleos rurais tradicionais**, seguindo os parámetros establecidos na Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2 /2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Este estudo recóllese nas fichas de consolidación que acompañan ao presente documento.

O método empregado foi o método gráfico definido na instrución, consistente en proxectar sobre o parcelario existente no ámbito as posibilidades de parcelamento, en función dos parámetros urbanísticos que o planeamento establece, é dicir, as posibles parcelas edificables obtéñense segundo a ordenación prevista polo propio plan. De este xeito recóllense graficamente o número de parcelas edificadas e o número de parcelas edificables. A consolidación pola edificación será igual ou maior do 50%, e obtense :

$$\text{Grao de consolidación} = \frac{\text{número de parcelas edificadas}}{\text{total de parcelas edificables}} \times 100$$

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Para definir estes parámetros urbanísticos fíxose unha análise exhaustiva das características dos asentamentos rurais do concello. Este, recóllese tanto no documento de Análise do Modelo de Asentamento Poboacional, e o seu anexo: fichas de información dos núcleos rurais, coma no apartado 0do presente documento, relativo á superficie mínima de parcela segundo o tipo de núcleo.

Os parámetros urbanísticos establecidos polo plan para o solo de núcleo rural tradicional recóllense na normativa urbanística do PXOM. A continuación reflíctense nun cadro resumo os trazos mais salientables tidos en conta para o cálculo da consolidación

PARCELA MÍNIMA EDIFICABLE	300 m²
FRONTE MÍNIMA A CAMIÑO PÚBLICO	8 m
RECUAMENTOS A LINDEIROS	3 m
RECUAMENTO Á VIARIO	SEGUNDO TIPO DE VÍA

Estas superficies necesarias de parcela son superficies netas, e dicir, descontando as precisas cesións para regularización do viario.

Coma resultado xorden os seguintes tipos de parcelas que recóllense nas fichas de consolidación anexas ao presente documento seguindo o cadro resumo que segue, e cuxo contido explícase a continuación:

PARCELAS EDIFICADAS		PARCELAS NON EDIFICADAS		PARCELAS NON EDIFICABLES	
EXISTENTES	POSIBLES	EXISTENTES	POSIBLES	EXISTENTES	AGRUPADAS
A	B	C	D	E	F

PARCELAS EDIFICABLES=	A+B+C+D+F
PARCELAS EDIFICADAS=	A
CONSOLIDACIÓN=	$\frac{\text{PARCELAS EDIFICADAS}}{\text{PARCELAS EDIFICABLES}} \times 100$

- En primeiro lugar, consideráronse como parcelas edificadas aquelas que albergan algunha edificación, estudando en cada caso a posibilidade de segregación das mesmas segundo os parámetros indicados, e contabilizándoas nas casillas A se son existentes, e B se son posibles segregacións.
- Contabilizáronse coma parcelas non edificadas aquelas parcelas que non teñen edificación pero cumpren cos parámetros urbanísticos para poder edificar (C). Igual que no caso anterior, cando por

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

superficie, fronte, etc., fose posible segregala en outras parcelas que cumpran cos parámetros, estas contabilizáronse na casilla D.

- Consideráronse parcelas non edificables aquelas parcelas valeiras que non cumpren os requisitos para poder edificalas (E). Cando hai varias destas parcelas continuas, e ao unilas pódese formar algunha parcela que si cumpre os parámetros, agrupáronse e contabilizáronse o número de parcelas edificables resultante na casilla F.
- Polo tanto as parcelas edificables totais obtéñense de sumar as parcelas edificadas, as posibles segregacións das mesmas, as non edificadas, as posibles segregacións das mesmas, e as posibles resultantes da agrupación das non edificables (A+B+C+D+F).

Ademais compre esclarecer algúns criterios mais tidos en conta para o cálculo da consolidación:

- Cando nunha parcela hai unha edificación cunha entidade pequena coma pode ser un hórreo, un cuberto de pequenas dimensión (estableceuse coma referencia unha superficie menor a 40 m²), unha fonte, pozo ou similar, a parcela considerouse coma non edificada a efectos do cálculo, salvo que a edificación ocupe practicamente á totalidade do predio, ou que haxa na mesma finca dúas ou mais edificacións deste tipo (casos nos que se consideran as parcelas edificadas).
- As parcelas dedicadas a equipamento consideráronse parcelas edificadas e consolidadas.
- Pola contra as parcelas dedicadas a zona verde consideráronse parcelas non edificables.
- As parcelas con algún elemento catalogado no seu interior, consideráronse non segregables coma resultado do establecido no artigo 66.1 da normativa do plan .

O cálculo da consolidación será polo tanto a relación existente entre o número de parcelas edificadas existente e o número de parcelas edificables resultantes de aplicar os parámetros do plan, expresado coma porcentaxe.

Hai que ter en conta que comprobouse a consolidación para cada bolsa de solo de núcleo rural tradicional de xeito independente (de existir mais dunha), tal coma se amosa na táboa que segue:

PQ	NÚCLEO		GRAO DE CONSOLIDACIÓN NR TRADICIONAL
ARES	LUBRE	Lubre 1	57,10
		Lubre 2	75,00
	PEDRÓS		70,60
	SAN ROQUE		100,00
CAAMOUCO	CURMÁ - MAZAIDO - AS PEZOAS	Curmá	69,00
		Mazaido	63,60
		As Pezoas	57,10

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

PQ	NÚCLEO		GRAO DE CONSOLIDACIÓN NR TRADICIONAL
	IXOBRE	Ixobre 1	53,80
		Ixobre 2	60,00
	A MALATA		62,50
	O OUTEIRO DE BARRACIDO		65,30
	RODELAS		53,80
	A RÚA		100,00
	SESELLE		82,50
	A SOLAINA		66,70
CERVÁS	CARBALLO		50,00
	CERVÁS	Cervás	61,20
		Os Cachenos 1	87,50
		Os Cachenos 2	75,00
	CHANTEIRO	As Penas-Pedrachá	77,20
		O Outeiro	65,30
		O Pomouro	87,00

Os asentamentos coloreados en laranxa son núcleos cunha parte tradicional e outra común.

Delimitación do Núcleo Rural Común:

O procedemento a seguir para a delimitación do Solo de Núcleo Rural Común é o que segue:

1. En primeiro lugar, **localízanse** os focos de edificación que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo anterior, pero que si reúnen os requisitos precisos para considerarse núcleo rural. Para isto recórrese novamente tanto ao catastro de 1956, como ás ortofotos mais recentes (PNOA 2010) e ao traballo de campo.

Xeralmente este tipo de núcleo aparece asociado ao núcleo rural tradicional coma desenvolvemento xurdido a partir do mesmo, recollendo as edificacións mais recentes e/ou aquelas tradicionais que non constitúen o asentamentos tradicional pero que forman parte do asentamento (núcleo rural 6.2.5
), así coma aquelas zonas que segundo as previsións de crecemento para cada núcleo, foran precisas aumentar coma zona de futura ampliación, segundo o caso. Sen embargo hai varios casos nos que os núcleos non xorden vinculados a un asentamento tradicional, se non a crecementos relacionados a outras orixes coma é a presenza dunha praia de atracción turística, ou a proximidade doutros asentamentos do concello de Mugardos.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A continuación amósase unha táboa cos núcleos rurais comúns ou que teñen núcleo rural común asociado ao núcleo rural tradicional:

PARROQUIA	NÚCLEO
ARES	O ALTO DE SIMOU
	BESOXO
	CAMIÑO DE PEDRÓS
	LOUREIROS
	LUBRE
	MAIOBRE
	PEDRÓS
	O PENEDO
CAAMOUCO	CARBALLÁS
	CURMÁ - MAZAIDO - AS PEZOAS – O RASO
	IXOBRE
	A MALATA
	O OUTEIRO DE BARRACIDO
	O PALLIZO
	SESELLE
CERVÁS	CERVÁS
	CHANTEIRO

Os asentamentos coloreados en laranxa son núcleos cunha parte tradicional e outra común.

2. Unha vez organizada e estudada toda a información procédese á **Delimitación dos Núcleos rurais comúns.**

Para elo en primeiro lugar definíronse unha serie de **criterios**, a ter en conta para, unha vez delimitados os núcleos rurais tradicionais, darlles un crecemento ou non, o que configura a área de solo de núcleo rural común:

a. Que exista unha certa proporción de edificacións non tradicionais no núcleo tradicional, o cal indica que existiu un crecemento nos últimos anos e polo cal cómpre deixar unha previsión de solo.

b. Que existan edificacións tradicionais a máis distancia de 50 m. e que deban recollerse por pertencer ao mesmo.

c. Buscar as áreas onde polas súas condicións do medio físico sexan as mais idóneas para o crecemento do núcleo rural por condicións de topografía (pendentes), asolamento, ….

d. Cando exista unha liña eléctrica de media ou alta tensión, non se ampliará o núcleo por esa zona agás que xa exista edificación nesas parcelas. Tómase tamén como criterio xeral o de recortar do núcleo rural

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

aquelas partes das parcelas baleiras polas que pasa unha liña eléctrica. Sen embargo, naquelas zonas onde existe consolidación prevalece o núcleo fronte á protección das liñas.

e. Nas proximidades dos ríos a delimitación dos núcleos adáptase á protección do mesmo agás en aquelas parcelas xa edificadas.

f. Intentarase na medida do posible que a ampliación non se apoie no sistema xeral viario salvo por:

Nas estradas provinciais de **carácter local** con:

- Haxa un camiño municipal polo que se ten acceso á finca.
- Constitúa o eixe de formación do núcleo.
- Haxa consolidación edificatoria (e/ou beirarrúas).

Unha vez organizada e estudada toda a información procédese á Delimitación dos Núcleos rurais comúns. As **pautas** establecidas para elo, ademais das recollidas na lei 2/2016 son:

- **Liña replantexable**: un dos obxectivos principais do planeamento é que o trazado da liña que delimita o solo de núcleo rural sexa replantexable facilmente no terreo, para o cal intentarase apoiar a delimitación en límites de parcelas, ríos, camiños ou liñas que unan puntos recoñecibles sobre o terreo.
- **Parcelas moi grandes**: cando algunha das parcelas situadas no extremo do núcleo sexa moi grande recortarase utilizando un punto facilmente replantexable no terreo, como un vértice ou límite doutra parcela, ou se collerá unha distancia medida desde as edificacións existentes nela.
- **Fondos**: cando as parcelas teñan moito fondo, fíxase un fondo máximo de núcleo de 60 m, se ben nalgúns casos é posible apoiar o seu trazado nos límites parcelarios e nos ríos. Estes fondos están en relación coa parcela mínima na zona de núcleo rural común.

3. Do mesmo xeito que no caso anterior, ao tempo que van delimitándose os **núcleos rurais comúns** vaise comprobando a **consolidación** destes, seguindo os parámetros establecidos na Instrución 4/2011, do 12 de abril, sobre a metodoloxía de cálculo do grao de consolidación edificatoria na delimitación do solo de núcleo rural, ao abeiro do disposto na Lei 2 /2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural. Igualmente, este estudo recóllese nas fichas de consolidación que acompañan ao presente documento.

O método empregado foi o método gráfico definido na instrución, consistente en proxectar sobre o parcelario existente no ámbito as posibilidades de parcelamento, en función dos parámetros urbanísticos que o planeamento establece, é dicir, as posibles parcelas edificables obtéñense segundo a ordenación prevista polo propio plan. De este xeito recóllense graficamente o número de parcelas edificadas e o número de parcelas edificables. A consolidación pola edificación será igual ou maior do 33%, e obtense :

$$\text{Grao de consolidación} = \frac{\text{número de parcelas edificadas}}{\text{total de parcelas edificables}} \times 100$$

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Como fíxose no apartado relativo á consolidación dos núcleos históricos- tradicionais, definíronse primeiro os parámetros urbanísticos realizándose para elo unha análise exhaustiva das características dos asentamentos rurais do concello. Este, recóllese tanto no documento de Análise do Modelo de Asentamento Poboacional, e o seu anexo: fichas de información dos núcleos rurais, coma no apartado do presente documento relativo á superficie mínima de parcela segundo o tipo de núcleo.

Os parámetros urbanísticos establecidos polo plan para o solo de núcleo rural común recóllense na normativa urbanística do PXOM. A continuación reflíctense nun cadro resumo os trazos mais salientables tidos en conta para o cálculo da consolidación:

PARCELA MÍNIMA EDIFICABLE	600 m²
FRONTE MÍNIMA A CAMIÑO PÚBLICO	10 m
RECUAMENTOS A LINDEIROS	3 m
RECUAMENTO Á VIARIO	SEGUNDO TIPO DE VÍA

Estas superficies necesarias de parcela son superficies netas, e dicir, descontando as precisas cesións para regularización do viario.

Coma resultado xorden os tipos de parcelas explicados no apartado anterior e recollidos nas fichas de consolidación anexas ao presente documento, seguindo o cadro resumo que segue:

PARCELAS EDIFICADAS		PARCELAS NON EDIFICADAS		PARCELAS NON EDIFICABLES	
EXISTENTES	POSIBLES	EXISTENTES	POSIBLES	EXISTENTES	AGRUPADAS
A	B	C	D	E	F

PARCELAS EDIFICABLES=	A+B+C+D+F
PARCELAS EDIFICADAS=	A
CONSOLIDACIÓN=	$\frac{\text{PARCELAS EDIFICADAS}}{\text{PARCELAS EDIFICABLES}} \times 100$

Ademais os criterios tidos en conta para o cálculo da consolidación do núcleo rural común son os mesmos que para o cálculo do núcleo rural histórico.- tradicional (parcelas con equipamento, zona verde, elemento do catálogo, etc.)

O cálculo da consolidación será polo tanto a relación existente entre o número de parcelas edificadas existente e o número de parcelas edificables resultantes de aplicar os parámetros do plan, expresado coma porcentaxe.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Hai que ter en conta que comprobouse a consolidación para cada bolsa de solo de núcleo rural común de xeito independente (de existir mais dunha), tal coma se amosa na táboa que segue:

PQ	NÚCLEO		GRAO DE CONSOLIDACIÓN NR COMÚN
ARES	O ALTO DE SIMOU		50,00
	BESOXO		53,30
	CAMIÑO DE PEDRÓS		40,00
	LOUREIROS		47,40
	LUBRE		44,70
	MAIOBRE		54,50
	PEDRÓS	Pedrós 1	41,70
		Pedrós 2	46,70
	O PENEDO		59,20
CAAMOUCO	CARBALLÁS		40,60
	CURMÁ - MAZAIDO - AS PEZOAS		45,90
	O RASO		49,30
	IXOBRE		33,30
	A MALATA		42,40
	O OUTEIRO DE BARRACIDO		33,30
	O PALLIZO		52,60
	SESELLE	Seselle 1	33,30
		Seselle 2	88,90
CERVÁS	CERVÁS	Cervás 1	57,90
		Cervás 2	33,30
	CHANTEIRO	As Penas-Pedrachá	50,00
		O Corro	55,90

Os asentamentos coloreados en laranxa son núcleos cunha parte tradicional e outra común.

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

A continuación amósase un cadro resumo coa densidade e consolidación dos **núcleos rurais** resultantes, así coma o número de vivendas tradicionais e recentes que quedan no interior dos mesmos:

PQ	NÚCLEO	Nº VIV EXISTENTES		GRAO DE CONSOLIDACIÓN NR	
		TOTAL	TRADICIONAIS	TRADICIONAL	COMÚN
AR	O ALTO DE SIMOU	6	1	-	50,00
	BESOXO	19	3	-	53,30
	CAMIÑO DE PEDRÓS	7	0	-	40,00
	LUBRE	62	32	66,05	44,70
	MAIOBRE	17	8	-	54,50
	PEDRÓS	38	13	70,60	44,20
	LOUREIROS	9	0	-	47,40
	O PENEDO	28	4	-	59,20
	SAN ROQUE	3	3	100,00	-
CA	CARBALLÁS	25	1	-	40,60
	CURMÁ - MAZAIDO - AS PEZOAS-O RASO	45	23	63,23	47,60
	IXOBRE	17	13	56,90	33,30
	A MALATA	16	7	62,50	42,40
	O OUTEIRO DE BARRACIDO	46	35	65,30	33,30
	O PALLIZO	8	1	-	52,60
	RODELAS	7	3	53,80	-
	A RÚA	2	2	100,00	-
	SESELLE	37	20	82,50	61,10
	A SOLAINA	7	5	66,70	-
CE	CARBALLO	6	5	50,00	-
	CERVÁS	188	153	74,57	45,60
	CHANTEIRO	178	80	76,50	52,95
	TOTAL	771	412	70,62	47,292

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente documento refundido do PXOM do Concello de Ares recolle o cumprimento das condicións e correccións conforme á Orde do 5 de febreiro de 2020, de aprobación definitiva parcial do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Ares publicada no DOG nº 31, de data 14 de febreiro de 2020 e do informe de data 14 de agosto de 2020

En Ares, a 9 de setembro de 2020

Este estudo reflíctese ademais, tanto nas fichas de información dos núcleos rurais recollidas no anexo ao documento de Análise do Modelo de Asentamento Poboacional, coma nas fichas de ordenación que acompañan aos planos de ordenación dos núcleos rurais, así coma nas fichas de consolidación realizadas no anexo ao presente documento da Memoria Xustificativa.

Capacidade de acollida

Coma resultado da delimitación dos núcleos rurais, obtense unha **capacidade de acollida** para cada un deles: contabilízanse as parcelas edificables de cada núcleo segundo os criterios establecidos no presente documento para a cálculo de consolidación, tendo en conta as posibles segregacións e agrupacións.

